



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

PLAN DE EMERXENCIA MUNICIPAL (PEMU) DO CONCELLO DE AVIÓN



Proxecto cofinanciado nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020

OT 5. “Frear o cambio climático”



**FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO
REXIONAL**

“Unha maneira de facer Europa”

UNIÓN EUROPEA

ÍNDICE

DECLARACIÓN DE INTENCIONS

1. DEFINICIÓN, OBXECTIVOS E MARCO LEGAL

1.1. INTRODUCCIÓN

1.2. DEFINICIÓN

1.3. OBXECTIVOS

1.4. ANTECEDENTES E MARCO LEGAL

ANTECEDENTES

DATOS HISTÓRICOS

MARCO LEGAL

1.5. GLOSARIO DE TERMOS

2. ÁMBITO XEOGRÁFICO E IDENTIFICACIÓN DE RISCOS NO CONCELLO DE AVIÓN

2.1. ÁMBITO XEOGRÁFICO

RESEÑA HISTÓRICA

2.1.1. SITUACIÓN

2.1.2. INFRAESTRUCTURAS DE COMUNICACIÓN

2.1.3. COMARCA DO RIBEIRO

2.1.4. RELEVO DE AVIÓN

AS SERRAS

HIDROXEOLOXIA

UNIDADES HIDROXEOLÓXICAS

2.1.5. LITOLOXÍA

ROCHAS GRANÍTICAS

ROCHAS METASEDIMENTARIAS

ROCHAS FILONIANAS

XEOTECNIA

2.1.6. CLIMATOLOXÍA

TEMPERATURA

PRECIPITACIÓN

VENTOS

ÍNDICES CLIMÁTICOS

2.1.7. SOLOS

SOLOS SOBRE GRANITOS

SOLOS SOBRE MECAXISTOS

APTITUDES AGRONÓMICAS



2.1.8. BIOCLIMATOLOXÍA

ÍNDICES BIOCLIMÁTICOS

PISOS BIOCLIMÁTICOS

SERIES DE VEXETACIÓN

ESTADO VEXETACIÓN ACTUAL

ESPACIOS PROTEXIDOS

2.1.9. DEMOGRAFÍA

ENTIDADES DE POBOACIÓN

DENSIDADE DE POBOACIÓN

DINÁMICA E ESTRUCTURA DEMOGRÁFICA

2.1.10. ECONOMÍA

ACTIVIDADES ECONÓMICAS DO CONCELO

AGRICULTURA

INDUSTRIA

SECTOR TERCIARIO

2.1.11. POBOAMENTO

2.1.12. INFRAESTRUCTURAS

ABASTECIMENTO DE AUGA

SANEAMENTO

EQUIPAMENTO SANITARIO

OUTRAS INFRAESTRUCTURAS

2.2. ANÁLISE DE RISCOS

2.2.0. IDENTIFICACIÓN DOS RISCOS NO CONCELLO DE AVIÓN

2.2.1. RISCOS NATURALS

XEADAS

CHOIVAS INTENSAS E INUNDACIÓS

RISCO SÍSMICO

SECA

2.2.2. RISCOS INDUCIDOS POLO HOME

RISCOS TECNOLÓXICOS

TRANSPORTES DE MERCADORÍAS PERIGOSAS

INCENDIOS FORESTALS

INCENDIOS URBANOS E INDUSTRIAIS

OUTROS RISCOS INDUCIDOS POLO HOME

CONCENTRACIÓNS HUMANAS

ACCIDENTABILIDADE VIARIA

(RESUMO)

2.2.3. ANÁLISE DE CONSECUCIÓNS

XEADAS



TEMPORAIS DE CHOIVA E INUNDACIÓNS
SECA
RISCO SÍSMICO
RISCOS TECNOLÓXICOS
TRANSPORTE DE MERCADORÍAS PERIGOSAS
INCENDIOS FORESTAIS
INCENDIOS URBANOS
OUTROS RISCOS INDUCIDOS POLO HOME
CONCENTRACIÓNS HUMANAS
ACCIDENTES NA REDE VIARIA

3.- ESTRUCTURA, ORGANIZACIÓN E FUNCIONS

3.1.ESQUEMA XERAL DA ESTRUCTURA ORGANIZATIVA CRITERIOS EMPREGADOS PARA A DISTRIBUCIÓN DO PERSOAL EN ACTUACIÓNS OPERATIVAS

3.1.1.DIRECCIÓN

3.1.2.COMITÉ ASESOR

3.1.3.XUNTA LOCAL DE PROTECCIÓN CIVIL

3.1.4. DIRECTOR TÉCNICO DA EMERXENCIA

3.1.5. GRUPOS DE ACCIÓN

3.1.5.1. GRUPO DE INTERVENCIÓN

3.1.5.2. GRUPO DE SANIDADE

3.1.5.2 GRUPO DE TRANSMISIÓNS

3.1.5.3 GRUPO DE SEGURIDADE

3.1.5.4 GRUPO LOXÍSTICO

3.1.5.5 GRUPO DE REHABILITACIÓN

3.1.6. SERVICIOS DE EMERXENCIA MUNICIPAIS

3.1.7. INTERRELACIÓN CO NIVEL SUPERIOR

4.- PROCEDEMENTOS DE COORDINACIÓN OPERATIVA

4.1. CECOPAL

4.2. POSTO DE MANDO AVANZADO (PMA) DIRECCIÓN TÉCNICA DO POSTO DE MANDO AVANZADO (P.M.A.)

4.3. AUTORIDADES ÁS QUE É NECESARIO COMUNICAR LA EMERXENCIA

4.4. MECANISMOS DE INFORMACIÓN Á POBOACIÓN

5. OPERATIVIDADE

5.1.OPERATIVIDADE

5.2.SITUACIÓN DE ALERTA

5.3.ALERTA 0 (CERO)



- 5.4. MERXENCIA DE NIVEL 0 (CERO)
- 5.5. INTEGRACIÓN E INTERFASE COS NIVEIS SUPERIORES
- 5.6. PROCEDEMENTOS OPERATIVOS
 - 5.6.1. MEDIDAS PROTECCIÓN E ACTUACIÓN
 - 5.6.2. PROCEDEMENTOS OPERATIVOS PARA A POBOACIÓN
 - 5.6.3. MEDIDAS DE SOCORRO E RESCATE
 - 5.6.4. LUGARES DE REFUXIO OU ILLAMENTO
 - 5.6.5. EVACUACIÓN
 - 5.6.6. NORMAS RELATIVAS A EVACUACIÓN
 - 5.6.7. PROTECCIÓN DE BENS
 - 5.6.8. DETERMINACIÓN DE MEDIDAS PROTECTORAS
- 5. **MANTEMENTO DA OPERATIVIDADE**
 - 6.1. PROGRAMA DE FORMACIÓN DOS GRUPOS DE ACCIÓN
 - 6.2. PROGRAMA DE SIMULACROS
 - 6.3. PROGRAMA DE INFORMACIÓN Á POBOACIÓN
 - 6.4. PROGRAMA DE REVISIÓN E ACTUALIZACIÓN DO PLAN
- 6. **CATÁLOGO DE MEDIOS E RECURSOS**
 - 7.1. DEFINICIÓN
 - 7.2. PROCEDEMENTO DE ACTUACIÓN PARA A CATALOGACIÓN
 - 7.3. SISTEMA DE CODIFICACIÓN
 - 7.4. DICCIONARIO DE TERMOS
 - 7.5. CATALOGACIÓN E ACTUALIZACIÓNS
- 7. **NOTIFICACIÓNS**

ANEXOS



ANEXOS

- A.I. DIRECTORIO TELEFÓNICO
- A.II. PLAN DE TRANSMISIONS
- A.III. CARTOGRAFÍA
- A.IV. MANUAIS OPERATIVOS DOS GRUPOS DE ACCIÓN
- A.V. CATÁLOGO DE MEDIOS E RECURSOS
- A.VI. DETERMINACIÓN DE RISCOS
- A.VII. RISCOS IDENTIFICADOS NO CONCELLO
- A.VIII. PROGRAMA DE EXERCICIOS E SIMULACROS
- A.IX. MANUAIS ESPECÍFICOS DE USO PARA CADA UN DOS RISCOS
- A.X. PROCEDEMENTOS DE CATALOGACIÓN EMPREGADOS
- A.XI. LUGARES DE REFUXIO
- A.XII. ELABORACIÓN DE PLANS DE ACTUACIÓN MUNICIPAL.
- A.XIII. PLAN DE ACTUACIÓN ANTE O RISCO DE INCENDIOS FORESTAIS
- A.XIV. PLAN DE ACTUACIÓN ANTE RISCO SÍSMICO
- A.XV. PLAN DE ACTUACIÓN ANTE O RISCO DE MERCADORÍAS PERIGOSAS
- A.XVI. PLAN DE ACTUACIÓN POR INCENDIOS URBANOS



DECLARACIÓN DE INTENCIONES

Logo de disponer dun PEMU homologado neste municipio pretendemos dar continuidade ó memo.

O Plan que de seguido se expón é un documento composto de varios apartados que, xuntos, definen as características particulares do Concello de Avión, os riscos ós que está sometido, a estrutura de mando, os procedementos de actuación, a operatividade, os medios cos que se contan para actuar e información adicional relacionada co Concello, co obxectivo de que as actuacións que se leven a cabo nun caso de emerxencia non sexan froito da improvisación e que a resposta a dar sexa o máis adecuada á incidencia acontecida.

O Plan, seguindo a estrutura da Normativa legal vixente (PLATERGA), estrutúrase nos seguintes apartados:

- Definición, obxectivos e marco legal do Plan, con especial referencia as situacións de perigo que se viviron no Concello e a normativa legal aplicable.
- Ámbito xeográfico no que se aplica este Plan con estudos pormenorizados do relevo, climatoloxía, poboación e infraestructuras máis importantes.
- Análise de riscos ós que está sometido o Concello, con indicación da súa incidencia, e o análise das consecuencias que produciron ou poden producir estes riscos.
- Estructura de mando e organización dos medios chamados a intervir neste Plan, procedementos de coordinación e operativa a seguir en cada caso.
- Catálogo de medios e recursos cos que se conta para actuar en situacións de risco ou emerxencia, incluíndo o procedemento de catalogación empregado que fai que este Catálogo sexa compatible co autonómico e co nacional.
- Procedementos formais de notificación da inclusión neste Plan ó persoal chamado a intervir.
- Diversos anexos con información complementaria, cartografía, directorio telefónico e Plans de Actuación Municipal que complementan este PEMU en riscos de especial incidencia no Concello.



En definitiva, un completo documento que é a primeira e principal ferramenta de loita contra as emerxencias que se podan producir no Concello de Avión, e do que se derivan as aplicacións informáticas que se poden empregar para o control da activación e o análise de riscos que o complementan e facilitan o seu uso.

Obviamente este é un documento vivo polo que debe ser actualizado en canto a novos riscos que poidan aparecer, modificación dos existentes, nova valoración dos coñecidos, cambios en infraestructuras que modifiquen ou afecten a valoración de riscos, cambios de titularidade de medios ou cambios de organización ou persoal para manter a súa vontade inicial de ser un instrumento útil e práctico na xestión das emerxencias.



1. DEFINICIÓN, OBXECTIVOS E MARCO LEGAL

1.1. INTRODUCCIÓN

O artigo 8 da Lei 2/1985, de Protección Civil, do 21 de xaneiro, prevía un desenvolvemento Normativo posterior sobre esta materia. Como consecuencia disto a Comisión Nacional de Protección Civil aprobaba en outubro de 1991 A Norma Básica de Protección Civil, publicada no BOE do 1 de maio de 1992 (R.D. 407/1992, do 24 de abril).

Esta Norma:

- Constitúe o marco fundamental para a integración dos plans de Protección Civil nun conxunto operativo e susceptible dunha rápida aplicación.
- Determina o contido do que debe planificarse.
- Establece os criterios xerais a que debe acomodarse esta planificación para conseguirla coordinación necesaria entre as distintas Administracións Públicas.
- Define os ámbitos nos que se exercerán as responsabilidades e competencias de cada unha delas en materia de protección civil.

En Galicia, o Plan Territorial de Protección Civil da Comunidade Autónoma, en adiante PLATERGA, a partir da súa configuración como Plan Director, fixa o marco organizativo xeral en relación co seu correspondente ámbito territorial, de maneira que permite a integración dos plans territoriais de ámbito inferior, (P.E.M.U, P.A.M.¹) ó defini-los elementos esenciais e permanentes do proceso de planificación e establecer directrices para a planificación de ámbito local.

Este Plan Director (referente de tódolos Plans de ámbito inferior) foi informado favorablemente pola Comisión Galega de Protección Civil con data do 21 de xuño de 1994, aprobado polo Consello de Xunta de Galicia na súa reunión do día 14 de xullo de 1994 e, finalmente homologado pola Comisión Nacional de Protección Civil na súa reunión do 30 de setembro de 1994.

¹ PEMU: Plan de Emerxencias Municipal PAM: Plan de Actuación Municipal.

Este PEMU está acompañado polos PAM máis adiante refenciados, que son complemento ó mesmo.



O carácter de Plan Director do PLATERGA está de conformidade coa previsión contida no punto 3. 2º do Real Decreto 407/1992, do 24 de abril, que aprobou a Norma Básica de Protección Civil.

Para a elaboración do presente PEMU- de Avión tívose en conta todo o disposto no PLATERGA.

Para á aprobación e homologación do PEMU de Avión seguirase o indicado no apartado 8.3 do Capítulo 8 do Plan Territorial de Protección Civil da Comunidade Autónoma de Galicia (PLATERGA) (Decreto 56/2000 do 3 de marzo) e o recente **Decreto 109/2004, da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local** do 27 de maio, de modificación do **Decreto 56/2000, do 3 de marzo**, polo que se regula a planificación, as medidas de coordinación e a actuación de voluntarios, agrupacións de voluntarios e entidades colaboradoras en materia de protección civil de Galicia e que modifica o procedemento de homologación de ditos Plans.

1.2. DEFINICIÓN

O Plan de Emerxencia Municipal do Concello de Avión, denominado en adiante PEMU-de Avión é un instrumento de carácter técnico, composto por un conxunto de normas e procedementos de actuación que constitúen o sistema de resposta da Administración Local fronte as situacións de emerxencia que se produza no Concello de Avión.

Con este Plan preténdese:

- A prevención de sucesos ou accidentes de impacto negativo para o Concello, evitando a materialización destes mediante a vixilancia, a formación e adestramento dos intervinientes e a formulación de plans e protocolos de actuación.
- A diminución da vulnerabilidade fronte a estas ameazas, mediante unha correcta análise e valoración dos riscos, así como a implantación de medidas adecuadas para facerlles fronte.
- A minimación dos danos e o período de recuperación no caso de que ditas ameazas se produzan no concello, a través dos plans específicos, utilizando os sistemas de coordinación habituais e contando cos medios dispoñibles.



Este Plan de Emerxencia Municipal (PEMU) complementase con información diversa, ademais dos Plans de Actuación Municipal que se inclúen como anexos e o Catálogo de Medios e Recursos, do cal tamén se adxunta copia.

1.3. OBXECTIVOS

O PEMU de Avión ten dúas vertentes: unha preventiva e de autoprotección, e outra claramente operativa.

O obxectivo principal é asegura-la realización de cantas actuacións contribúan a evitar, controlar e reduci-los danos causados polas situacións de emerxencia no Concello de Avión mediante:

- A información á poboación afectada.
- A articulación dun sistema de transmisións que garanta as comunicacións entre os servizos e o Director deste Plan de Emerxencias.
- A protección na zona sinistrada das persoas e dos bens que podan resultar afectados.
- O rescate e salvamento de persoas e bens.
- A asistencia sanitaria ás vítimas.
- A atención social ós damnificados.
- A rehabilitación inmediata dos servizos públicos esenciais

Ademais de:

- Organiza-las funcións básicas de protección civil no Concello de Avión
 - Identificar e analiza-los distintos riscos do Concello de Avión
 - Determina-las medidas de prevención fronte ós riscos detectados.
 - Coordinar tódolos recursos municipais para proceder a dar unha resposta rápida en caso de emerxencia.
 - Informar e conciencia-la poboación sobre os riscos e as medidas de protección.
 - Promover actividades de autoprotección corporativa e cidadá.
-
- Levar a cabo o procedemento de integración do PEMU de Avión no PLATERGA de acordo coas directrices deste.



En definitiva, con este PEMU preténdese dar unha rápida e eficaz resposta á emerxencia producida no ámbito de competencia municipal do Concello de Avión protexendo a vida e os bens dos seus cidadáns.



1.4.ANTECEDENTES E MARCO LEGAL

ANTECEDENTES

Do estudio das situacións de perigo e emerxencia que sucederon o longo do tempo no Concello de Avión, ponse en evidencia a necesidade de ter unha ferramenta, como é este Plan, para poderlle facer fronte a situacións similares que se poden producir no futuro.

Da información recollida, a máis numerosa é a relativa a fenómenos meteorolóxicos adversos, seguida de incidentes nas estradas e casco urbano, nos que a magnitude dalgún deles altera tódalas previsións de resposta.

Por outra lado a demanda de produtos turísticos no Concello de Avión reflectise no aumento de poboación na tempada de verán, o que leva aparellado unha maior necesidade de servizos (incluída a seguridade) e inevitablemente implica un aumento dos riscos antrópicos e tecnolóxicos (maior número de edificios, concentración de persoas, aumento do transporte de mercadorías, maior circulación rodada, incremento de incendios urbanos, etc.) por todo isto o PEMU é unha ferramenta indispensable para actuar en futuras situacións de emerxencia.

DATOS HISTÓRICOS

De seguido indícanse sucesos relevantes que afectaron ó noso Concello en datas pasadas e que se utiliza como punto de partida para determina-los riscos existentes e para prever situacións de perigo.

- Febreiro 1947.Durante os días 20 e 21 un temporal de choivas abateuse sobre Galicia causando inundacións en varias zonas.

O volume total de auga caído foi da orde de 135 l/m².

- Decembro 1959.Grandes enchentes produciron inundacións en Asturias e principalmente en Galicia, producindo cuantiosas perdas.



- Setembro 1969. Un temporal de choivas que afectou a zona noroccidental da Península os días 11 a 15 produciu importantes inundacións que se viron agravadas por unha marea de extraordinaria carreira.
- Xaneiro 1970. Un temporal de choivas descargou o día 13 unha grande cantidade de auga sobre Galicia facendo que os seus ríos presentasen grandes enchentes.
- Febreiro 1972. Un forte temporal de ventos furacanados e choiva desatouse o día 5 sobre Galicia causando graves danos.
- Decembro 1995. Cuantiosas precipitacións en toda Galicia con inundacións localizadas.
- Maio 1997 un dos tremores máis fortes da historia sismolóxica galega. A Xunta, a través da Dirección Xeral de Protección Civil, elaborou sendos plans de actuación ante os riscos sísmicos nas provincias de Lugo e Ourense.
- Marzo de 2000. Fortes choivas con precipitacións que chegaron 130 l/m² provocaron asulagamentos localizados.
- Xaneiro 2001. Temporal de fortes ventos e choiva afectou ó Concello e amplas zonas de Galicia. Foi activado o Platerga.
Houbo constantes cortes de luz.
- Setembro 2002. Galicia ten unha das actividades sísmicas máis altas da península.
- Xaneiro de 2003. Varios días con fenómenos adversos (vento e choiva). O día 8 e 9 houbo diversos problemas circulatorios por mor de placas de xeo nas estradas interiores máis altas.
- Febreiro de 2005. Problemas circulatorios por mor das xeadas.
- Marzo de 2005. Unha vaga de frío provocou temperaturas moi baixas en toda a Comunidade.
- Xaneiro 2005. Unha ola de frío inicia súa retirada tras deixar xeadas intensas na rede viaria. As placas de xeo fan aconsellable tomar precaucións en todas as estradas da provincia por encima dos 700m.
- Decembro 2006. Qué pasaría se Galicia sufrise un sismo de magnitude 5,6? O tremor afectaría a 24 municipios, cunha poboación total de 176.245 residentes das provincias de Lugo e Ourense.
- Agosto 2006. Na provincia de Ourense foron detidas seis persoas dos 40 arrestados en Galicia polos incendios forestais acontecidos na nosa comunidade este verán.



- Agosto 2006.O operativo especial enviado pola DYA permaneceu 4 días nesta comunidade como apoio os servizos de extinción de incendios.O operativo asistencial de DYA composto por 5 ambulancias todo-terreno, 2 vehículos todoterreno de apoio, un hospital de campaña hinchable, e 15 técnicos, encontrase xa nas bases de orixen, despois de traballar intensamente durante esta ponte en Ourense.
- Nadal2005 A provincia de Ourense sofre sete incendios en menos de media hora.
- Agosto2006.Os concellos ourensanos de Avión e Xunqueira de Espadañedo decretan a alerta 1 debido á proximidade das chamas a núcleos de poboación.
- Agosto 2007.Os incendios recentemente en Avión posiblemente orixinados polo lanzamento de fogos de artificio nas festas patronais, poñen en evidencia a necesidade de creación dunha unidade permanente para atender este tipo de emerxencias.O alcalde de Avión reclama a creación dun grupo de emerxencia ante o risco de incendios
- Agosto2006.O alcalde de Avión solicita a declaración de zona catrastófica tras os incendios sufridos este verán. A institución municipal sostén que, este ano o municipio sufriu o terceiro incendio con "maior intensidade" rexistrado en Galicia durante o mes de agosto.



MARCO LEGAL:

En virtude do disposto no PLATERGA realizase o PEMU- de Avión como instrumento no que se determina a estrutura xerárquica e funcional dos organismos obrigados a intervir, establecéndose un sistema de coordinación dos medios e recursos que se poden empregar (tanto públicos como privados) para a prevención e actuación ante situacións de risco no Concello de Avión.

O marco legal do PEMU- de Avión queda constituído por:

- Constitución Española.
- Estatuto de Autonomía de Galicia.
- Lei 2/85, do 21 de xaneiro, sobre Protección Civil.
- Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Real Decreto 407/ 91, do 24 de abril, polo que se aproba a Norma Básica de Protección Civil.
- Directriz básica para a elaboración e homologación dos plans especiais do sector químico. Resolución do 30 de xaneiro de 1991
- Directriz básica de Emerxencia por Incendios Forestais. Orde do 2 de abril de 1993 (BOE do 15 de abril de 1993)
- Resolución do 11/10/94 polo que se aproba o Plan Territorial de Galicia (PLATERGA)
- Directriz básica de Inundacións. Resolución de 31 de xaneiro de 1995 (BOE do 14 de febreiro de 1995)
- Directriz básica de Risco Sísmico. Resolución do 5 de maio de 1995 (BOE do 25 de maio de 1995)
- Decreto 54/96 do 12/1/96 sobre a asignación de funcións ante emerxencias motivadas por variacións extraordinarias no réxime hidrolóxico.
- Directriz básica de Transporte de Mercadorías Perigosas. Real Decreto 387/1996, de 1 de marzo
- Orde do 7/8/96 pola que se aproba o Plan de Protección Civil diante das emerxencias por incendios forestais. (DOG 30/8/96)
- Lei 5/97, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.
- Real Decreto 1254/99 polo que se aproban medidas de control dos riscos inherentes ós accidentes nos que interveñen sustancias perigosas.



- Decreto 56/2000, do 3 de marzo polo que se regula a planificación, as medidas de coordinación e actuación de voluntarios, agrupacións de voluntarios e entidades colaboradoras en materia de protección civil de Galicia.
- Decreto 56/2000, do 3 de marzo polo que se regula a planificación, as medidas de coordinación e actuación de voluntarios, agrupacións de voluntarios e entidades colaboradoras en materia de protección civil de Galicia.
- Resolución 24/5/00 Plan de prevención de accidentes no Transporte de Mercadorías Perigosas. (DOG 8/5/2000)
- Resolución 24 de abril de 2000, da Secretaría Xeneral da Consellería de Xusticia, Interior e Relacións Laborais, pola que se dispoñe a publicación do Plan de Emerxencia por Accidente no Transporte de Mercadorías Perigosas da Comunidade Autónoma de Galicia (Plantransgal)
- Resolución de 26 de xuño de 2001, da Dirección Xeneral de Interior e Protección Civil, pola que se dispón a publicación da revisión e actualización do Plan Especial de Protección Civil ante Emerxencias por Incendios Forestais na Comunidade Autónoma de Galicia
- Resolución de 13 de marzo de 2002, da Dirección Xeral de Interior e Protección Civil, pola que se dispón a publicación do Plan Especial de Protección Civil ante o Risco de Inundacións en Galicia
- Decreto 109/2004, da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local, do 27 de maio, de modificación do decreto 56/2000, do 3 de marzo que modifica o procedemento de homologación de Plans de ámbito inferior ó PLATERGA.
- Orde do 12 de xullo de 2005 pola que se declaran as zonas de especial risco de incendios forestais.
- Lei 10/2006, do 28 de abril, para a que se modifica a lei 43/2003 de 24 de novembro de Montes.
- Orden INT/2967/2006, de 25 de setembro, pola que se determinan os municipios ós que son de aplicación as medidas previstas no Real Decreto-lei 8/2006, de 28 de agosto, polo que se aproban medidas urxentes en materia de incendios forestais na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Lei do 5/2007, do 7 de maio (DOG 94 do 16 de maio do 2007) de emerxencias de Galicia.
- Lei do 3/2007 do 9 abril, de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia (DOG 74 do 17 de abril)



- Orde do 18 de abril 2007 pola que se zonifica o territorio con base de risco especial de incendio forestal
- Decreto 223/2007, do 5 de decembro, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega de Emerxencias.
- Decreto 292/2008, do 30 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Axencia Galega de Emerxencias.
- Lei 7/2012, do 28 de xuño de montes de Galicia.

1.5.GLOSARIO DE TERMOS

Para efectos do PEMU- se Avión defínense os seguintes termos:

ACCIDENTE: Suceso eventual ou acción dá que involuntariamente resulta dano para as persoas ou as cousas.

ACUMULACIÓN DE PRESIÓN: Cando unha mestura de gas combustible e aire se inflama, a chama propágase inicialmente a unha velocidade inferior á do son, producíndose unha deflagración. Ó avanzar a chama, os produtos da combustión actúan como un émbolo, empuxando os gases non queimados e acelerándoos por diante dela.

ADR: Acordo Europeo sobre o Transporte Internacional de Mercadorías Perigosas por Estrada *AFASTAMENTO:* Traslado de persoas desde sectores ou áreas de risco a lugares seguros próximos, utilizando os seus propios medios.

ALARMA: Detección e aviso dun perigo. Primeiro aviso dirixido pola persoa que detecta a emerxencia ó CECOP.



ALERTA: Aumento de atención ou vixilancia.

AVISO: Previr ou advertir dunha situación de emerxencia a persoas, servicios ou entidades con actividade próxima ó lugar do accidente.

BLEVE: Siglas da expresión inglesa Boiling Liquid Expanding Vapor Explosion.

BOE: Boletín Oficial do Estado

BÓLA DE LUME: Chama de propagación por difusión, formada cando unha masa importante de combustible se ascende por contacto con lapas estacionarias contiguas. Fórmase unha lumeirada incandescente que ascende verticalmente e que se consume con grande rapidez.

CACHARELA: Lapa progresiva de difusión ou premestura con baixa velocidade de lapa. Non produce onda de presión.

CACHOADA: Erupción que fai a auga de abaixo cara arriba, elevándose sobre a superficie.

CARTOGRAFÍA OFICIAL: A realizada con suxeición ás prescricións da Lei 7/1986 de ordenación da cartografía, polas administracións públicas, baixo a súa dirección e control.

CATEGORÍA: Clasificación dos accidentes segundo a directriz básica.

CECOP-GALICIA: Central de Coordinación para Operativos de Galicia.

CECOP: Centro de Coordinación Operativo. Está composto polo Comité de Dirección, Comité Asesor e os medios técnicos do CETRA, SACOP e/ou CIN.

CECOPAL: Centro de Coordinación Operativo Municipal

CECOPI: Centro de Coordinación Operativo Integrado.



CENTRO DE COORDINACIÓN E CONTROL: Posto de mando central, provincial ou comarcal desde o cal se dirixe e coordinan as accións da defensa contra incendios.

CETRA: Centro de Transmisións.

CIN: Centro de Información.

COMISIÓN GALEGA DE PROTECCIÓN CIVIL: Órgano colexiado de coordinación en materia de Protección Civil, creada polo Decreto 56/2000, do 3 de marzo.

*COMITÉ AUTONÓMICO DE COORDINACIÓN OPERATIVA
DE*

PROTECCIÓN CIVIL DA XUNTA DE GALICIA: Órgano asesor do director do PLATERGA.

COMITÉ PROVINCIAL DE COORDINACIÓN OPERATIVA DE PROTECCIÓN CIVIL DA XUNTA DE GALICIA: Órgano asesor do director do PLATERGA no nivel 1.

CONFINAMIENTO: Refuxio de persoas en edificios propios ou próximos, susceptibles de atenuar razoablemente os fenómenos perigosos provocados polo accidente.

CUADRILLA DE EXTINCIÓN: Conxunto de 1 capataz e 5 a 9 peóns que actúan directamente contra o lume forestal con ferramentas manuais ou tendidos de mangueras, ou indirectamente mediante traballos na liña de defensa.

CUADRILLA DE HELICÓPTERO: Conxunto de 1 capataz e 5 a 10 peóns que actúa contra o lume forestal con ferramentas manuais ou tendidos de mangueras. Trasládanse en helicóptero.

DANO: Perda ou detrimento causado nos intereses, saúde, valor ou estado dunha persoa ou cousa.

DEFLAGRACIÓN: Combustión de chama premestura progresiva, caracterizada por unha diminución de densidade. A súa propagación é subsónica.



DIRECTOR DE EXTINCIÓN: Persoa que avalía o incendio forestal, dirixe a extinción e vela pola seguridade e o cumprimento das normas establecidas. Figura recollida no Plan Infoga.

DIRECTOR TÉCNICO: Persoa que avalía, dirixe e coordina tecnicamente a emerxencia.

DISPOSITIVO: Conxunto de actuacións encamiñadas a dar resposta diante dunha emerxencia.

DOG: Diario oficial de Galicia.

EFECTO DOMINÓ: Concatenación de efectos que multiplica as consecuencias debido a que os fenómenos perigosos poden afectar, ademais dos elementos vulnerables exteriores, outros recipientes, tubos ou equipos, de tal xeito que se produza unha nova fuga, incendio, rebentón ou estalido neles, que pola súa vez provoque novos fenómenos perigosos, etc.

ELEMENTOS VULNERABLES: As persoas, o ambiente e os bens ou elementos histórico-artísticos que poidan sufrir dano como consecuencia do accidente.

EMERXENCIA: Situación na que o risco se materializa en accidente e é necesario dar resposta axeitada coa intervención de medios e recursos.

EMERXENCIA DE INTERESE NACIONAL: De acordo co punto 2, capítulo 1, da Norma Básica, son emerxencias de interese nacional:

- a) As que requiran para a protección de persoas e bens a aplicación da Lei orgánica 4/1981, do 1 de xuño, regulamentarias dos estados de alarma, excepción e sitio.
- b) Aquelas nas que sexa necesario prever a coordinación de administracións diversas porque afecten a varias comunidades autónomas e esixan unha achega de recursos a nivel suprautómico.
- c) As que, polas súas dimensións efectivas ou previsibles, requiran unha dirección nacional das administracións públicas implicadas.



ENCHENTE: Aumento inusitado do caudal de auga no leito dun río que pode ou non producir desbordamento ou inundacións.

ESTALIDO: Producido por quentamento externo dun recipiente que contén un líquido a presión (ó perder resistencia mecánica o material da parede e estanquidade bruscamente). O estalido é particularmente violento, pois ó estar o líquido interior sobrequentado, prodúcese a súa ebulición a partir da enucleación homoxénea instantánea dunha grande parte del.

EVACUACIÓN: Traslado masivo de persoas que se atopan na zona de intervención cara zonas afastadas dela.

FACTORES DE RISCO: Factores de coincidencia, no espacio e no tempo, provocarían a emerxencia e as súas consecuencias a partir dunha circunstancia desencadenante.

INCENDIO CONTROLADO: É aquel que se conseguiu illar e deter o seu avance e propagación.

INCENDIO DE CHARCO Aplícase a unha combustión estacionaria con chama de difusión dun líquido nun recinto.

INCENDIO EXTINGUIDO: Situación na que xa non existen materiais en ignición en ou dentro do perímetro do incendio nin é posible a súa reprodución.

ÍNDICE DE RISCO: Concepto teórico que permite determinar prioridades técnicas na actuación fronte a un conxunto de situacións de risco. Matematicamente pódese asignar un índice dispoñendo de táboas de probabilidade e gravidade.

INDUSTRIAL: Toda persoa, física ou xurídica, que sexa titular dunha actividade industrial.

INTERFASE: Interconexións de dous plans.



INTERVENCIÓN: Tomar parte de forma organizada nunha emerxencia.

INUNDACIÓN: Anegamento temporal de terreos normalmente secos como consecuencia da achega inusual e máis ou menos repentina dunha cantidade de auga superior á que é normal nunha zona determinada.

MEDIDAS: Preparación e disposición feita anticipadamente para evitar un risco ou executar as actuacións do plan de emerxencia.

MEDIOS: Elementos materiais e humanos que poden utilizarse no plan de emerxencia.

MERCADORÍAS PERIGOSAS: Para efectos de transporte, son aquelas materias e obxectos das cales o transporte nacional e internacional por estrada e ferrocarril estea prohibido ou só autorizado baixo determinadas condicións.

MOBILIZACIÓN: Conxunto de operacións para a activación de medios, recursos e servicios dos diferentes grupos de acción recollidos no PEMU.

MODELO: O procedemento matemático que permite simular a evolución das variables de estado e demais propiedades dun sistema durante o desenvolvemento dun fenómeno físico ou químico.

NIVEL: Fase de actuación.

NOTIFICACIÓN: Comunicación oficial dunha situación ou estado

OPERATIVO: Conxunto de actuacións programadas de antemán diante dun feito coñecido.

PAM: Plan de Actuación Municipal.

PEMU: Plan de Emerxencia Municipal.

PERIGO: Situación de risco con probabilidade alta.



PERÍODO ESTADÍSTICO DE RETORNO: Inverso da probabilidade de que se presente un fenómeno ou situación de risco.

PERSOAL: conxunto de persoas cunha determinada dependencia dunha entidade empresarial ou organismo.

PLAN DE PROTECCIÓN CIVIL: Conxunto de normas de actuación perante unha emerxencia.

PLATERGA: Plan Territorial de Protección Civil da Comunidade Autónoma de Galicia.

POSTO DE MANDO AVANZADO (PMA): Posto de dirección técnica das accións de control e seguimento da emerxencia "in situ".

POSIBEL: Aplícase ó que pode acontecer ou xa aconteceu.

PROBABEL: Dise do que, estadisticamente, é máis doado que aconteza que deixe de acontecer.

PROXECTÍS: Calquera fragmento sólido que proceda das inmediacións do punto no que se produciu unha explosión e que estea dotado de grande cantidade de movemento. En función da súa orixe, divídense ós proxectís en primarios, cando proceden de estruturas en inmediato contacto coa masa explosiva, como é o caso de estoupidos, e secundarios, cando proceden de estruturas próximas á zona da explosión que foron fracturadas pola onda de sobrepresión, como é o caso dunha explosión non confinada.

PUNTO NEGRO: Zona ou lugar que, pola reiteración de accidentes, presenta un alto risco.

PXOU: Plan Xeral de Ordenación Urbana.

RADIACIÓN TÉRMICA: Ondas electromagnéticas correspondentes á banda de lonxitude de onda entre 0,1 e 1.000 m, orixinada polas substancias a alta



temperatura e, en particular, polos produtos de combustión que poden afectar perxudicialmente a seres vivos e instalacións a distancia.

REDE DE COMUNICACIÓNS: Conxunto de medios de telecomunicacións, radioeléctricos e por cable que permiten o enlace entre os CECOPS, centrais de comunicacións e/ou operativos, posto de mando avanzado e postos fixos e móbiles, incluídos medios terrestres, marítimos e aéreos; e, en xeral, de canto elemento interveña nun Plan de Emerxencias.

RISCO: Fenómeno ou suceso de orixe natural ou xerado pola actividade humana, non desexado, que pode producir danos a persoas, bens ou entorno medioambiental.

RID: Regulamento Internacional sobre o Transporte de Mercadorías Perigosas por Ferrocarril (BOE 14-12-1998).

RISCO GRAVE OU CATASTRÓFICO: Refírese á gravidade das consecuencias que pode provocar a emerxencia.

SACOP: Sala de Control de Operativos.

SERGAS: Servicio Galego de Saúde.

SUBSTANCIA PERIGOSA: Todo material nocivo ou perxudicial que durante a súa fabricación, almacenamento, transporte ou uso pode xerar ou desprender fumes, gases, vapores, pos ou fibras de natureza perigosa, xa sexa explosiva, inflamabel, tóxica, infecciosa, radioactiva, corrosiva ou irritante, en cantidades que teñan probabilidade de causar lesións e danos a persoas, instalacións ou medio ambiente.

TERREO FORESTAL: Aquel no que vexetan especies arbóreas, arbustivas, de matogueira ou herbáceas, sexa espontaneamente ou procedan de sementeira ou plantación, sempre que non sexan características do cultivo agrícola ou foran obxecto do mesmo.



112 GALICIA: Centro de Emerxencias 112 Galicia; Centro de atención de chamadas de urxencias e emerxencias a través do número 112 (teléfono único para emerxencias dentro da U.E.) situada en San Marcos (Santiago de Compostela)

UVCE: Siglas da expresión inglesa Unconfined Vapour Cloud Explosion. Deflagración explosiva dunha nube de gas inflamable que se fai nun espazo amplo, a onda de presión do cal acada unha sobrepresión máxima da orde de 1 bar na zona de ignición. Caso de existir estruturas ou obstrucións significativas que poidan restrinxir a súa expansión ó queimarse, séguese aplicando incorrectamente a expresión inglesa. Nestas circunstancias a sobrepresión máxima pode acadar valores de ata oito veces maiores que os anteriores por acumulación de presión.

VAPOR LICUADO: Désígnase como tal neste documento ó líquido de punto de ebulición normal non superior a 20° C.

VEHÍCULO AUTOBOMBA: Conxunto dun vehículo con depósito para o transporte de auga e unha bomba, preparado para a extinción de incendios.

VULNERABILIDADE: Grao de probabilidade de perda dun elemento en risco dado, expresado nunha escala de 0 (sen dano) a 1 (perda total), que resulta dunha inundación de características determinadas.

XUNTA LOCAL DE PROTECCIÓN CIVIL: Comité Asesor de Protección Civil a nivel local.

ZONA DE ALERTA: Aquela na que as consecuencias dos accidentes provocan efectos que, aínda que perceptibles pola poboación, non xustifican a intervención, excepto para os grupos críticos.

ZONA DE INTERVENCIÓN: Aquela na que as consecuencias dos accidentes producen un nivel de danos que xustifica a aplicación inmediata de medidas de protección.



2. ÁMBITO XEOGRÁFICO E IDENTIFICACIÓN DE RISCOS NO CONCELLO DE AVIÓN

RESEÑA HISTÓRICA

Os primeiros indicios de ocupación humana no que hoxe é o municipio de Avión datan da segunda metade da idade de ferro, da cultura castrexa, e mostra deso é a existencia do denominado Castro de San Vicenzo, no monte do Castro. Asentada a poboación de Avión, as primeiras referenzas históricas aparecen no papeis do mosteiro de Melón, do ano 1155, coa doazón do Rubillón co seu couto e o mosteiro sito en Barcia, lugar da antiga parroquia de Melón.

Sen embargo, Avión pertencía ó territorio xurisdiccional de Braga, recoñecido en 1010 polo bispos de Mondoñedo, Astorga, Lugo, Tui, Ourense, Lamego, Coimbra, O Porto e Viseu. Ademais en 1156 o territorio de Avión xa parece pertencer á diocese de Ourense.

En 1215 aparece por primeira e única vez a orde militar dos templarios en Avión, concretamente relacionada coa igrexa de Santo André de Abelenda. Durante o medievo quen cobra importancia é o señorío dos Sarmiento, condes de Rivadavia, que se instaura en 1375. A súa xurisdicción abrangue varias ferigresías: Avión, Abelenda, Amiudal, Barroso, Nieva, Couso e Córcores. Todas tiñan que pagalo tributo denominado *fumaza* que foi anulado por setenza da Real Audiencia de 1812 e eliminado definitivamente por Isabel II en 1837, ante a negativa do pobo a continuar co pagamento.

Co establecemento dos axuntamentos, constitucionais de 1812, este territorio erixíuse en concello co nome de Abión, pertencente á provincia de Galicia e, dende 1820 ó partido de Rivadavia.

Coa división de Galicia en catro provincias en 1822 establecéronse os municipios de Avión e Couso de Avión, intregados na nova provincia de Ourense e no partido de Rivadavia.



Derrogada a Constitución de 1812, volveu á situación do Antigo Réxime e suprimíronse os axuntamentos. Restablecidos o constitucionalismo e máis o municipalismo en 1835, no ano seguinte creouse o concello de Ámiudal, que intregaba ás parroquias da xurisdicción e do primeiro concello de Avión, cambiando soamente de capital.

En 1843 a capital pasou á parroquia de Abelenda, sendo Abelenda de Avión o nome do concello. En 1860 apareceu de novo co nome do concello de Avión, e en 1873, a capital trasladouse definitivamente a esta parroquia.

No que respecta ás comunicacións, co territorio de Avión cobrou relevancia durante a idade media, xa que por alí pasaba un dos camiños oficiais do viño, a ruta comercial entre Rivadavia (capital do Ribeiro) e Santiago de Compostela. Así, este camiño era frecuentado polo bispo Xelmírez nas súas constantes viaxes entre Santiago e Braga.

2.1.1. SITUACIÓN

Alpex.com © 2005
Free use allowed



Situado na provincia de Ourense (Galicia), dentro da Comarca do Ribeiro no occidente ourensano, o Municipio de Avión encontrase na latitude 42° 23' 18", Norte, e lonxitude 8° 16' 22", Oeste.

Altitude: 380m. Súa localización nos mapas, co código xeográfico é o 32.040, o do INE, o 32.004, e nas follas do mapa topográfico nacional (1/25.000) onde dibuxase nas: 186, e 224.

Fai límite coa provincia de Pontevedra, sendo seus lindeiros: polo norte, o municipio de Beariz, polo este os de Boborás e Carballeda de Avia, polo sur, Carballeda de



Avia e Covelo en Pontevedra, e polo oeste os de Fornelos de Montes e da Lama, ambos na provincia de Pontevedra.



Súa extensión territorial é de 120,6 km², o que supón o 1,66% da superficie provincial o 0,41% da gallega. Destacan o seu relevo accidentado, sendo as principais unidades morfolóxicas as serras prelitoriais que forman parte da dorsal galega: Serra do Suído e Serra do Faro de Avión.

Avión pertence ó arciprestado do seu mesmo nome (Avión e Beariz) e englobase dentro do partido xudicial de Ribadavia. As nove parroquias que o constitúen teñen na súa totalidade trinta e seis entidades de poboación distribuídas da seguinte maneira:

Parroquia de San Xusto: Avión, Beresmo, Cernadas e San Vicenzo

Parroquia de Barroso: Barroso e Vilar

Parroquia de Cortegazas: Cortegazas

Parroquia de Nieva: Belecon, Camposancos, Caseiro, Cerdeiroa, La Lagoa, La Mota, Oroso e Porreira.

Parroquia de Amiudal: Amiudal, Espiñeiro e Pascals.

Parroquia de Couso: Couso, Edreira, Penedo, Taboazas e Villariño.

Parroquia de Abelenda: Abelenda, Boeixos, Carixa, Casar do Nabo, Mangüeiro, Mouriscados, Por de Lapa e Rodeiro.

Parroquia de Baiste: Acebedo, Baiste, Liñares e Rubillón.

Parroquia de Corcores: Corcores

Poboacións de Avión:

A Carixa, A Hedreira, Abelenda, Abelenda (Santa Mariña), Acevedo, Amiudal, Amiudal (Santiago), Avion (Santos Xusto E Pastor), Avión, Baiste, Baiste (Santa María), Barroso, Barroso (Santa Baia), Belecon, Beresmo, Boeixos, Camposancos, Casar do Nabo, Caseiro, Cerdeiroá, Cernadas, Cortegazas, Cortegazas (Santo Antonio), Couso, Couso (Santa María), Córcores, Córcores (Santa Mariña), Espiñeiro, A Mota, Lagoa, Liñares, Mangüeiro, Mouriscados, Nieva (Santa María), Oroso, Pascals, Penedo, Por de Lapa, Porreira, Rodeiro, Rubillón, San Vicenzo, Taboazas, Vilar, Villariño



Capital do concello/Provincia: :	San Xusto e Pastor de Provincia de Ourense Concello de Avión
Comarca	O Ribeiro
Comarca: Poboación	Ribeiro 2.730 hab. (INE 2006)
Densidade Área:	22,64 hab./km ²
Área	120,5150,5Km km ² ²
Parroquias	9
Latitude e Núcleos de poboación lonxitude e	4236 ° 22' 2" Norte, 8° 14' 42°22' N;
Latitude e lonxitude	42° 22' 2" N 8° 14' 5" O

Parroquias

Concello: Avión
Parroquias: Abelenda (Santa Mariña)
Superficie: 19,07 Km²
Latitude: 42°23'
Lonxitude: 8°16'
Lugares: Abelenda - Boeixos - Carixa, A - Casar do Nabo - Mangoeiro - Mouriscados - Pordelapa - Rodeiro

Concello: Avión
Parroquias: Amiudal (Santiago)
Superficie: 12,1 Km²
Latitude: 42°24'
Lonxitude: 8°15'
Lugares: Amiudal - Espiñeiro - Pascais

Concello: Avión
Parroquias: Baíste (Santa María)
Superficie: 11,08 Km²
Latitude: 42°26'
Lonxitude: 8°17'
Lugares: Acevedo - Baíste - Liñares - Rubillón



Concello: Avión
Parroquias: Barroso (Santa Baia)
Superficie: 9,68 Km²
Latitude: 42º21'
Lonxitude: 8º14'
Lugares: Barroso - Vilar

Concello: Avión
Parroquias: Córcores (Santa Mariña)
Superficie: 6,82 Km²
Latitude: 42º25'
Lonxitude: 8º15'
Lugares: Córcores


Concello: Avión
Parroquias: Cortegazas (Santo Antonio)
Superficie: 8,38 Km²
Latitude: 42º19'
Lonxitude: 8º13'
Lugares: Cortegazas

Concello: Avión
Parroquias: Couso (Santa María)
Superficie: 16,85 Km²
Latitude: 42º25'
Lonxitude: 8º17'
Lugares: Couso - Hedreira, A - Penedo - Taboazas - Vilaríño

Concello: Avión
Parroquias: Nieva (Santa María)
Superficie: 16,92 Km²
Latitude: 42º20'
Lonxitude: 8º16'
Lugares: Belecón - Camposancos - Caseiro - Cerdeiroa - Lagoa - Mota, A - Oroso - Porreira



MAPA PARROQUIAL



2.1.2. COMUNICACIÓNS AVIÓN

As comunicacións en Avión vertébranse ó longo da estrada comarcal OU-120, que discorre polo concello de noreste a suroeste, partindo case que en dúas metades ó mesmo. Esta vía que o atravesa procedente de Beariz, pasando por Carballeda de Avia, cara a Rivadavia ó sur. Estrada esta que a súa vez enlaza coa N-541 polo leste comunicando as capitais provinciais de Ourense e Pontevedra, pasando pola villa do Carballiño. E a N-VI, A-52, que discorre polos concellos limítrofes do sur así como a cabeceira da bisbarra, Rivadavia. Da OU-120, parten o resto de estradas, pequenas e estreitas pistas cara ás parroquias e ás súas entidades de poboación máis significativas.

Outra vía importante conduce dende San Vicenzo á Caniza ou Pontevedra, atravesando o concello de Covelo.

As distancias coas principais cidades por estrada:

A Coruña: 135 Km.

Ferrol: 161 Km.

Lugo: 13 Km.

Ourense: 41 Km.

Pontevedra: 54 Km.

Santiago: 76 Km.

Vigo: 63 Km.

Todo o trazado está influído polo carácter montañoso da zona, que condiciona a súa forma sinuosa, a pesar de que nas súa maior parte se sitúa nos arredores do encoro e as zonas subyacentes, de topografía máis uniforme.

A pesar desto, as distancias que unen o concello cos principais núcleos de Galicia, e que son reducidas, permite unhas boas comunicacións, aínda que susceptibles de cambios que permitan fomentar a súa posición no territorio.




En canto o transporte colectivo EN AUTOBÚS

Na actualidade varias empresas ofrecen servicios de transporte de viaxeiros a diario e con diferentes frecuencias que comunican o Municipio de Avión con calquer punto da xeografía galega ou nacional.

Auto Industrial: Líneas Regulares con Ribadavia, Ourense y Vigo.

Autocares Rodriguez: Líneas Regulares con Ribadavia y Carballiño.


Empresa García Castro: Líneas Regulares con Vigo y Pontevedra.



Articúlase a rede viaria de Avión como se pode comprobar sobre estradas de pouca entidade, o cal se pon de manifesto se observamos o cadro de titularidades e anchos das mesmas, que amosamos a continuación.


Estradas segundo titularidade e ancho de calzada Quilómetros (ano 2000).	Estado	Comunidade autónoma	Deputación	Municipio
Total	0,00	18,90	12,90	89,50
Menos de 4 m	0,00	0,00	0,00	85,30
De 4 a 6 m	0,00	0,00	12,90	4,20
De 6 a 8 m	0,00	18,90	0,00	0,00
Máis de 8 m	0,00	0,00	0,00	0,00


Ministerio de Administraciones Públicas.



Estradas segundo titularidade e tipo de firme

Ano 2010	Estado	Comunidade autónoma	Deputación	Municipio
Total	0,00	18,90	12,90	89,50
Mestura vituminosa	0,00	0,00	8,20	0,00
Regos asfálticos	0,00	18,90	4,70	87,90
Formigón	0,00	0,00	0,00	1,60
Adoquín, Macadam, zahorra, terra e outros tipos	0,00	0,00	0,00	1,60





OUTRAS VÍAS DE COMUNICACIÓN

Camiños comerciais medievais do viño, tamén denominado Camiño do Arrieiro a ruta era de Ribadavia a Santiago de Compostela.

Os "Camiños medievais do viño", son sen dúbida, unha das rutas máis importantes do comercio dende as poboacións comerciais ata as urbes medievais. Ribadavia que sempre foi capital do Ribeiro, era unha das maiores abastecedoras do viño as



ciudades de Vigo, Santiago, Pontevedra e A Coruña, sen olvidar que fixeron exportacions a Inglaterra e Portugal, usando o río Miño como medio navegable.

Pero para poder abastecer estas urbes, existían uns caminos oficiais, onde os "arrieros" levaban seus carros cheos de pipotes e tirados por bois, esos camiños buscaban fundamentalmente as distancias máis cortas e posibles.

Parte destes camiños convertíronse co comercio e ca peregrinación, como vínculos de unión entre pobos e terras con Santiago de Compostela.

O "camiño do viño" do Ribeiro, naquela época, partía de Ribadavia e subindo por Vilar de Condes, cruzaba as terras de Avión, pola Serra do Suído para seguir a Santiago onde entraba pola porta de Mazarelos, tamén conocida como a porta do vino.

Éste camiño frecuentado principalmente polo Bispo Gelmires, o pai dos camiños xacobeos, nas súas constantes viaxes Braga-Santiago e viceversa, pasaba polos Chouzos do Suído, o que de seguro faía posibel a comunión entre os viaxeiros e os nativos de Avión.

Trátase este dun camiño de gran interés turístico-cultural e susceptible de ser recuperado polo concello.



2.1.3. COMARCA DO RIBEIRO



Extensión	Población (ano 2013)	Tª Máx. (media anual)
407 km ²	17.808 hab.	20 °C
Tª Mín. (media anual)	Precipitacións (media anual)	
5°C	1214 mm	

A **comarca do Ribeiro** localízase no curso medio do río Miño e débelle o nome ao viño do Ribeiro, que a percorre de norleste a suroeste. Ocupa unha superficie de 407,1 km², nos que viven 17.808 habitantes no ano 2013, e pertencen a ela os concellos de A Arnoia, Avión, Beade, Carballeda de Avia, Castrelo de Miño, Cenlle, Cortegada, Leiro, Melón e Ribadavia. Poseedora dunha rica historia, O Ribeiro é terra de vocación vinícola dende antigo, e Ribadavia foi capital do reino de Galicia no século XI.

O gran val do río Miño, no seu tramo medio, é o que articula estas terras a través dos vales dos seus tributarios Avia e Arnoia, orlados, a sua vez, por altas serras ó norte da comarca. O Miño está represado nos encoros de Castrelo de Miño e da Frieira. Existen varios balnearios que aproveitan as augas. Desde a Serra do Suído e Faro de Avión, ao oeste, onde se chega ao 1.000 de altitude, o relevo desce até só 97m. en Ribadavia e Arnoia.

O clima é de transición oceánico-mediterráneo. Suas precipitacións se sitúan entre as máis baixas de Galicia, caracterizándose a súas temperaturas por uns invernos frescos e veranos moi cálidos e secos. O microclima seco e cálido, pero con unha humidade durante o período invernal é propicio para o cultivo do viñado. O relevo montañoso e resguardado da influencia oceánica, favorece o cultivo da vide que é a característica dominante da paisaxe, ocupando casi a totalidade das ladeiras e hondanadas nos terrenos de Ribadavia, Castrelo de Miño, Cenlle, Beade, Leiro e Carballeda, así como as pendentes mellor orientadas e soleadas dos municipios limítrofes.

O sector agropecuario continúa sendo un importante pilar da economía da comarca, representando casi o 40% da poboación ocupada. En segundo lugar encontrase o sector terciario, seguido da industria e a construción.



O sector agropecuario baséase fundamentalmente no cultivo do viñado e dos produtos da horta. A horticoltura, fruticultura e floricultura extendense pola maioría dos municipios da comarca con especialidades concretas, como o cultivo de froes e xudías, así como tomate, leituga, coliflor, pementos, etc.

A superficie inscrita baixo Denominación de Orixe do Ribeiro ronda as 3.000 hectáreas, que se localizan en torno os vales dos tres mencionados ríos, cunha densidade de plantación de 7.000 cepas por hectárea e unha produción máxima autorizada de 30.000 kilogramos por hectárea.

Nas zonas máis elevadas, onde as condicións meteorolóxicas se recrudecen, esta agricultura desaparece deixando paso a unha orientación gandeira, de pequenas explotacións de gando bovino, así como algunhas granxas porcinas e avícolas.

Outra actividade relacionada co aproveitamento dos recursos endóxenos é a explotación de rochas industriais de granito e pizarras, vinculada principalmente coa construción, que na actualidade reciben un parón importante pola crise acaecida nos últimos anos.

As actividades empresariais encontran súa maior forza na industria da madeira, centrada na fabricación de mobles e ataúdes. Por outro lado, a presenza dos ríos Miño, Avia e Barbantiño, da orixe a bonitas paixaxes naturais que, xunto co variado patrimonio artístico, son aspectos básicos para o desenvolvemento de iniciativas de turismo rural.

A Comarca do Ribeiro é unha das zonas máis dinámicas da deprimida provincia do interior grazas as remesas de cartos que aportan os emigrantes retornados, e do que é un exemplo o concello de Avión.

A pesar de todo a tendencia poboacional é o descenso da poboación como no resto da comunidade. Podemos observar un forte **decrecemento poboacional** con poucas vistas de recuperación. Os datos do último PEMU reflexaban unha poboación da comarca de mais de 20.000 habitantes e pasamos a estar por debaixo dos 18.000 habitantes.



2.1.4. RELEVO

A situación do concello, limitado ó oeste pola serra do Suído e ó sur pola serra do Faro de Avión, explica a mobilidade do relevo. A alteración serra-val é nítida. A topografía combina a existencia de relevos residuais instalados sobre vellas superficies de aplanamento profundamente escavadas polos ríos. A importancia das fracturas nos límites das serras explica en gran medida as características da rede hidrográfica. A fracturación permite diferenciar varios niveis de aplanamento, onde os superior se atopa por riba dos 1.000 metros. Destacan o coto de Puza (1.027 metros) e o coto Miñoto (1.048), na serra do Suído. Este relevo desenvólvese sobre rocas graníticas e metamórficas de tipo xistoso, materias que xogan un papel máis destacado na configuración topográfica do Faro de Avión. As formas resultantes presentan unha gran pesadez e masividade nos niveis superiores que dará paso, a medida que descende a altitude, a unhas superficies moi degradadas pola morfoxénese fluvial que, seguindo con frecuencia a dirección norte-sur resultante da tectónica, escava profundamente as distintas superficies aplanadas de escaso desenvolvemento espacial.

No nivel de aplanamento superior predominan os solos de tipo litosos e ránker.

O primeiro é un solo rocosos, con escaso desenvolvemento (menos de dez centímetros). O tipo ránker aparece sobre rocas silíceas e está pouco desenvolvido verticalmente. Este nivel ocúpo as gramíneas. A medida que se descende de altitude diminúne a intensidade dos procesos erosivos e xorden solos de tipo ránker. O primeiro ten aspecto escuro e humus bruto, resulta moi permeable e alimenta unha vexetación pouco esixente (ericáceas). Nos sectores de menor pendente desenvólvese un ránker rico en materia orgánica, onde predomina o breixo. Na actualidade estes solos foron obxecto de repoboacións forestais. Por último, nas terras máis baixas do municipio hai unha secuencia máis evolucionada con tipos de ránker e cambrisol dístrico formados sobre rocas ácidas e en xeral pobres. Os solos de cultivo foron transformados considerablemente pola acción antrópica, que proporcionou grandes cantidades de materia orgánica (estrume).



O Suído é fonte de moitos ríos, o máis destacable destes é o Avia, principal afluente do río Miño, que nace en Fonte Avia (1.053 metros) e Couso, afluente do Avia. Pola outra vertiente destacan o río Verdugo, o Cubeta ou Folgoso, que terminan todos en augas do Atlántico. O río Avia o seu paso por Avión da forma ó embalse de Albarelos.

Presenta fortes pendentes, sobre todo nas vertientes orientadas cara o este, e unha climatoloxía caracterizada polas abundantes chuvias (2862 mm) o que orixina frecuentes correntes de agua, de curso inestable que, co paso do tempo, formaron pequenos precipicios. As temperaturas suelen ser suaves nos meses de maior calor (arredor dos 17,4 grados en xullo) e frías en inverno (sobre os 5,1 grados nos meses de febreiro). As características do poboamento dos concellos comprendidos nesta zona se resumen na dispersión favorecida pola configuración do relevo, a altitude e os microclimas que se forman nas vertentes de diversa insolación e aporte hídrico.

A parte alta do Suído, están permanentemente cubertas da herba verde, pasto tierno para cabalos e vacas, existindo unha variedade enana de toxos, ou "toxo sañado" (*ulex nanus*). Nas zonas onde aflora a auga, hai moita humidade no suelo, onde comencan a formarse conos de recepción, aparecen os feitos (*pteris aquilina*). Non faltan nestas zonas xestas, (*sorothamus cantabricum*), un "codeso" cítiso (*cytiscus albus*), hai ademais según baixamos, outra planta que servía de cama a animais e pastores e que ademais era utilizada como combustible para encendelas fogueiras, "a carqueixa", (*gensita tridentata*). Non falta nestos altos unha especie, o "piocám", ésta aparece nos tellados dos chouzos, xunto con musgos que abundan, sobre todo, alí onde hai pouca terra en que sustentarse, como poden ser os pedregais onde persiste a humidade.

Outra planta que na actualidade é a máis abundante e que vai aparecendo a medida que descendemos é o pino bravo (*pinus pinaster*) extendido pola repoboación. Seguindo co descenso aparecen as silvas, zarzas (*rubus fruticosus*) e entre as arbustivas menores a "quiruela" (*erica umbelata*), que aparece nos clareados das zonas máis cálidas. Florece entre abril e xullo, dando ó monte tonalidades rosáceas que contrastan coas acacias (*mimosa pudica*) e toxos, que



dan unha flor amarilla. Nas zonas de moita humedade hai eucaliptus, árboles orixinarios de Australia, e introducidos no sur de Europa a finais do século pasado. En zonas máis áridas hai algún (quercus sauber), especie en fase de extinción igual que o castaño (castanea vulgaris), así como a totalidade do bosque caducifolio.

A serra do Suído, tivo e ten unha grande importancia para os labregos que viven as súas beiras, aínda hoxe se poden ver os chozos do Suído, que durante séculos foron usados polos poboadores de case todas as parroquias do Concello de Avión. Alá levaban o gando nos veráns, ó sitio que os labregos lle chaman sesteiros, que é unha zona case que reservada para o gando de cada aldea, aínda hoxe existen o sesteiro da Abelenda, do Rodeiro, dos Boeixos, e de case que todos os pobos do arredor. Pódense ver os chozos subindo por unha estrada que se atopa en Nieva, ou por outra que hai no lugar de Mangueiro ou indo do Espiñeiro, na parroquia da Amiudal cara a Edreira.

No alto da serra, vindo de Beariz cara a Pontevedra, está a Portela da Cruz, nela podense atopar vestixios dun camiño moi antigo, que se chama a Vereas, e que era unha vía de comunicación moi importante para toda a zona, xa que atravesa todo o Suido e chega ou chegaba cando menos a Graña, xa en Pontevedra. Suponse que foi parte dun camiño real que se enlazaba con outros que viñan dende Castela e Euskadi, e remataba na Coruña.

Con relación aos espazos da Dorsal Galega atopámonos coa curiosa circunstancia de que a Serra do Suído é na actualidade a única Serra da Dorsal Galega que representa o mellor estado de conservación dos hábitats propios de cume e ladeira e que son característicos da media montaña propia de Galicia.


Boa parte desta riqueza é resultado dos aproveitamentos agrogandeiros tradicionais de montaña, sendo esta área un dos poucos exemplos que representan con maior pureza os elementos derivados desta transformación, polo que resulta inexplicábel a súa exclusión da proposta oficial da Xunta de Galicia, para formar parte da rede europea Natura 2000.



A serra do Suído é unha das principais áreas para as aves rapaces de Galicia, ó destacar as boas características que reúnen os seus hábitats para estas especies. A cría de bufo real, a existencia dunha colonia de rapiña cincuenta e a presenza de aguiá real, aguiá albela, voitre leonado, voitre negro, gatafornela, falcón peregrino, falcón pequeno, miñato abelleiro, azor e ganbián (especies de interese comunitario) avalan a importancia deste territorio.

Tamén destacamos a existencia na serra dunha das mellores poboacións de lobo ibérico da península, sendo esta área a de maior densidade, coa de cinco núcleos familiares. Nesta serra encontraremos os Chozos do Suído.

E isto débese precisamente por ser o último grande espazo da Dorsal en ser ocupado por instalacións eólicas. Ser o único grande espazo da Dorsal Galega que non foi incluído na Rede Natura 2000, a pesar de considerarse por multitude de especialistas e informes internos da anterior administración galega coma unha das áreas máis idóneas da Dorsal Galega para ser incluída na Rede Natura 2000. E que só os intereses especulativos relacionados, entre outros, con futuras solicitudes de permisos de canteiras de granito e desenvolvemento de parques eólicos, levou a que de xeito premeditado a anterior Consellería de Medio Ambiente obviara a súa inclusión na Rede Natura 2000.




Proposta Serra do Suído



HIDROXEOLXIA

A rede hidrográfica organízase en torno ó alto val do río Avia, que ten as súas fontes na serra o Suído, nas proximidades do Coto Miñoto, no lugar de Fonte Avia (pertencente a parroquia de Nieva) no mesmo concello de Avión. Ten na súa cabeceira , de dirección nortesur, un cañón que traduce a impotancia da litoloxía e a fracturación. Encaixado nunha fractura , sinala o contacto litolóxico dos xistos ó oeste e os granitos o leste. Os seus principais afluentes pola dereita, con cabeceiras no Faro de Avión, son o Valdeiras e o Folós, que evidancian tamén a importancia da fracturación , presentando unha dirección norte-sur. Pola esquerda recibe numeros afluentes con cursos de escaso desenvolvemento superficial que descenden do Suído salvando un importante desnivel. Este tradúcese en varias ocasións na existencia de pequenas fervezas, entre as que destaca o do río Avión. Son leitos de rixime pluvial que presentan os seus máximos caudais entre os meses de novembro e febreiro.



Avia segue unha dirección SO-NL até chegar ao **encoro de Albarellos**, entre os concellos de Leiro, Boborás e Avión. Despois do encoro segue até Boborás, vira cara o SL, desde Leiro até Ribadavia, lugar onde desemboca tras percorrer un total de 36,7 Km.




O encoro de Albarellos recolle gran cantidade de ríos e regatos: o Avia, Couso, Cardelle, Folós, Valdeiras e un largo etc. Todos eles no 2002 en bastante bo estado.

O encoro de Albarellos foi inaugurado en 1971, ocupa unha superficie de 336ha. Posúe unha potencia instalada de 59 MW., cunha enerxía productible ó ano de 114 Gwh.O encoro posúe forma de cúpula, cunha lonxitude de 285m.e unha altura de 90m.

O volume de auga posible encorada é duns 90.7 Hm3. A evolución das auga embalsada mostráanse na taboa seguinte:

Embalse: ALBARELLOS		
Agua embalsada (15-11-2016):	21 hm³	23.08 %
Variacion semana Anterior:	1 hm ³	1.10 %
Capacidad:	91 hm ³	
Misma Semana (2015):	31 hm ³	34.07 %
Misma Semana (Media 10 Años):	29 hm ³	32.09 %




Da explotación do encoro encárgase a empresa Unión Eléctrica FENOSA.

Os ríos Avia e Valdeiras cerca de Beresmo, son ríos limpos, cuns pozos de 3 a catro metros, dignos de conservar. O tramo do río Avia entre Albarellos-Ribadavia: Está moi afectado polos vertidos e polas subidas e baixadas de nivel provocadas polo embalse de Albarellos. A partir do mes de maio, por debaixo do embalse o río queda sen auga nun tramo de 5 kms. Tramo no que se atopa o troiteiro de Leiro.



Hoxe os vertidos son abundantes en toda a súa cuenca, os pobos non depuran as augas residuais. Por outro lado o embalse de Albarellos situado por encima do coto afecta coas súas continuas baixadas e subidas.

O tramo Ribadavia-Desembocadura: Presenta unha grande degradación especialmente nas súas orillas debido a canalizacións e paseos fluviais



Outros dos moitos ríos que discorren polo concello son o Couso, Abelenda, Cardelle, Vilariño, Baluge.

O Río Cardelle: Fai de límite municipal co concello veciño de Boborás.

O caudal máximo derivado é de 3200 l/seg.

O aproveitamento consta dunha presa que, encorando auga ata a elevación limiar de 478,5m.s.n.m.

Deriva auga pola marxe dereita a través dunha toma de auga coa súa soleira a 477,00 m.s.n.m. que despois de 4518m. Remata na cheminea de equilibrio. Desta cheminea parte o entubado forzado que conduce o caudal derivado ata os 286,60 m.s.n.m do eixe da turbina. A auga así derivada é turbinada no edificio da central e restituída a través dunha canle de desaugamento ó leito.



Salto bruto: 193,5 m.

Redemento da turbina xerador: 86 %

UNIDADES HIDROXEOLÓXICAS

No estudio do sustrato sobre o que se asenta o concello de Avión teremos que contar con variables tales como a súa historia xeolóxica, formas de relevo, litoloxía, hidroloxía,.... Da combinación destas últimas variables poderemos distinguir as diferentes unidades hidroxeolóxicas que a continuación se describen e que inciden directamente sobre as posibilidades de sufrir certos riscos naturais, como por exemplo enchentes, secas...

MATERIAIS IMPERMEABLES

Constitúenno os materiais metasedimentarios, é dicir, terreos antigos, metamorfizados e deformados. Cunha permeabilidade de grao moi baixo ou impermeables. Basicamente son materiais xistosos dos grupos Paraño e Lalín-Forcaei. Incluindo as anfibolitas (rochas básicas) deste último grupo.

As súas características litolóxicas e texturais non permiten a entrada e circulación da auga no seu interior, restrinxíndose a existencia de auga nos niveis superiores, máis superficiais, que presentan grande alteración, anque o seu grande contido en arxilas favorecen en épocas de grande pluviosidade a saturación, orixinando posibles encharcamentos superficiais.

Nestes terreos a contaminación restrínxese ás augas superficiais, xa que o seu carácter impermeable impide a entrada de auga cara ós posibles acuíferos profundos. Constitúen por tantas áreas favorables ó vertido, sen perigo de infiltración cara ó subsolo.

Atopámos estes materiais en boa parte do concello, que ocupa practicamente toda a metade norte de Avión.



MATERIAS DE MEDIA E BAIXA PERMEABILIDADE

Esta unidade está constituída polas rochas graníticas: granitos alcalinos de dúas micas (macizo Vértice de Avión), granitos predominantemente biótíticos, granitos e granodioritas predeominantemente biotíticos (Macizo de Avión).

Inclúense neste grupo os filóns de cuarzo e as súas áreas próximas, pola posible aparición de auga a muro e teito destes en relación coas fracturas ás que se asocian en determinados casos. Así como os diferentes bancos de cuarcitas do grupo de Lalín-Forcarei.

A permeabilidade primaria destas rochas é moi baixa, pola contra a permeabilidade secundaria, é dicir a causada polo rede de diaclasas, filóns e por alteración permite certo grao de infiltración a acumulación.

Como se explicou anteriormente a permeabilidade destas rochas preséntase debido á porosidade intergranular causada pola alteracion, o que dá lugar a uns depósitos en zonas topograficamente aptas (zonas cóncavas, áreas chás, zonas de pé de monte) , onde a auga pode infiltrarse e dar lugar a acuíferos que se recargan fundamentalmente por auga procedente da escorrentía superficial e por auga de orixen pluvial. Polo que a súa dependencia do réxime de chuvias estacional é moi forte, así en épocas estivais a evaporación tende a diminuílo contido en auga do acuífero.

Así mesmo as fisuras e fracturas do macizo hidroxeolóxico permiten a entrada e circulación da auga polo seu interior, e naquelas zonas favorables, tales como o cruzamento dos horizontes acuíferos coas estruturas de erosión e con outras formas negativas do relevo (vales, valgadas, barrancos) coma fracturas (como fendas tectónicas abertas), ou en zonas de contacto de rochas intrusivas e filonianas con rochas sedimentarias, tódalas cales contitúen áreas nas que poden formarse fendas a favor de que a auga pode saír ó exterior dando lugar a fontes ou manantiais.

Son materiais vulnerables á contaminación, onde é necesario extremalas medidas de precaución, principalmente naquelas áreas , que anque puntuais, poden ser



focos de contaminación das augas subterráneas. Debido á rede de fisuración dos macizos graníticos, prodúcese a infiltración da auga e dos líquidos contaminantes, expandíndose a contaminación rapidamente polo acuífero, ata saír deste por fontes e mananciais. Estas rede de fisuras poden estar conectadas con materiais detríticos situados en zonas de val contaminando estes acuíferos porosos.

Nos materiais graníticos, a posible existencia de materiais de alteración (xabre) en zonas chás ou cubetas, poden dar lugar a acuíferos con carácter poroso, anque pouco profundos, en épocas de precipitacións poden reter gran cantidade de auga, útil en época de estiaxe. Son zonas vulnerables á contaminación polo seu carácter poroso.

Encontramos permeabilidades medias en áreas moi puntuais do concello, ó noreste nas proximidades do río Cardello no límite co concello de Leiro. E na franxa este do concello, debuxando unha línea de norte a sur, coincidindo co límite da provincia de Pontevedra, na Serra do Suído.


O resto do espacio, que corresponde con practicamente todo o centro-sur do concello a permeabilidade é baixa.

MATERIAIS PERMEABLES

A porción de terreno que ocupan é insignificante e localizámoslos no noreste do concello.



MAPA HIDROGEOLÓGICO



LEND A



Materiais permeables



Mateiais de media-baixa permeabilidade



Permeabilidade Baixa



Impermeable



Por outra banda cabe dicir que o concello de Avión forma parte da Cuenca Hidrográfica do Norte I:



A efectos prácticos, este ámbito comprende una superficie total de 17.717 km², ocupando unha parte importante de Galicia (46,8%) e extensiones moi reducidas de Castilla-León (4,4 %) e Asturias (0,2%). Asentándose nela o concello de Avión, así como a capital ourensana e luguesa. Polo que que abastece entorno a 800.000 personas.

O ámbito de planificación Norte I agrupa a parte española dos territorios drenados polo Miño, co seu afluente o Sil, e a parte española do río Limia.

O recorrido dos tres ríos, Miño, Sil e Limia, a través do macizo hespérico é un bó exemplo da acomodación fluvial á pauta tectónica.

Os tres cortan ó sesgo as estruturas hercínicas e, a grandes rasgos, se adaptan a dúas das principais direccións de fractura do macizo: a Norte-Sur, que é a que sigue o Miño ata seu encontro co Sil, e a Noreste-Suroeste, á que se acomodan o Sil e Limia, e o propio Miño no seu tramo último.

A xénese destes ríos e a forte labor erosiva sobre materiais en xeral moi resistentes que determinan a formación de vales profundos, estreitos e pendientes, que só se abren e suavizan cando recorren algunha depresión intramontañosa.



Características estas que coinciden en xeral coas dadas no río Avia en Avión, e que como neste concello as cuencas do Miño, Sil teñen unha ordenación básicamente lineal, formando vales alargados nos que se centra o río principal, que recibe numerosos afluentes -moitos delos de orden menor- que afluyen por ambas márxenes.

De forma xeral dise que os ríos noroccidentales da península e concretamente o Miño-(ó cal drenan os ríos de Avión) discurren sobre terreos impermeables: cuarcitas, granitos, pizarras, polo que suas augas se encontran moi pouco mineralizadas.

A modo de resumo na taboa seguinte pódese extraer datos de aportacións medias e o correspondiente cálculo de aportacións específicas a partir da superficie da cuenca

UNIDADE	DENOMINACIÓN SUPERFICIE(M2)	PRECIPITACIÓN MEDIA (MM)	ETP MEDIA (MM)	APORTACIÓN MEDIA (HM3/AÑO)
161-76	673Avia completo	1283,54	694,11	542,09

2.1.5. LITOLOXIA

O concello de Avión localízase entro do Macizo Hespérico o cal está constituido por materiais precámbricos e paleozoicos, que sufriron unha intensa deformación durante o Oroxenia Hercínica.

A división establecida por Julivert en 1972 encadraba á Comarca do Ribeiro, e por conseguinte o concello de Avión, dentro da chamada zona Centroibérica.



Posteriormente Farias, estableceu unha nova zona, denominada Zona de Galicia-Tras-Os Montes.

Obsérvase na cartografía litolóxica, que destaca o claro predominio dos materiais graníticos, de idade hercínica, sobre os materiais metasedimentarios, constituídos principalmente por xistos e algunhas capas de cuarcitas e rochas básicas (anfíbolitas). O substrato xeolóxico actual é o resultado dunha longa historia xeolóxica que comenzou hai máis de 570 millóns de anos, no precámbrico. Así entre o precámbrico e o ordovícico (hai uns 500 millóns de anos), e incluso para outros autores ata o silúrico inferior (45 m.a.) produciuse a sedimentación dunha potente serie vulcanodetrítica, sobre unha cortiza continental antita, serie que se correspondería co actual Grupo Santabaia.

Xa durante o Silúrico, ten lugar a sedimentación de materiais pelíticos e areosos con grande cantidade de materia carbonosa, que deron lugar ó Grupo Noqueira, materiais que indican un medio mariño reductor. No silúrico superior e quizáis durante o devónico prodúcese un cambio a depósitos moi monótonos pelítico-areosos con intercaalciós de vulcanitas ácidas, que na parte alta da serie pasa a ser detrítica con vulcanitas básicas, o que marca un magmatismo bimodal. Todo este potente conxunto sedimentario desenvolvido ata o devónico parece indicar que se depositaban nun medio subsidente.

Durante o carbonífero aconteceu a Oroxenia Hercínica, que finalmente deu lugar á formación do supercontinente denominado "Panxea". Nesta oroxenia distínguense tres fases de deformación. O longo da primeira fase prodúcese unha deformación que xera grandes pregues verxentes ó Leste e unha xistosidade xeneralizada. A segunda fase produce unha deformación moi intensa relacionada coa situación de mantos de cablagamento, afectando ó Dominio Xistoso, dando lugar a unha xistosidade e a pregues deitados.

A continuación e anterior á terceira fase prodúcese unha serie de fallas normais cun plano de falla moi tendido, de dirección NO-SE que en ocasións levan unha xistosidade asociada e que ven a indicar unha etapa distensiva entre a segunda e a terceira fase.



Durante a terceira fase prodúcese un prepregamento xeral de tódalas estruturas anteriores con eixes de dirección N-S e NO-SE e plano axial subvertical con emerxencias cara ó Leste. Esta fase deu lugar a pregues a tódalas escalas e ás grandes estruturas da Comarca, como a antiforma do Candán (serra ó norte de Avión e fora dos límites municipais) así como o desenvolvemento de zonas de cizalla subverticais, que se corresponden coa zona do Cercedo- O Suído e coa zona do Macizo de Avión.

Posteriormente teñen lugar repregamentos tardíos de locais que dan lugar a pregues e ó desenvolvemento dun sistema de fracturación con inclinación acusada ou vertical, en ocasións con compoñente de desgarre e direccións principais N30E e N60E.

O metamorfismo ten lugar durante as dúas primeiras fases, desenvolvéndose un metamorfismo rexional de presión intermedia a baixa.


Durante a interfase que tivo lugar entre a segunda e terceira fase prodúcese a ascensión de magmas graníticos, en xeral peralumínicos e ás veces calcoalcalinos, que conducen a un aumento do gradiente xeotérmico e desenvolvemento dun metamorfismo de baixa presión que se sobreimpón ó anterior, chegando a producir migmatización en algunhas áreas.

A continuación da terceira fase prodúcese a intrusión en niveis epizonais de granitoides de tendencia calcoalcalina e subalcalina que dan lugar a un gradiente metamórfico de moi baixa presión con desenvolvemento de metamorfismo de contacto sobre os metasedimentos. Simultánea e posteriormente prodúcese o recheo por dique de diferentes tipos (cuarzo, pórfidos, diabasas e pegmatitas) dunha serie de fracturas tardihercínicas. Estas fracturas zumezaron durante o ciclo alpino, dando lugar a bloques erguidos (serras) e depresións que se enchán posteriormente por sedimentos terciarios e cuaternarios.

Por último durante o cuaternario teñen lugar os depósitos de terrazas nos ríos máis importantes da Comarca. E incluso durante a glaciación Würniense, parece que nos cumes de Serra do Faro de Avión existía un pequeno glaciar que percorría en dirección Sur.



MAPA LITOLÓXICO DE AVIÓN



LENDA

	Graníticas
	Metamórficas
	Básicas e Ultrabásicas

Nomeamento tipolóxico:

- ROCHAS GRANÍTICAS
 - GRANITOS DE TENDENCIA ALCALINA
 - Granitos de dúas micas moderadamene leucocráticos.
 - Granitos de dúas micas moi leucocráticas
 - GRANITOS DE TENDENCIA CALCOALCALINA
- ROCHAS METASEDIMENTARIAS
 - GUPO DE PARAÑO.
 - Xistos micáceos e cuarzosos, filitas e ampelitas (SilúricoDevónico).



Afloran na parte norte e occidental do concello (Serra do Suído, Hedreira, Rubillón, cundcunad do Cardelle, Albarellos).

o GRUPO LALÍN-FORCAREI (Devoniano)

- Anfibolitas
- Cuarcitas brancas pregadas
- Ortogneises
- Micaxisto feldespaticos e paragneises
- Cuarcitas brancas e micaxistos cuarcíticos. Capas de Portela.

• ROCHAS FILONIAS

o Diques de Aplitas e Pegmatitas

Son bastante frecuentes, así hai que citar varios grupos de filóns na zona norte de Avión.

XEOTÉCNIA

Permítenos delimitar unha serie de unidades que informan sobre o maior número de problemas xeotécnicos dentro de cada litoloxía.

Na zona os materiais consolidados presentan actualmente un aspecto e unhas características resultado da interrelación de condicionantes xeomorfolóxicos. A situación actual destes materiais é o resultado da acción tectónica e a meteorización física e química sobre os diferentes tipos de litoloxías, ó longo de períodos longos de tempo.

Principalmente son limitacións causadas pola orografía da área en estudio, neste caso delimitamos se unha serie de grupos en canto ás pendentes se refire, un primeiro grupo de zonas chás que non sobrepasan o 7% de pendente. Un segundo grupo é o constituido polas zonas alombadas, onde non se sobrepasa o 15% e un terceiro grupo con pendentes superiores ó 15%, é dicir abruptas e montañosas.

A combinación da factores litolóxicos e xeomorfolóxicos dan como resultado as características xeomecánicas dos diferentes materiais da área, así o estado de alteración e tectonización, o grao de erosión ó que están sometidos os materiais,



xunto ó grao de inestabilidade en que se encontran este, márcanolo estado xeomecánico deses materiais con respecto á rocha sá.

Por outra parte, a distribución dos materiais condiciona as diferentes calidades xeomecánicas en profundidade á hora de levar a cabo calquera tipo de construción, podendo aparecer asentos diferenciais provocados polos diferentes comportamentos dos materiais.

ROCHAS GRANÍTICAS

Litolóxicamente e como xa vimos, inclúen rochas graníticas de tendencia alcalina: granitos de dúas micas (Vértice de Avión) e granitos biotíticos. Así como granodioritas biotíticos (Macizo de Avión).

Os materiais graníticos xeomorfoloxicamente dan lugar a unha grande variedade de relevos, así nuns casos a morfoloxía é acusada, con pendentes maiores do 7% e mesmo maiores do 30% conformando neste caso paisaxes abruptas e escarpadas. Aínda se os valores das pendentes son menores, dan lugar a zonas alombadas onde os ríos se encixan. Orixinan, principalmente os granitos de dúas micas, mantos de alteración, a vez que se encontran moi fracturados. Hidrolóxicamente son materiais de baixa e media permeabilidade, onde a drenaxe é aceptable gracias a pendente do terreo. Xeotécnicamente a capacidade de carga é alta, sendo mínimo o risco de ripabilidade e o de asentos diferenciais.

ROCHAS METASEDIMENTARIAS

Litolóxicamente abarcan un grande número de rochas, xistos principalmente, anque podemos incluír cuarcitas, gneises, anfiboltas, etc. Presentan unha xistosidade ben desenvolvida produto da tectónica hercínica. Frecuentemente os xistos posúen en superficie unha capa de alteración limo-arxilosa ben desenvolvida, principalmente nas zonas topográficamente máis chás.

Xeomorfolóxicamente o relevo ó que dan lugar é moi variado, anque en Avión existe un claro dominio das zonas montañosas fronte ás de menor pendente, como acontece con toda a zona do Suído e que supón a totalidade dos límites municipais



polo oeste, delimitando claramente a provincia de Ourense fronte a de Pontevedra ou as márxenes do encoro de Albarellos.

Hidroloxicamente son terreos de moi baixa permeabilidade ou impermeables. Presentan unha boa escorrentía a favor dos planos de pendente. Anque se esta é escasa, pode darse unha infiltración nas capas de alteración e sufrir unhas saturación e encharcamento.

Xeomecanicamente anque posúen numerosos planos de tectonización son materiais competentes, principalmente se os planos se sitúan horizontais. Polo tanto faise necesario eliminar a capa de alteración limo-axilosa, xa que esta posúe unas características xeomecánicas inferiores ás das rochas. Posúen unha capacidade de carga media-alta e a aparición de asentamentos diferenciais límitase a áreas con diferentes graos de alteración.

Polo tanto e tendo en conta o ata aquí exposto podemos dicir que:

O risco de asulagamento dos cauces tan propenso noutras partes de Galicia, é escaso polo alto-medio grao de impermeabilidade dos materiais, e polas fortes pendentes. Unicamente a acción antrópica como a urbanización (construción de estradas, enconos, pontes,...) ou a ausencia de cuberta vexetal que fai diminuír a escorrentía superficial, facilitan nas zonas próximas dos cauces o asulagamento de determinadas zonas.

Polo contrario o concello de Avión presenta grandes zonas de altos gradientes topográficos. Neste grupo inclúense aquelas zonas que presentan pendentes extremas nas cales se poden dar riscos tales como escorregamentos e/ou desprendementos de rochas e movementos de terras principalmente. Xa sexan por causas naturais como zonas de alta montaña, escarpes cañóns de ríos, cantís ou debidas a causas antrópicas, como por exemplo explotacións mineiras a ceo aberto.

2.1.6. CLIMATOLOXÍA DE AVIÓN

Para o estudo das condicións climatolóxicas do concello de Avión, selecciónase a estación meteorolóxica de Amiudal, dentro dos propios límites municipais, que



aporta os datos suficientes para achegarnos as condicións meterolóxicas a medio prazo do concello.


Estación Amiudal

Lonxitude: -8,24° W

Latitude: 42,42° N Altitude: 553 m.

TEMPERATURA



O concello de Avión atopase dentro do dominio da isoterma anual dos 12°C e a temperatura media anual é de 11,1°C., o que amosa certas características oceánicas, que penetran xa atenuadas. Hai que facer referencia ás diferencias térmicas impostas principalmente pola altitudes municipais. As temperaturas estivais amosan trazos mediterráneo, onde as temperaturas de xullo e agosto están por riba dos 20°C de media.



Unha característica da zona so as frecuentes néboas inverno e no outono, debidas a que o aire húmido, en contacto cun solo fortemente enfriado e co encoro, produce potentes bancos de nebos nos fondos de val. Non existe un periodo moi frío (<5°C), e éste comprende os meses de novembro a marzo. O período temperado vai de xuño a setembro. O gradiente térmico vertical é a relación existente entre a altitude e a temperatura, a cal descende a medida que aumenta a altura. Este gradiente, na atmósfera libre ten un valor aproximado de medio grao centígrado cada 100 metros. Este valor no concello varía moito, é oscila entre os 0,4/100m. e os 0,7/100m. O gradiente medio anual é de 0.6°C




Nº total de horas de sol mensuais





PRECIPITACIÓNS

As condicións xeográficas do concello refléctense no réxime de precipitacións, precipitacións que son máis elevadas na serra do Suído, propiciadas pola variante altitudinal., mentres que as temperaturas máis cálidas e a aridez estival prodúcense nas orillas do Avia en Albarellos.

PRECIPITACIÓNS	
Total anual	1424mm.
Estación máis seca	Verán (9%)
Estación máis chuviosa	Inverno (38%)





VENTOS

O vento ten unha gran importancia en climatoloxía, non solo pola súa influencia en gran parte das actividades humanas, senón o se-lo que determina outros elementos climáticos, como a temperatura do aire ou a humidade.

A presenza de obstáculos topográficos induce importantes cambios na circulación do vento, cambios que abarcan dende a formación de ondas gravitacionais coa conseguinte formación de nubes orográficas cando a atmósfera posúe unha cantidade suficiente de humidade, ata a inducción de circulacións cerradas do vento en conxunción cos ciclos diurnos/noctucnos de calor.

As cordilleiras ou os vales impiden a libre circulación do vento forzándoo a superalas e provocando a xeración de ondas gravitacionais na atmósfera; nas crestas das ondas gravitacionais, onde o aire é desprazado cara arriba con respecto da súa situación de equilibrio, o entorno resulta máis frío, o que favorece a condensación da humidade presente no aire en ascenso e a formación das chamadas nubes orográficas.

Cando unha corrente de aire húmido ascende por unha montaña, sofre un enfriamento adiabático, condensando o seu vapor de auga e formando nubes e precipitacións. Pola contra, cando o aire así desecado descende pola vertiente oposta quéntase a razón de 1° C por cada 100 metros, resultando un aire máis seco e cálido que ó principio; este fenómeno denomínase efecto Foen e afecta a Serra do Suído.

O quentamento solar diurno e a radiación nocturna que sofren as ladeiras de montes e vales xeran diferencias de temperatura entre masas de aire en contacto co relevo e aquelas situadas á mesma altura, aínda que lonxanas da influencia orográfica; é xustamente este gradiente de temperaturas o que desencadea a acción das forzas de flotación xerando circulacións ou patróns locais de vento denominados ventos Anabáticos e Catabáticos, consistentes en aire máis frío e denso descendente en superficie acompañado de aire máis quente ascendente en altura, no caso de vento Anabático mentres que para o caso de vento Catabático, a



circulación establécese no senso contrario, aire máis cálido ascendendo en superficie que é reemplazado pola entrada en altura de vento menos cálido.

O efecto Foen ten lugar na serra do Suído, onde a presenza de barreiras topográficas induce o ascenso forzado das masas de auga procedentes das costas oceánicas, xerando a descarga de abundantes precipitacións tal e como evidencian os rexistros observatorios de Fornelo de Montes (na serra do Suído) onde a media normalizada acada a nada desprezible cifra de 1800 mm.

Resumo:

Se analizamos os datos, que aportamos de xeito gráfico, poderemos dicir que o clima en Avión presenta matices que o permiten enmarcalo dentro da montaña suboceánica. O papel de barreira que desempeña a serra do Suído (comparar datos estación Serra do Faro de Amiudal) inflúe nas precipitacións, cunha media anual que supera lixeiramente os 1.500 milímetros. As chuvias concéntranse entre outubro e marzo, cun 38% das precipitacións. No verán, como consecuencia dos procesos de irradiación, as temperaturas mostran unha grande oscilación, con valores elevados grandes oscilacións, con valores elevados durante o día e importantes descenso nocturnos. O mes máis cálido adoita a ser xullo que suopera os 20°C.m e os máis fríos son decembro e Janeiro, con 5° C de media. A vertente septentrional da serra do Faro, introduce matices térmicos debido á menor radiación e á exposición a ventos máis fríos procedentes do norte. Estes, xunto cos do noroeste e sudoeste, son os dominantes. As características descritas transfórmanse radicalmente nos valores abrigados do concello, onde a altitude chega a descender ata os 320 metros rexistrados no encoro de Albarelos.



(Período do 01/01/2016 ó 01/12/2016)

Humidade relativa e temperatura	Máxima	Mínima	Media	Unidade
Temperatura de Orballo	12,6	3,8	8,3	°C
Temperatura máxima	38	16,1	25,7	°C
Temperatura media	20,8	7	12,9	°C
Temperatura mínima	10,1	-1,3	4	°C
Humidade relativa máxima media	96	85	92,3	%
Humidade relativa media	88,5	59	76,6	%
Humidade relativa mínima media	76	30	55,2	%
Temperatura media das máximas	29,7	10,2	18,5	°C
Temperatura media das mínimas	13,8	3,8	8,6	°C
Horas de Frío (Base 7 °C)	380,2	0	133,3	h
Días de xeada	2	0	0,2	Días
Acumulado no período de Horas de Frío (Base 7 °C)	1599,2			h
Acumulado no período de Días de xeada	2			Días

Vento	Máxima	Mínima	Media	Unidade
Refacho	31,8	13,6	20,7	m/s
Velocidade do Vento	4,9	1,7	3,2	m/s
Dirección do Refacho	297	10	218	Graos
Dirección do vento predominante	270	0	180	Graos

Chuvia	Máxima	Mínima	Media	Unidade
Chuvia	432,8	2,1	135,5	L/m2
Balance hídrico	407,6	7,2	180,1	L/m2
Días de chuvia >=0.1 mm	24	1	12,2	Días
Días de chuvia >=1 mm	20	1	10,1	Días
Días de chuvia >=10 mm	11	0	4,3	Días
Días de chuvia >=30 mm	5	0	1	Días
Días de chuvia >=60 mm	1	0	0,2	Días
Acumulado no período de Chuvia	1626,5			L/m2
Acumulado no período de Días de chuvia >=0.1 mm	147			Días

Parámetro	Máxima	Mínima	Media	Unidade
Irradiación Global Diaria	2876	405	1495,5	10kJ/(m2.día)
Horas de Sol	374,7	58,9	197,9	h
Insolación	81,8	20	51,4	%
Presión Barométrica	961,4	949,3	955,5	hPa
Presión reducida ao nivel do mar	1027,2	1014,5	1020,2	hPa
Acumulado no período de Horas de Sol	2375,3			h

[O resumo inclúe datos de 12 meses do período considerado]

ÍNDICES CLIMÁTICOS

ÍNDICE DE CONTINENTALIDADE

Este índice ten carácter térmico e é especialmente útil para medi-lo grao de continentalidade do lugar considerado.

Neste caso elixiuse a fórmula de Gorezynsky, baseada en que a diferenca existente entre a temperatura media do mes máis cálido e a do mes máis frío é tanto mayor canto máis lonxe do mar



Por outra parte, a mesma diferenca indica menor continentalidade canto máis preto do Ecuador, razón pola cal se divide polo seno da latitude. Segundo esta fórmula, o índice de continentalidade obtense aplicándoa directamente:

$$K = 1,7 \frac{A}{\text{sen}\varnothing} - 20,4$$

Onde A é a amplitude anual media da temperatura e \varnothing a latitude do lugar considerado.

No caso do municipio de Avión, o índice de continentalidade (K) é de 12,36 Valor que demostra unha persistencia da influencia oceánica fronte da continentalidade na zona.

Valores por baixo de 10 amosan condicións climáticas oceánicas e que valores por riba de 20 son netamente continentais.

ÍNDICE DE OCEANIDADE

Este índice térmico basease en que nos climas marítimos os meses de primavera son máis fríos cós do outono. O índice de Kerner (M) é o elixido e defínese pola seguinte fórmula:

$$M = 100 \frac{t_0 - t_a}{A}$$



Sendo t_o e t_a as temperaturas medias dos meses de outubro e abril, respectivamente e A é a amplitude anual media da temperatura. No caso que nos ocupa, $M=17$, reforzando deste xeito ó índice anterior.

(os valores de M oscilan entre os 8 das áreas continentais e os 50 das zonas costeiras occidentais). Polo que Avión presenta matices continentais

EVAPOTRANSPIRACIÓN POTENCIAL

A evaporatividade mide a cantidade de auga evaporada nunha área da superficie terrestre e nun período determinado. Isto depende, por unha parte, da extensión da superficie evaporante e das condicións de dita superficie, auga libre, solo empapado, cuberta vexetal e das circunstancias meteorolóxicas reinantes (radiación solar, temperatura, humidade, vento) que reflectirá directamente na aparición de incendios forestais e no seu progreso e na demanda total de auga do Concello que se derivará a regas de campos e xardíns.


Na transferencia do vapor de auga da terra á atmosfera, ademais do proceso da evaporación, entra en xogo o da transpiración das plantas.

Estes procesos, considerados conxuntamente, permiten defini-la **evapotranspiración potencial (ETP)** como a máxima cantidade de auga capaz de ser perdida, en forma de vapor de auga, baixo unhas condicións climáticas dadas e nun período determinado, por unha extensión de solo totalmente cuberta de vexetación e permanentemente impregnado de auga.

Este é un concepto útil para coñecer-las necesidades hídricas das plantas e os balances de humidade do solo, aínda que se trata dun índice teórico a causa da dificultade de facer medicións directas.

O emprego dos recursos hídricos faise, de forma xeral, da seguinte maneira: de novembro a marzo, exceso de auga; e ata setembro utilízase a auga acumulada a consecuencia do exceso da anterior etapa.





Esta clasificación é en realidade un conxunto de índices hídricos, que reflicten o grao de humidade, a eficacia térmica, a variación estacional da humidade e a concentración estival da eficacia térmica. Estes índices defínense como:

Ih (Índice de humidade), de carácter mensual. Obtense comparando, en porcentaxe, a auga de escorrentía coa ETP total anual.

Ia (Índice de aridez), de carácter mensual. Compara, en porcentaxe, o déficit de auga para ser evaporada coa ETP anual.

Iha (Índice hídrico anual). É a resta do primeiro menos o segundo.

Nesta clasificación cada clima represéntase con catro letras. As dúas primeiras describen o seu carácter pluviométrico e as dúas seguintes o carácter térmico.

INDICES HÍDRICOS (S.de Carballiño)				
Ih	Ia	Iha	C	Tipo climático
148	13	140	50,6	Ar B1"a"

En definitiva, da aplicación dos seguintes índices climáticos en Avión témo-los seguintes tipos de climas:

En función do índice hídrico anual: tipo perhúmido ($Iha > 100$) En función da ETP anual, o Concello encádrase na rexión Mesométrica I cun contraste térmico de verán acusado con respecto ó resto do ano. En función dos índices de aridez e



humidade (variación estacional de humidade): tipo r (moderado déficit de auga no verán).

CLASIFICACIÓN DE PAPADAKIS

Esta clasificación caracteriza o clima desde o punto de vista agroecolóxico, e emprega os valores extremos das variables climáticas como factores que limitan os cultivos.

Os datos empregados son: temperaturas medias das mínimas absolutas anuais e mensuais, duración da estación libre de xeadas mínima, dispoñible e media, e temperaturas medias das máximas e das mínimas; ademais de elementos propios do balance hídrico.

Así, o Concello de Avión, desde o punto de vista citado, pertence á unidade climática Marítima fresca. Aínda que recordemos a posición do concello no sur de Galicia introduce conceptos de mediterraneización.



2.1.7. SOLOS

Dende o punto de vista xeomorfolóxico existen no concello de Avión fortes contrastes, o que inflúe nas súas características climáticas debid oás fortes diferencias altitudinais que se presentan. As cotas máis altas, por encima dos 1.000 m. aparecen no bordo noroccidental, na Serra do Suído. As cotas máis baixas preséntanse loxicamente na cunca do Avia, con altura de 320m. no embalse de Albarellos.

Xeolóxicamente existe un predominio de materiais de composición granítica .E un segundo tipo de micaxistos, estando costitudidos por diferentes tipos de sedimentos metamorfizados.



SOLOS SOBRE MATERIAIS GRANÍTICOS



Granodioritas precoces, que ocupan unha grande extensión no concello de Avión. Caracterízase pola súa grande riqueza en biotita e presenza de grandes cristais de feldespato. Os minerais esenciais son cuarzo, microclima, palaxioclasio, biotita e moscovita, con accesorios de apatita, circón e opacos.

En xeral, os solos sobre este conxunto de materiais están pouco evolucionados, nuns casos, os granitos e as granodioritas precoces con abundante microclima, debido á súa composición rica en minerais resistentes tales como o cuarzo, feldespato potásico moscovitas, a causa da pequena fracturación que soen presentalos materiais de intrusión, polo que a intensidade da alteración é escasa na maior parte das zonas. Ademais, o baixo desenvolvemento edáfico está favorecido pola frecuencia con que se producen os procesos erosivos sobre estes materiais a causa das pendentes existentes e as accións antrópicas que reducen a cuberta vexetal (caso dos incendios forestais).

Os solos dominantes presentan un horizonte A úmbrico, escuro, rico en materia orgánica, con textura de tenencia franco-areosa, PH ácido e complexo de cambio desaturado. Baixo este horizonte sóese recoñecer a presenza dun horizonte cámbico de escaso desenvolvemento ou un horizonte C in situ ou formado por material coluvial. Menos frecuentes son os solos AR ou os de tipo ABC nos que o horizonte superficial non presenta características de cor suficientes para a definición dun A úmbrico, situación que soe presentarse en terreos sometidos a cultivo, especialmente en cultivos de vide.

TIPOS DE SOLOS QUE SE IDENTIFICAN:

Lectosoles líticos:

Solos de perfil AR, constituídos por un delgado horizonte A úmbrico, con contacto lítico a unha profundidade inferior a 10cm. Ocupan as posicións máis proclives ós procesos erosivos, nos rebordes das vertentes con forte pendente e intenso grao de erosión.



Leptosol úmbrico:

Solos de perfil AR, cun horizonte úmbrico de espesor entre 10 e 30cm.

Sobre rocha consolidada.

Regosoles úmbridos:

Solos que se diferencian por presentar un horizonte A úmbrico de máis de 30cm. De espesor ou por aparecer a rocha baixo o úmbrico fragmentada ou tratarse de coluvios, ou ben por aparecer intensamente meteorizada, formando unha capa branda e porosa, horizonte C, baixo o horizonte A.

Cambisoles húmicos:

Solos de perfil ABC cun A úmbrico de 25 a 30 cm. Seguido dun B cámbico.

SOLOS SOBRE MECAXISTOS

Considéranse dentro deste grupo os seguintes tipos de materiais xeolóxicos:

Micaxistos grises con estaurolita e /ou granate e xisto verdes albíticos. Ocupan unha superficie moi ampla en Avión. Os micaxistos grises están constituídos por cantidades variables de cuarzo, biotita e moscovita ós que soen acompañar clorita, granate, silimanita, feldespatos potásicos en cantidades variables de granito.

Migmatitas, rochas con alternancia de bandas escuras, de natureza xistosa, con outras máis claras, granitoide. Están constituídas por cuarzo, biotita e moscovita, con predominio da biotita. Ademais, soen presentarse plaxioclasio, silimanita e granate, así como apatita, circón e ás veces turmalina, como accesoros.

Tamén sobre este material se recoñecen basicamente solos de escaso grao de evolución. Ademais da natureza do material xeolóxico, con baixa tenencia á alteración polo seu alto contido en minerais resistentes, os procesos erosivos, facilitados polas fortes pendentes, condicionaron de xeito moi especial o rexuvenecemento destes solos.

TIPOS DE SOLOS QUE SE IDENTIFICAN:

Leptosoles líticos:

Solos esqueleticos, cun espesor inferior a 10cm. Constituído por un horizonte A escuro e rico en materia orgánica, ó que asegure a rochas consolidada. Son os solos correspondentes as paisaxes con maior grao de erosión, moi pouco aptos para actividades agronómicas de calquera tipo.

Leptosoles úmbricos:

Son solos que alcanza un grao de desenvolvemento mair, anque nunca superior a 30cm. O único horizonte, A, úmbrico non difiere, salvo polo espesor, dos solos anteriores.

Regosoles úmbricos:

A clasificación destes solos pode responder a varios criterios posibles, é decir, como o tratarse de solos máis espesos cós Leptosoles ou nos que o horizonte A é seguido de rocha non consolidada, fragmentada ou fortemente alterada (perfil AC). Localízanse na paisaxe en posicións menos erosivas, moi frecuentemente en áreas de acumulación de coluvios, de maneira que moitos Regosoles son solos con diferentes ciclos de formación.

Cambisoles húmico:

Localízanse nas oposicións máis estables, non afectadas de decapitación. Aparece un horizonte B cámbico sobre o horizonte C do que procede pola súa evolución no tempo.

A secuencia de solos características das áreas con micaxistos non difire, da existente en zonas granítica. Ademáis en ámbolos dous casos os solos son ácidos, con moi alta porcentaxe de Al no complexo de cambio, e por tanto, cun déficit de catións básicos alcalinos e alcalinotérreos (K, Mg, Ca.). Na fracción arxila, tanto en áreas graníticas como sobre micaxistos, abundan as arxilas herdadas de tipo illita e as versiculitas de degradación e entre as neoformadas, os folosilicatos. A fixación de fósforo, e polo tanto e seu baixo grao de asimilabilidade polas plantas,



prodúcese en émbolos materiais. A principal diferenza estriba no tipo de textura, cunha tendencia máis areosa sobre granitos, e máis limosa a granca, sobre micaxistos.

APTITUDE AGRONÓMICA DOS SOLOS

As características agronómicas do concello son moi variadas. Por encima dos 800 m. na Serra do Suido, o clima pode ser caracterizado de frío, cunha intensidade bioclimática baixa, entre 6,5-9,5 ubc., e menos de 5 meses libres de xeadas. Entre os 800 e 600m. o clima é frío e con escasas variacións respecto do anterior. A temperatura máxima das medias é 15,5, é unha media mínima de 6,3. Polo que solo existen entre 5 e 8 meses libres de xeadas. A intensidade bioclimática é de 9 ubc, o tipo de invernos segundo a clasificación de Papadakis, é avea e o de verán , trigo.

Nun nivel máis baixo, ata os 400 m. de altitude, prodúcese un ascenso lixeiro da intensidade bioclimática. Así, na estación de Seona de Carballiño (a 440m.) a IBP é de 10.02 ubc. , sendo a temperatura media das máximas dos meses máis cálidos de 17,4°C. O tipo de inverno corresponde a vea, metres que o verán dosifica ó millo.

Altitudes menores relaciónanse con ascensos paulatinos das temperaturas mínimas e incrementos nas intensidades bioclimáticas. A extensión de cada unha destas rexións climáticas varía de oeste a este, e do norte ó sur, pero pode decirse a superficie con ambiente frío e relativamente importante.

En canto ó réxime de humidade pode sinalarse, a existencia de fortes contrastes. En xeral, o valor total da precipitación anual é elevado, sempre superior a 1000mm. As diferentas a efectos agronómicos maniféstanse³ no déficit de



precipitación estival, que apenas se produce nas montañas pero que pode ser importante nas zonas baixas.


Dende un punto de vista das propiedades dos solos, a maior parte debe ser clasificada como de baixa ou moi baixa aptitude agronómica para o cultivo. A causa principal é a elevada pendente, superior ó 13% e incluso ó 25%, en case toda a área seguida dunha escaseza de solo útil nas zonas máis castigadas pola erosión (áreas de Leptosol). Nestas zonas de forte relevo se se superan determinados límites do solo a aptitude forestal pode considerarse boa, sempre que se seleccionen as especies adecuadas. Os cultivos especializados, pouco esixentes en fertilidade e espesor pero que requiren insolación, poden encontrar nestas zonas de pendente un bó hábitat.

Nas zonas de escasa pendente e solos con limitación por espesor, (cambisol) as principais limitacións son as relacionadas coa acidez e déficit de fósforo e baixos contados de K e Mg.

As áreas de mellor aptitude atópanse entorno ó Avia, nas que confluen mellares condicións climáticas e edáficas.



MAPA USOS DE SUELO



LEENDA

Zona de matos



Zona arborada



Gandería tradicional



2.1.8. BIOCLIMATOLOGÍA

A bioclimatoloxía é a ciencia que trata de pór de manifesto as relacións existentes entre os seres vivos e o clima. En función desas relacións é posible recoñecelo continente físico, que son os pisos bioclimáticos, e o contido biolóxico vexetal que son as series de vexetacion. Diferenciase esencialmente da climatoloxía en que a información índices e unidades que utiliza intenta que estean relacionados e delimitados polas especies e biocenose, entre as cales as vexetais polo seu estatismo, son moi axeitadas.

A continuación veremos os pisos bioclimáticos que se poden encontrar.

ÍNDICES BIOCLIMÁTICOS

Son os principais parámetros que nos permiten defini-los pisos bioclimáticos da Comarca, de acordo cos valores establecidos por Rivas Martínez no seu Mapa de las Series de Vexetación de España (1987). Obtéñense a partir dos datos recollidos nas estacións meteorolóxicas da Comarca e doutras próximas.

Os índices principais que hai que ter en conta -algúns dos cales non se poden calcular para a zona por ausencia de datos son:

Índice de termicidade (It), que vén dado pola seguinte expresión:

It = (T+m+M) x10 onde

T = Temperatura media anual

M = Temperatura media das máximas do mes máis frío **m** = Temperatura media das mínimas do mes máis frío

ESTACIÓN	T°C	M°C	m°C	It
Leiro	13.4	10.7	-0.5	236
Carballiño	12.2	10.3	0.7	232

Ombroclima:



Tentan de expresar con valores bioclimáticos os límites da rexión eurosiberiana e mediterránea, xa que nesta última, independentemente da cantidade de precipitación media anual, sempre existe un período máis menos longo de aridez ou seca estival. As serras, e dicir a orientación oeste é a que mais precipitacións recibe. A distribución da pluviosidade ó longo do ano mostra irregularidade, sendo abundantes en inverno, moderadas en primaveira e outono e escasas en verán, a medida que nos arredamos ó leste as chuvias descenden, de forma que se pon de manifesto a perda de condicións oceánicas a prol dunha maior mediterraneidade, o que terá reflexo na vexetación.

Días libres de xeadas (Dlx), importante para o desenvolvemento da vexetación e que se poden relacionar cos pisos bioclimáticos, dado que poden ser empregados como discriminantes de pisos e subpisos climáticos. Aproximadamente está libre de xeadas o 77% do ano. Hai que facer referencia ás inversións térmicas frecuetes ligadas a condicións anticiclónicas, fenómeno que se favorece nos fondos dos vales (especialmente o Avia no entorno do embalse de Albarellos), e que resulta especialmente perigoso para o cultivo da vide

As xeadas máis acusadas prodúcense nas zonas de maior altitude (serra do Suído), rondano os 80 días centrados nos meses de decembro, xaneiro e febreiro) nos que as temperaturas mínimas absolutas sexan inferiores a 0°C.

Período de actividade vexetal (Pav), importante tamén porque a actividade vexetal ve se limitada cos fríos, podéndose tomar como límite para que a actividade vexetal se manifeste a temperatura de 7,5°C de media mensual. De modo que para cada piso bioclimático pódese establecer un Pav en función do número de meses nos cales a temperatura media mensual é superior ós 7,5°C.

PISOS BIOCLIMATICOS

É cada un dos tipos ou grupos de medios ou espazos termoclimáticos que se suceden nunha serie altitudinal ou latitudinal. Na práctica delimitáanse en función dos factores termoclimáticos e das comunidades vexetais cambiantes, é dicir, veñen establecidos polas comunidades vexetais ou asociacións que presentan evidente correlación con determinados intervalos termoclimáticos, na chamada zona



térmica altitudinal ou latitudinal existente en cada rexión da terra. Cada refilón ou grupo de rexóns coroloxicas afíns posúe os seus peculiares pisos bioclimáticos, cos seus particulares valores térmicos, onde existen unhas comunidades vexetais de estrutura e composición florística particular.

Avión pertence á rexión florística Eurosiberiana anque, tal e como se veu, o extremo oriental desta pode incluírse na rexión mediterránea. A delimitación dos pisos bioclimáticos nelas non é estricta e pode admitir unha certa oscilación.

En xeral, e baseándose na información disponible, podemos incluír dentro da rexión eurosiberiana as zonas de maior altitude situadas o Leste (Serra do Suído), podendo encaraslas no piso Montano. O resto do concello pódese incluír no piso Colino e coincidiría cós cotas inferiores.

FLORA

A flora dunha zona é o conxunto de especies e variedades de plantas dun territorio dado, sendo a que achega os elementos cos que constrúen as agrupacións vexetais. Isto quere dicir que a riqueza florística dunha zona é condición necesaria para a variedade da súa vegetación.

A flora non é algo estáico senon o resultado dun conxunto de contribucións con diversa orixe. No caso de Galicia podemos falar de catro conxuntos ou electos coroloxicos diferentes: Eurosiberiano (O Atlántico-IMedioeuropeo) e dos do lado Mediterráneo (LusitanoDuriense e Ibérico de Meseta). No concello de Avión o elemento Atlántico forma a flora de carácter oceánico da fachada litoral de Europa Occidental e constitúe a flora básica do piso colino e montano inferior e medio da Galicia eurosiberiana. É aquí onde se encadra a maior parte do concello. O mellor representante é o Carballo (*Quercus Robur*). Do lado mediterráneo ocorre algo similar, manifestándose a influencia costeira –lusitano-duriense-, sendo o seu árbore símbolo a sobreira (*Quercus Suber*)

COROLOXÍA

É a parte da bioxeografía que ten por obxecto a delimitación e estudo das áreas de distribución das especies, así como doutras unidades taxonómicas. O seu estudio



permite discernir na superficie terrestre unha serie de territorios caracterizados pola presenza de determinados elementos florísticos.

SISTEMATIZACIÓN COROLÓXICA: UNIDADES	
REXIÓN	Eurosiberiana
SUBREXIÓN	Atlántico-Medioeuropea
SUPERPROVINCIA	Atlántica
PROVINCIA	Cantabroalántica
SUBPROVINCIA	Astu-Galaica
SECTOR	Galaico-Portugués
SUBSECTOR	Lucense

VEJETACIÓN POTENCIAL ACTUAL

A vexetación potencial dun territorio pode decirse que é aquela que acabaría por instalarse nel como resultado dos procesos sucesionais o cabo do tempo, sen perturbación das súas condicións por actividades humanas ou catástrofes naturais.

A distribución da vexetación está condicionada por unha serie de factores, como a temperatura, precipitacións, litoloxía,...Un dos que máis importancia ten á hora de configurar as comunidades vexetais existentes é a posición, que se traduce en diferencias de temperaturas no solo, do aire en diferencias de humidade ambientais, de precipitacións e de permanencia de neve no solo (cando ésta presente) que fan que as ladeiras de umbría sexan máis productivas ca as de solana, dado que o factor limitante ó longo do ano é a dispoñibilidade de auga.

Outro tipo de condicionantes, é a presenza do home, que nun territorio como éste (comarca do Ribeiro) foi determinante e que explica a paisaxe actual na que os usos do solo (bancais con viñas) a caracterizan especialmente. Os fins agrícolas son destacables nas terras máis baixas e dos vales dos ríos, mentres que a vexetación natural se conserva mellor nas zonas dos relevos circundantes, especialmente nas zonas de acceso máis difícil. Tamén existen enclaves de utilización forestal.



SERIES DE VEXETACIÓN

Por serie de vexetación enténdese a unidade geobotánica sucesionzota e paisajista que expresa todo o conxunto de comunidades vexetais ou estadios que poden atoparse en espazos teselares afíns como resultado do proceso de sucesión. É dicir inclúe tanto os tipos de vexetación representativos da etapa madura do ecosistema como as comunidades iniciais que as remplazan. Pola súa parte defínese “piso de vexetación” como cada un dos complexos de comunidades vexetais ou series de vexetación que se gradúan nunha cliserie altitudinal. Desta forma no seno de cada piso bioclimático é posible recoñecer diferentes tipos de cinturacións de vexetación caracterizados cada un por unhas comunidades vexetais e flora propias, en función das peculiaridades edáficas, climáticas ou históricas.

Así no caso das series eurosiberianas, anque en émbolos casos se trata de carballeiras acidófilas, as series son diferentes para as cotas máis elevadas do leste (por encima dos 500m.) e do resto (banda ata os 500m.)

REXIÓN EUROSIBERIANA

Piso montano

Podemos atopar esta serie na porción occidental do municipio, coincidindo coa Serra do Suído

En todo este piso bioclimático os ecosistemas máis maduros teñen estrutura boscosa.

- Serie montano Galaico-Portuguesa acidófila do Carballo o *Quercus robur*.

A serie é unha das que se atopan estendidas polas áreas da rexión eurosiberiana, cun clima que presenta xa un matiz mediterráneo acusado en verán. Corresponde no seu óptimo estable ou clímax a unha carballeira densa que alberga bastantes arbusto e herbas vivaces. Estas carballeiras oligótropas desenvólvense sobre substratos solíceos pobres en bases, en xeral sobre solos profundos que se prestan ben á podolización sobre baixo a influencia dos breixos substituíntes. Nestes conxuntos de breixos ou toxeirais (*Daboecienion cantábricae*) xa son frecuentes,



ademais dos habituais nos conxuntos de breixos eurosiberianos, algúns elementos occidentais mediterráneo iberoatlánticos; a combinación florística máis común destes metorraís deparados é a formada por *Ulex minor*, *Ulex gallii*, *Ulex europaeus*, *daboecia cantabrica*, *erica cinerea*, *erica umbellata*, *calluna vulgaris*, *halimium alsdoides*., *thymus caespitius*, *tuberaria glouarifolia*, *pseudarrhetherum lonxifolium*, Os piornais ou xesteiras (*Cytisus striatus*) que orlan ou substitúen ás carballeiras montanas desta serie, posúen aínda solos mulliformes de matiz forestal ben conservados; nela poden ser comúns: *Cytisus scoparius subsp. striatus*, *Cytisus scoparius subsp. striatus*, *Cytisus multiflorus*, *Xenista florid subsp. polygalophylla*, *Rubus grex lusitanicus*, *Adenocarpus complicatus*, *Erica arborea*, *Pteridium aquilinum*, ... Especies bioindicadoras desta serie son *Anemone trifolia subsp. albida*, *Betula celtiberica*, *daboecia cantábrica*, *erica argonenis*, *Xenistella tridentata*, *Ulex gallii subsp. gallii*, *Ulex gallii subsp. breogani*, *Cytisus striatus* e *Ulex minor*. A temperatura media anual oscila entre os 8° e 12° centígrados, e o ombroclima, do húmido superior ó hiperhúmido. Todos estes territorios teñan vocación gandeira e forestal.



ETAPAS DE REGRESIÓN E BIOINDICADORES	
NOME DA SERIE	8d. Montana galaico-portuguesa acidófila do carballo
Arbore dominante	<i>Quercus robur</i>
Nome fitosociolóxico	<i>Vaccinto myrtilli-Querceto roboris sigmetum</i>
I. Bosque	<i>Quercus robur</i> <i>Betula celtiberica</i> <i>Vaccinium myrtillus</i> <i>Saxifraga spathularis</i>
II. Mato denso	<i>Cytisus striatus</i> subsp. <i>striatus</i> <i>Cytisus scoparius</i> subsp. <i>scoparius</i> <i>Cytisus multiflorus</i> <i>Genista florida</i> subsp. <i>polygaliphylla</i> <i>Genistella tridentata</i> <i>Erica arborea</i> <i>Pteridium aquilinum</i>
III. Mato degradado	<i>Daboecia cantabrica</i> <i>Ulex minor</i> <i>Ulex galli</i> subsp. <i>breogani</i> <i>Ulex europaeus</i> <i>Erica cinerea</i> <i>Erica umbellata</i> <i>Erica aragonensis</i> <i>Calluna vulgaris</i>
IV. Pastos	<i>Agrostis capillaris</i> <i>Avenula sulcata</i> <i>Anthoxanthum odoratum</i>

Piso colino:

En todo este piso bioclimático as cabezas de serie ou etapas maduras das sinasociacións teñen unha estrutura boscosa, na que predominan as árbores



caducifolias, con excepción das series relictas de carrascas e aciñeiras que son perennifolias.

• Serie colina Galaico-Portuguesa acidófila de Carballo ou Quercus robur.

A esta serie corresponde no seu óptimo estabel unha carbelleira densa de carballoos que opode levar unha certa cantidade de meloxos (*Quercus pyrenaicas*) acivros (*ilex aquifolium*) castiñeros (*castanea sativa*) loureiros (*laurus nobilis*) e sobreiras (*Quercus suber*). No sotobosque da carballeira, adema ´si dunbo número de herbas nemorais esceófilas (*teucrium scorodonia*, *hypericum prulchrum*, *holcus mollis*, *asplenium onopters*, *luzual forsteri*, *vola riviniana*, *linaria subps. Albida*, *imphalodes nitida*, *aquilexia vulgaris* *anemone trifolis* ,*luxual sylvtica*) existe un sotobosque arbustivo máis ou menos denso no que soen atoparse elementos mediterraneos da clase quecetus ilicis (*ruscus aculeatus* *daphne gnidium*, *rubia peregrina* *viburnum tinus*,...) coexistindo con outros de áres máis amplia (*pyrus cordata*, *lonicera perichymentum*, *frangula alnus*, *crataegus monogyna*, *corulus avellana*,...) O areal desta serie parece coincidir bastante ben co piso colino do sector Galaico-Portugués. A degradación moderada dos bosques desta serie permite a extensión das xesteiras oceánicas e mesomediterrranesa, pobres en especies de distribución GalaicoPortuguesa, ourensá , cunha estrutura que corresponde a un pinal de grande talla rico en fentos, silvas e toxos (*cytissus striatus*, *ulex europaeus Subsp. laterabracteatus*, *rubus lusitanus*, *pteridium aquilinum*,...) Resulta ser moi significativo e diasnóntico na Galica meridional o que ós ascender ó piso montano do sector GalaicoPortugués(*vaccinio myrtilli-queceto roboris sigmetum*) ingresen na xesteira de *cytissus striatus* outros piornos como *xenista polygaliphylla*, *cytissus scoparius* e *cytissus grandiflorus*, que permiten recoñecer outra asociación da mesma alianza e subalianza: *cytisso striati-xenistetum polygaliphullae*.

Os conxuntos dos breixos que aparecen tralos lumes continuados e polas repoboacións de piñeiros resineiros (*pinus pinaster Subs.atlántica*) levan xa un bo número de elementos do breixo mediterráneo iberoa-atlántico do *Ericion umbellatae* (*ulex minor*, *xenista triacanthor*, *cistus psilosepalus*,...)pero manteñen aínda outros do breixo cantabroatlántico do *Daboecienion* (*daboecia cantábrica*, *pseudarrehenatherum lonxifolium*,...)As comunidades de breixo máis significativas desta serie con *Ulicetum laterabracteatominoris*, *Erico umbellatae*, *Ulicetum minoris* e *ulici-ericetum cinereae cistetosum psilosepali*.



A vocación dos territorios correspondentes a esta serie é agrícola, forestal e gandeira. Bioindicadores da serie son: *Quercus robar*, *saxifraga sphularis*, *phusospermum cornubiese*, *omphalodes nitida*, *hypericum pulchrum*, *saxifraga hirsuta*, *blechnum spicant*, *viola riviviana*, *tamus communis*, *linaria triornithophora*, *anemone trifolia* Subs. *albida*, *erica arborea*, *dryopteris aemula*, *dryopteris corleyi*, *holcus mollis*, *teucrium scorodonia*, *ulex gallii*, *ules galli* Subs. *Breogani*, *cytismus ingramii*, *cytismus commutatus*, *cytismus striatus* Subs. *Striatus*, *ules europeatus* subs. *europaeu*, *ulva eropeatu* Subs. *Laterbracteatus*, *erica umbellata*, *erica vagans*, *daboecia cantábrica*, *pseudarrhenatherum lonxilfolium*, *halimium alyssoides*, *thymus caespititius*, *tuberaria globularifolia*, *lithodora próstata* susp. *Porstrata*. A continuación relaciónanse a xeito de táboa as etapas de regresión os bioindicadores da serie:



ETAPAS DE REGRESIÓN E BIOINDICADORES	
NOME DA SERIE	8c. acidófila colina galaico-portuguesa do carballo
Árbore dominante	<i>Quercus robur</i>
Nome fitosociolóxico	<i>Rusco-Querceto roboris sigmetum</i>
I. Bosque	<i>Quercus robur</i> <i>Ruscus aculeatus</i> <i>Pyrus cordata</i> <i>Physospermum comubiense</i>
II. Mato denso	<i>Cytisus striatus</i> <i>Ulex europaeus</i> <i>Arbutus unedo</i> <i>Rubus lusitanus</i>
III. Mato degradado	<i>Daboecia cantabrica</i> <i>Ulex minor</i> <i>Erica cinerea</i> <i>Halimium alyssoides</i>
IV. Pastos	<i>Agrostis capillaris</i> <i>Auennula sulcata</i> <i>Anthoxanthum odoratum</i>

ESTADO DE VEXETACIÓN ACTUAL

A vexetación actual de Galicia é o resultado de dous factores: a evolución das poboacións vexetais ó longo das distintas épocas xeolóxicas, paralelamente coa evolución conxunta dos animais, e a influencia humana sobre a devandita vexetación, que configura unha fitopaisaxe altamente humanizada. Actualmente os relictos do clímax son retallos escasos no territorio e buscan o seu refuxio nos lugares menos propicios á actividade humana, como poden ser biotopos de montaña, gándaras e serras.

A situación actual das fragas orixinais atópase profundamente alteradas, transformadas ou substituídas mentres que noutras partes desapareceron. A presenza actual das formacións climáticas é escasa. Hai estruturas abertas de diferente grao situadas polo xeral no fondo de valgadas, en zonas de difícil acceso que non poden ser utilizadas alternativamente e que se autoprotegen do lume,



quedando os carballos a orlas ripisilvas estreitas nas márxenes dos ríos (Pe: Foloso en Avión).

Hai que facer referencia á presenza de *Quercus pyrenaica* na área potencial, formando parte das etapas de recuperación da vexetación. Outras veces forma masas mixta con *pinus pinaster* que medran en solos queimados, anque nestes lugares soen ser de talla inferior.

Nas ribeiras dos ríos teñen tramos discontinuos de bosques formados por ameneiros (*alnus glutinosa*) e salgueiros (*salix atrocinerea*) acompañados por algúns freixos (*fraxinus angustifolia*) ou *salix salvifolia*. Normalmente encóntanse en diferente grao de degradación como consecuencia das cortas e repoboacións con elementos alóctonos que favorecen a penetración de especies invasoras como mimosas.


Tamén teñen importancia as formacións antrópicas, estando ocupadas a maior superficie por piñeirais de *pinus pinaster*. Esténdese ata a cota dos 900m sobre solos de todo tipo. A estrutura das formacións varía dende as que ocupan pequenas superficies sobre os solos de mellor calidade (mezcladas con *Quercus robur*, *Quercus pyrenaica* e *Quercus ilex* en menor proporción) ata outras con pés coetaneas e máis densas, produto de plantacións sobre comunidades uz-toxo. Os piñeirais de *Pinus sylvestris* ocupan unha área máis reducida, normalmente por encima dos 900m de altitude. No caso das repoboacións coetáneas e monoespecíficas como na maior parte do concello de Avión, as superficies reducíronse considerablemente como consecuencia dos incendios forestais, quedando reducidas a pouco máis de 400has.

O *eucaliptus globulus* distribéñse no concello de Avión presentando as parcelas de maior tamaño respecto das outras áreas do Ribeiro, nas que ademáis se incorpora a especie e- *delgatensis*. Distribéñse en agrupación arbóreas ata os 400m de altitude.

Escasa representación na zona presenta o castiñeiro (*castanea sátiva*) e o olmo (*ulmus minor*), reducéndose polo xeral a exemplares illados.



Pódese decir que a paisaxe vexetal orixinaria consérvase nas zonas de acceso máis difícil e na zona inmediatamente adyacente ós ríos, mentres que no resto encóntrase degradada, debido sobre todo a superficie que se dedica a cultivos (principalmente vide), mentres que noutras se optou pola introducción de especies alóctonas de maior rendibilidade.



ESPACIOS PROTEXIDOS

Serra do Suído

Situación:

Concellos pontevedreses de A Lama, Fornelos de Montes e Covelo, e mais os ourensáns de Aviión e Beariz.


Descrición:

As serras do Suído xunto coa do Cando forman unha primeira barreira que recolle un gran volume de precipitacións atlánticas no sur da Dorsal Galega. A orografía condiciona unha paisaxe de elevacións e altiplanicies ata os mil metros. Conserva boas manchas boscosas como as carballeiras. Nos altos son frecuentes os pasteiros e, precisamente, o aproveitamento gandeiro deu orixe aos chouzos. Estes refuxios



de pegureiros son robustas edificacións de granito, con paredes que superan o medio metro de grosor e teitos de grandes laxes sobre as que a carriza serve de illante térmico. No interior, salientan os arcos que sorprenden pola súa amplitude e fábrica de ermida para albergar o gando da serra. Nos últimos tempos estas construcións cuxa orixe se remonta á Idade Media foron rehabilitados.

Na vertente ourensá, as fervezas do Tourón, e os pequenos cadoiros que se forman coa choiva preto da aldea de Mouriscados. Nesta vertente ten a súa nacente o río Avia, que configura a rede hidrográfica do concello de Avión e que une as súas augas ao Miño



2.1.9. DEMOGRAFÍA DE AVIÓN


Avión ten 1962 habitantes, representando o 0,97% de la población provincial e o 0,13 de la gallega.

A poboación do concello de Avión distribúese en nove parroquias, aínda que a maior concentración dáse na capital municipal, logo os núcleos máis pretos das vías de comunicación e das terras con menores dificultades orográficas.

Poboación (Padrón)	Total	Homes	Mulleres	Período
Poboación total	1.962	900	1.062	2015
de 0 a 15 anos	94	53	41	2015
de 16 a 64 anos	919	441	478	2015
de 65 e máis anos	949	406	543	2015
Poboación estranxeira	37	15	22	2015
Idade media	59,2	56,7	61,4	2015

Fonte: IGE

Cifras oficiais da poboación a 1 de xaneiro [Filtros: Espazo=Avión ;]



Entidades de poboación

	Entidades colectivas	Entidades singulares	Núcleos de poboación	Diseminados
2015	9	36	36	0



PARROQUIA DE AVIÓN (SAN XUSTO E PASTOR) - 20KM2

	TOTAL	HOMES	MULLERES
AVIÓN (SANTOS XUSTO E PASTOR)	588	279	309
CERNADAS	38	16	22
AVIÓN	297	144	153
SAN VICENZO	63	24	39
BERESMO	190	95	95

PARROQUIA DE BARROSO (SANTA EULALIA) 13,1km2

	TOTAL	HOMES	MULLERES
BARROSO (SANTA BAIA)	134	70	64
BARROSO	111	60	51
VILAR	23	10	13

PARROQUIA DE NIEVA (SANTA MARÍA) 25,6Km2

	TOTAL	HOMES	MULLERES
NIEVA (SANTA MARÍA)	264	121	143
BELECÓN	52	23	29
CAMPOSANCOS	54	27	27
CASEIRO	37	17	20
OROSO	62	24	38
CERDEIROA	11	6	5
LAGOA	20	13	7
MOTA (A)	8	2	6
PORREIRA	20	9	11

PARROQUIA DE CORTEGAZAS (SAN ANTONIO) 81 km2

	TOTAL	HOMES	MULLERES
CORTEGAZAS (SANTO ANTONIO)	4	1	3
CORTEGAZAS	4	1	3

PARROQUIA DE AMIUDAL (SANTIAGO) 13,1km2

	TOTAL	HOMES	MULLERES
AMIUDAL (SANTIAGO)	198	87	111



AMIUDAL	128	58	70
ESPIÑEIRO	36	13	23
PASCAIS	34	16	18

PARROQUIA DE COUSO (SANTA MARÍA) 16,9km²

	TOTAL	HOMES	MULLERES
COUSO (SANTA MARÍA)	89	36	53
COUSO	18	9	9
HEDREIRA (A)	17	7	10
PENEDO	20	8	12
TABOAZAS	6	2	4
VILLARIÑO	28	10	18

PARROQUIA DE ABELENDAS (SANTA MARIÑA) 15km²

	TOTAL	HOMES	MULLERES
ABELENDAS (SANTA MARIÑA)	483	223	260
ABELENDAS	239	112	127
ABELENDAS	239	112	127
BOEIXOS	25	12	13
CARIXA (A)	19	9	10
MOURISCADOS	55	24	31
MOURISCADOS	55	24	31
RODEIRO	51	25	26
CASAR DO NABO	18	9	9
MANGÜEIRO	29	13	16
POR DE LAPA	47	19	28

PARROQUIA DE BAÍSTE (SANTA MARÍA) 5,6 Km²

	TOTAL	HOMES	MULLERES
BAÍSTE (SANTA MARÍA)	173	75	98
ACEVEDO	4	1	3
BAÍSTE	27	13	14
LIÑARES	103	41	62
RUBILLÓN	39	20	19

PARROQUIA DE CÓRCORES (SANTA MARIÑA) 13,1 Km²

	TOTAL	HOMES	MULLERES
CÓRCORES (SANTA MARIÑA)	29	8	21
CÓRCORES	29	8	21




A densidade de poboación é baixa (16,2hab/km²). Valor este moi condicionado pola súa extensión e topografía (estribacións da Serra do Suído), circunstancia ésta que se pode apreciar con claridade se comparamos a densidade de Avión con outros concellos do Ribeiro nos cales aqueles de menor extensión é de terras con menor altitude, entorno a vales fluviais presentan as maiores densidades.

DINÁMICA E ESTRUCTURA DEMOGRÁFICA

A localización nunha municipal unha zona deprimida, con maior dificultade para o desenvolvemento económico e menor accesibilidade territorialmente fixo que perdera grande parte da poboación, a cal emigrrou a outras áreas máis ou menos afastadas buscando unha maior calidade de vida, por iso a densidade de poboación é especialmente baixa.

A distribución da poboación a penas variou nos últimos 35 anos. Se ven obsérvase unha taxa de crecemento municipal negativa.



A evolución dos recursos humanos está determinada pola importancia que adquire a emigración a partir dos anos 50, que provoca un decrecemento poboacional acelerado ata 1970. Entre 1981-86 prodúcese un importante ascenso poboacional favorecido polo retorno de emigrantes, sobre todo os de primeira xeración.



Na actualidade Avión conta con 1.962 habitantes de feito e entrou nunha dinámica regresiva a consecuencia da súa escasa vitalidade demográfica.

A súa taxa de natalidade é moi baixa (1,4 no 2015), aínda que o seu valor é relativo ó non se censa a maior parte dos nacementos procedentes das familias emigradas, malia o regreso da maioría dos nenos ó concello. Tamén está condicionada polo baixa taxa de fecundidade e nupcialidade ó emigraren máis homes que mulleres.

A taxa de mortalidade é elevada (14 no 2015) en gran medida debido ós movementos migratorios que afectan principalmente os efectivos de mozos, provocando así un marcado avellantamento (o dos habitantes son maiores de 65 anos).

Conforme estas dúas variables, o seu crecemento vexetativo alcanza no trienio 86-89 unha taxa de -7,53 por mil, semellante á de 1990-91, é un saldo vexetativo no 2006 de -30. En consecuencia o índice de substitución xeracional tamén é negativo (0,82) ó ser inferior a un.

Movemento natural da poboación	Total	Homes	Mulleres	Período	Fonte
Nacementos	5	3	2	2015	IGE-INE
Defuncións	27	12	15	2015	IGE-INE
Matrimonios	2			2015	IGE-INE
Saldo vexetativo	-22			2015	

IGE, INE. Movemento natural da poboación

Ten, ademais unha taxa de intensidade emigratoria moi elevada, superior ó 9 por mil. Este valor haino que poñer en relación coas dúas correntes migratorias que seguiu: unha americana e outra europea. Ambas estiveron provocadas na súa orixe



polo escaso potencial de emprego e de recursos do concello, incapaz de sostelo alto crecemento vexetativo existente nese período.

Movementos migratorios	Emigracións	Inmigracións	Período	Fonte
Á mesma provincia	13	9	2015	INE
A outra provincia	26	10	2015	INE
A outra comunidade	9	4	2015	INE
Estranxeiro	68	43	2015	INE

A emigración a ultramar observa unha variación ó longo dos anos en canto ó lugar de destino. Así, nunha primeira etapa, son Venezuela e Brasil os países preferentes, para pasar desde os anos 70 á actualidade a selo México.

A emigración europea tivo unha importancia cuantitativa menor, dirixida na súa maioría cara a Alemania, seguida a maior distancia por Holanda e Suíza. Hoxe en día mantense a Suíza mediante contratos temporais.

As características ocupacionais ou demográficas varían tamén en émbolos casos. En dirección a América embarcaban matrimonios campesiños novos en vías de formación, que realizan con posterioridade intercambios en busca dun reagrupamento familiar. A eles uníase un grupo de adultos entre os 40-55 anos, con predominio dos homes sobre as mulleres. Polo contrario, cara Europa existía unha proporción numérica igualitaria entre émbolos sexos. É unha man de obra non cualificada (peóns industriais e de servizos) composta por persoas de 20-40 anos.


Por último, hai que citar unha migración interior que se dirixe a áreas urbanas (Vigo preferentemente, pero tamén Ourense e O Carballiño) xerada por emigrantes retornados que non se asentaron no municipio e que creou, no caso de Vigo unha colonia moi importante.

Encanto a estrutura demográfica da poboación de Avión o concello ten un altísima porcentaxe de poboación maior de 65 anos (35.67%), maior que a media galega e provincial, como consecuencia desa elevadísima emigración que sufriu e que trouxo consigo o retorno da poboación en idade moi avanzada, e a marcha dos novos en idade de procrear.



Esta estrutura demográfica actual presenta unha acentuación do envelhecimento nun futuro próximo, o que unido ó saldo migratorio de saldo negativo, provoca cada vez un maior despoboamento.

O grupo de novos menores de 15 anos (6,26%) non alcanza un volume suficiente para repoñer a poboación madura. A iso únese unha moderada porcentaxe de adultos (58,05%).




Tendo en conta os datos o Índice de dependencia da poboación é probablemente o que mellor expresa o grado de avellantamento demográfico que caracteriza ó concello de Avión. (índice de envellecemento 377,5).

A alta porcentaxe de poboación vella e pola contra, unha pequenísima proporción de menores de 15 anos os índices de dependencia senil que está moi por enriba da media provincial, mentres que o índice de dependencia xuvenil está por debaixo da media provincial. Polo tanto o índice de dependencia xeral queda nun nivel alto, e alto con respecto a provincia de Ourense e Galicia.



Poñendo en relación os grupos de idade, podemos atopar outro índice básico para o estudo demográfico actual e as posibilidades futuras. Este índice chamado "capacidade de reposición" non alcanza o límite 1, que asegura o reemplazo xeracional. Este feito formula situación que hai que ter en conta como é a dotación de equipamentos e servizos, pois o ser un concello regresivo aumentará a demanda de servizos de terceira idade. Ademais, o grande envellecemento demográfico supón na maioría dos casos un freo á introducción de innovacións, ante a menor receptibilidade da poboación vella. Poboación na que primeiro por causas naturais e logo por motivos da emigración presenta unha porcentaxe maior de mulleres que de homes.

Poboación segundo sexo e grupos quinquenais de idade [Filtros: Espazo=Avión ;]



En definitiva a evolución da poboación é regresiva e na que as previsións poboacionais feitas esperan para o 2007 son as seguintes:


Clase de idade	2011	
	Homes	Mulleres
0-4	25	18
5-9	22	9
10-14	19	16



15-19	28	31
20-24	45	35
25-29	60	59
30-34	59	66
35-39	60	60
40-44	71	73
45-49	76	62
50-54	54	68
55-59	63	93
60-64	78	96
65-69	125	137
70-74	88	93
75-79	114	136
80-84	60	97
85-89	28	60
90 e máis	18	64

IGE.

Por último pódese falar da relación demográfica que o concello mantén coa comarca do Ribeiro, onde a pesar dos datos aportados, e en xeral pouco positivos vemos que ten certa importancia poboacional no ámbito comarcal.



■ ARNOIA ■ AVIÓN ■ BEADE ■ CASTRELO DE MIÑO ■ CENLLE ■ CORTEGADA ■ LEIRO ■ MELÓN



2.1.10. ECONOMÍA

Avion posúe unha taxa de actividade xeral (56,6%) superior á media rexional e provincial, tanto con respecto os homes como as mulleres. A taxa de actividade feminina axudou a compensalo descenso da masculina que emigraba, por eso si observamos a evolución total da taxa ésta case non varía.

	2001		
	Total	Homes	Mulleres
Taxa de actividade	21,8	27,1	17,8
Taxa de ocupación	19,5	24,0	16,0
Taxa de paro	10,7	11,3	10,0

As súa estrutura productiva, reflexo do subdesenvolvemento rural imperante, está formada maioritariamente por pequenos agricultores os cales restan ás demais actividades todo protagonismo.

	579
Agricultura e pesca	*
Construción	*
Industria	*
Servizos	486

INE(*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe

As taxas de paro son baixas (incluso menores que a media provincial) como consecuencia do subemprego dominante, fundamentalmente no sector primario, que xera en contrapartida unhas taxas totais de ocupación elevadas. Destaca a elevada taxa de ocupación no grupo de idade entre 55 e 64 anos. Isto é entre outras causas, a emigrantes retornados os que lles interesa continuar pagando o seguro ata os 65 anos, para cobrar a posteriori unha xubilación.

Paro total	Agricultura/Gandería	Industria	Construción	Servizos	Sen emprego anterior
1999	1999	1999	1999	1999	1999
51	3	9	3	30	6

A súa estrutura de emprego presenta unha porcentaxe moi importante de traballadores independentes (59,70%) seguidos pola axuda familiar cun 25,44%.




A cualificación da súa poboación é escasa, cunha alta porcentaxe de persoas sen estudos (56,50%) ó que se une o 20,83%) de persoas con soamente o primeiro grao, o que ten que ver coa elevada idade da maioría da poboación. Os estudos de segundo e terceiro grao non alcanzan ó 16%. E todo isto supón un freo á modernización das actividades agrícolas predominantes.

Empresas con actividade en Avión

Total	Persoas físicas	Sociedades anónimas	Sociedades de responsabilidade limitada	Sociedades cooperativas	Outros
60	41	0	7	0	12

IGE. Explotación do directorio de empresas e unidades locais



AGRICULTURA E GANDEIRÍA

Este sector ten unha estrutura agraria minifundista, caracterizada por unha importante parcelación das explotacións a maioría con chousumes de pedra- que funcionan en réxime de autoconsumo. A súa baixa rendibilidade vén determiada por varios factores, entre os que destaca a escasa adaptación a procesos de innovación, unido a un avellentamento progresivo dos seus titulares.

Aproveitamento das terras labradas nas explotacións agrícolas:

	Cultivos herbáceos	Frutais	Olivar	Viñedo	Outras terras labradas
2009	17	3	0	1	0

INE. Censo Agrario

Explotacións agrarias segundo a superficie total

Total	
2009	76
Explotacións sen terras	
2009	1
Explotacións con terras	
2009	75
>=0,1 a <5	
2009	56
>=5 a <10	
2009	15
>=10 a <20	
2009	3
>=20 a <50	
2009	0
>=50	
2009	1

Estes campesiños propietarios reciben a maior parte dos seus ingresos mediante rendas xeradas fóra desta actividade (remesas de emigrantes e subsidios), así como da venda nos mercados rurais dos produtos residuais, o que os axuda a elevalo seu nivel de vida.

A terra de cultivo (6.50% da superficie) está ocupada por cultivos tradicionais Onde cabe destacar a importancia menor do cultivo da vide que maioritariamente dedícase ó autoconsumo. O municipio de Avión presenta unha escasa dedicación a terras de cultivo, (especialmente se o comparamos co resto de concellos da comarca onde o cultivo da vide é de grande relevancia, especialmente desde que no



ano 1986 se otorga a denominación de orixe). Hai unha maior dedicación a prados pola relativa importancia da gandería.

O segundo cultivo de gran importancia en canto a superficie é o cultivo herbáceo co 50% e onde destacan as producións de millo e centeno, froito da dedicación gandeira.

En canto a maquinaria utilizada para o traballo da terra, non é moi numerosa, feito que pode estar relacionado co tipo de cultivo, o tamaño das explotacións e a orografía abrupta, así como pola carencia duns axeitados accesos ás leiras, que fan moi difícil a rendabilidade desta maquinaria. Sen embargo, o grao de mecanización é suficiente e está adaptado as necesidades.

Estas economías agrarias compléntanse coa actividade gandeira, que se adapta mellor ás condicións edafolóxicas e climáticas do medio, e presenta certo desenvolvemento. O gando bovino, pouco especializado e de dedicación mixta, vai introducindo animais de raza selecta dedicadas á produción de leite (vacas frisonas). O porcino, con cabezas, oriéntase ó consumo familiar e ten unha arraigada tradición a mata do outono.

O gando bovino está moi vencellado ás economías de subsistencia tan características do mundo rural, na que este tipo de gandería se aproveitaba fundamentalmente para axudar no traballo da terra, para o autoconsumo de leite e derivados e como fonte de ingresos excepcional coa venda de tenreiros.

Nos últimos anos estase a arrendar os terreos abandonados en favor de gandeiros foráneos con bobino en extensivo que están a mellorar a estrutura do territorio xa que coidan do terreo no que pastan, tanto en montes veciñais como en terreos particulares que rodean ós pobos.

Efectivos e explotacións de gando bovino

2014	
Número de explotacións	18
Número de bovinos	203
Número de vacas	112
Número de vacas de muxidura	0
Número de vacas de non muxidura	112
Outros bovinos	91

IGE. Elaboración a partir dos datos do SITRAN




A gandería menor é de importancia no concello e en xeral na comarca do Ribeiro, xa que van da man da cooperativa COREN. Son estas granxas con carácter extensivo adicadas especialmente os polos de curral, que se están a potenciar como carne de maior calidade. O futuro deste subsector pasa pola ampliación da capacidade das granxas. COREN non admite novos socios por acordo en assemblea, polo que os socios están aumentando a capacidade, pola viabilidade desta dedicación e os socios maiores asociarse nas macrogranxas, con moderna tecnoloxía e pechan as súas instalacións.

Granxas de polos en Avión (2015)

Nº DE GRANXAS	PRODUCCIÓN	TOTAL
2	12.000+18.000	30.000

E non hai que esquecer o número de unidades existentes en tódolos fogares da área rural para o seu propio autoconsumo que, aínda que é moi difícil precisalo seu número, ó ser unha gandería con moita mobilidade, é unha cantidade elevada que non está contabilizada.



En canto ó uso forestal é moi elevado, dadas as condicións climatolóxicas e de relevo. Se ven nos últimos anos os incendios forestais fixeron decrecer esta superficie. Neste caso a especie máis dominante é o piñeiro, tanto nos montes comunais que proceden das repoboacións do estado, como nos montes particulares

USOS DO SOLO	
TERREO FORESTAL	OUTRAS SUPERFICIES
74.86%	25.31%

INDUSTRIA

A súa escasa poboación activa reflicte a atonía que caracteriza este sector. Soamente aparece representado nas manufacturas da madeira, que posúen unha insuficiente industrialización dos seus produtos dentro do municipio, malia a súa alta potencialidade-o espazo forestal abrangue o 74,8% dos aproveitamentos do chan e dentro del un 59,35% correspondente ó monte madeirero.

CONSTRUCCIÓN

O municipio ten escasas e pequenas empresas de construción, que xeran unha escasa poboación activa (14,62%) e cun ámbito de traballo comarcal.

Dentro deste sector hai que mencionala importancia da construción de vivendas como segunda residencia, obras que realizan na súa maior parte constructores foráneos.

Vivendas segundo o tipo de vivenda

Total	2.140
Vivendas familiares	2.140
Vivendas principais	1.017
Vivendas non principais	1.123
Vivendas secundarias	468
Vivendas baleiras	655
Vivendas colectivas	0



TERCIARIO.

O escaso grao de desenvolvemento dos sectores productivos refléctese na debilidade do sector terciario, que está condicionado na súa evolución polo crecemento das actividades básicas, orientadas á demanda interior. Trátase de pequenas empresas familiares, algunhas delas resultado dos investimentos realizados polos emigrantes – hostelería, supermercados-.

Establecementos de comercio polo miúdo. Datos xerais (2015)

Número empresas	7
Número establecementos	8
Densidade comercial	2,83
Número establecementos por km2	0,07
Superficie venda media	38,76
Superficie venda por habitante	0,11
Taxa superficie comercial	19,19%

IGE. Estructura do comercio

Aloxamentos turísticos

Existen soamente dous aloxamentos turístico ou de aloxamento rural de hoxpedería.

A súa actividade comercial, debido ó seu afastamento das grandes áreas comerciais da rexión e reforzado polo seu déficit de accesibilidade, aínda mantén antigas formas de comercialización: mercados ambulantes e feiras periódicas que xeran unha economía de intercambios locais.

Posúe un elevado número de entidades bancarias (2.05 por cada mil habitantes) resultado dos elevados ingresos procedentes da emigración, cunha elevada capitalización.



Oficinas de entidades de crédito (2006)

Total	5
Bancos , oficina ou axente de banco	5
Caixas de aforros	0
Cooperativas de crédito	0
Establecementos financeiros de crédito	0

A debilidade da súa renda familiar dispoñible compénsase con ingresos que envían os familiares emigrados.

Os indicadores económicos que nos poden mostrar a calidade de vida dos habitantes dun determinado espacio, son as dotacións sanitarias, educativas, recreativas, o parque de vivendas e os vehículos dos que se dispoñen. Onde poderemos observar unha considerable mellora.

	Recursos			Empregos			
	Excedente de explotación bruto / Renda mixta	Remuneración dos asalariados	Prestacións sociais	Outros recursos	Impostos renda e patrimonio	Cotizacións sociais	Renda dispoñible bruta
euros por habitante	1.559	404	1.374	5.935	99	204	8.969

Os habitantes do municipio de avión dispón dun censo de vehículos amplo.

2014	
Total	1.987
Turismos	1.651
Camións e furgonetas	252
Autobuses	1
Motos	41
Tractores industriais	3
Outros	39



2.1.11. POBOAMENTO

As características do poboamento dos concellos comprendidos nesta zona se resumen na dispersión favorecida pola configuración do relevo, a altitude e os microclimas que se forman nas vertentes de diversa insolación e aporte hídrico.

Dende o punto de vista económico, o sector primario é o que ocupa á maior número de personas. A economía agrícola baséase na explotación do campo destinada á autosubsistencia e ó autoconsumo, do que só se comercializa unha pequena parte. Sen embargo, ata fai pouco, nas zonas de montaña se desenvolve unha economía gandeira que producía o excedente comerciable, sendo a agricultura o complemento. De feito, tratase de unha zona de tradición gandeira antiga, practicada polo menos dende época medieval e que seguía en plena vixencia ata fai uns 40 anos.

Na actualidade esta balanza atópase invertida ou igualada, no mellor dos casos. A paisaxe agraria evolucionou moi pouco, mostrando unha morfoloxía de dominio de parcelas de cultivo moi pequenas e de formas irregulares, limitándose, a zona cultivada, ás vertentes de algúns vales situados en torno os núcleos de poboación. En 1972 a superficie labrada representaba o 6,7% da superficie total aproveitable, mentres que a monte adicabase o 93,2%, onde a maior parte era monte baixo dedicado a pastos.

Por outra parte, o fenómeno migratorio supuxo para os habitantes destes municipios, especialmente os de A Lama e Avión, unha forte ruptura coa tradición económica anterior plasmada tamén en outro tipo de aspectos máis intanxibles como poden ser a percepción e construción do entorno. Nun principio esta emigración dirixíuse cara Portugal, sobre todo nas décadas que siguen á Segunda Guerra mundial, e posteriormente ós países americanos como Brasil, México, Venezuela, Argentina ou Panamá, xa con un carácter definitivo. Oxe en día, este fenómeno migratorio intercontinental vaise reducindo ó tempo que a migración interna foise incrementado debido a que unha pequena parte da poboación activa ten que facer desplazamentos diarios por ter seus postos de traballo nos municipios



limítrofes. De todos modos, o número de habitantes destes lugares é moi reducido o índice de envellecimento é superior ó da media da comunidade gallega.

Pese a que a agricultura foi o motor económico de Galicia, a gandería tivo un interés fundamental, non sólo pola abundancia e calidade senon tamén polo rol que desempeñaba na economía rural, xa que eran moitos os lugares que vivían fundamentalmente do seu coidado. Éste é o caso da Serra O Suído, o seu potencial ecolóxico, con múltiples espazos idóneos para o desenvolvemento dunha gandería extensiva, deu lugar a formas específicas de organización do espacio onde a subordinación individual ó colectivo era a nota dominante. Normalmente, o gando vacuno pastaba na serra na época estival mentres que no inverno, debido á crudeza das condicións climáticas, o gando mantíñase nas fincas próximas as aldeas. Deste modo, na serra conservanse restos de habitacions de pastores que aquí reciben o nome de *chouzos*, habitáculos de pequenas dimensións caracterizados pola súa adaptación ó medio e ás necesidades da explotación gandeira así como outras estruturas de diversa índole que evidencian un pasado de intensa actividade na serra

2.1.12. INFRAESTRUCTURAS BÁSICAS DO MUNICIPIO

Baixo o concepto de infraestructuras básicas inclúense unha serie de servicios urbanos non relacionados co transporte, caracterizados xeralmente pola súa linearidade, a súa tecnificación e o seu trazado maioritario subterráneo (baixo beirarrúas e/ou calzadas).

Comprende normalmente as infraestructuras de: abastecemento de auga, saneamento e depuración, residuos sólidos, electricidade, gas e telefonía, así como outras derivadas das anteriores, rede de rega, iluminación pública, etc.



Esta xerarquización devén tanto da súa distinta importancia coma do diferente grado de condicionantes urbanísticos que comportan unhas e outras.

ABASTECIMIENTO DE AUGA

A rede de abastecemento de augas municipal abarca o núcleo urbano de Avión, Beresmo, Liñáres e Cernadas e algún núcleo rurais próximos. Parte de dous depósitos localizados no núcleo de Cernadas, cobrándose unha cota.

En Amiudal e Abelenda hai varias traídas en cada un dos núcleos. Os depósitos do concello de Avión foron feitos practicamente todos polo concello.

O abastecemento non chega a tódolos núcleos do rural suplíndose este servicio coa construción de pozos individuais.

Nas zonas rurais farase necesario un control rigoroso das licencias de obra e a súa conexión a acuíferos. Cando exista perigo de superar a capacidade dos mesmos será necesaria a planificación da conexión á traída municipal.

A potabilización das augas lévase a cabo no depósito de augas que abastece a Avión-Beresmo na parroquia de Avión. O tratamento refírese a cloración diaria.

Parroquia	Entidade	Captación
Abelenda	Mouriscados	manancial
Amiudal	Amiudal Espíñeiro Pascais	Manancial Manancial manancial
Barroso	Cernadas Barroso Vilar	Manancial e cola de encoro Manancial manancial
Avión	Avión San Vicente	Manancial e cola encoro Manancial e cola de encoro
Baiste	Baiste Lilñares Rubillón	Manancial Manancial e cola de encoro manancial
Córcores	Córcores	manancial



Cortegazas	Cortegazas	manancial
Couso	Couso Penedo Vilariño	Manantial Manantial manancial
Nieva	Belecón Camposantos Oroso	Manantial Manantial manancial

Consellería de sanidade e asuntos sociais 1994

En xeral o abastecemento de auga potable está moito máis estendido, pero aínda non é xeneralizado debido, entre outras cousas, á dispersión da poboación e a difícil orografía do terreo nalgúns casos.

Isto súplese con pozos e traídas de auga sen control sanitario, que constituíron os propios veciños dos lugares afectados.

SANEAMENTO

A parroquia de Avión de Avión dispón dunha Estación Depuradora de Augas Residuais (EDAR) existente é un dos obxectivos prioritarios do PXOM de Avión. Nesta estación existe un tratamento secundario (coagulación, filtración, precipitación).

Na actualidade a rede de saneamento abarca ao núcleo urbano e a varios núcleos rurais próximos. Contan con rede de sumidoiros os núcleos de Abelenda, Amiudal, Cernadas, Barroso, Avión, San Vicente de Beresmo, Liñares e Vilariño. A pesar de lo núcleos como Abelenda, Beresmo verten a diversos regueiros. Amiudal, Cernadas, Liñares, Vilariño, Barroso veten nos prados directamente.

No desenvolvemento dos solos urbanizables previstos deberase ter en conta a capacidade da rede de saneamento para que tódalas augas residuais sexan tratadas na estación depuradora. Segundo a tipoloxía de empresas que se instalen no futuro parque empresarial estas deberan dotarse dunha EDAR propia ou realizar un pre-tratamento para evitar o vertido directo na depuradora municipal. Deberá




redactarse unha ordenanza municipal referida ao saneamento na que se recollan estes aspectos.

Avión ó contar con pequenas colectividade rurais son moitas as nas que as fosas asépticas xe converten no procedemento máis empregado e mellor adaptado para o tratamento dos efluentes das vivendas illadas, e como se ve no gráfico representa a case o dobre das que contan con servizo de depuración.

RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E INDUSTRIAIS

O concello de Avión xestiona os seus residuos sólidos urbanos a través de SOGAMA. Existen outro tipo de residuos (agrarios, industriais, perigosos, inertes...) que deberán ser xestionados conforme a lexislación vixente procurando evitar os vertidos e os impactos no medio.

Sen embargo e dada a dispersión dos principais núcleos poboacionais a maioría da poboación non ten recollida selectiva de residuos, como se vé reflectado no gráfico que se amosa a continuación



Núcleos de poboación con e sen recollida selectiva de residuos



Polo que se refire á frecuencia, en Avión recóllese a basura dúas veces por semana, salvo excepcións de risco grave de contaminación ou perigo para a saúde. Os residuos recollidos son tratados logo ó centro de transformacións de Ourense. No que ós vertedoiros incontrolados se refire, existen algúns dispersos, sendo máis frecuentes en zonas de accesibilidade difícil.



Emisións contaminantes:

Na normativa proposta no Plan Xeral Urbano do concello de Avión pide-se que na execución do solo urbanizable industrial deberán tomarse as medidas oportunas para evitar que pola súa posición se instalen industrias xeradoras de emisións contaminantes, garantindo o cumprimento da lexislación sectorial correspondente e evitando as emisións e os impactos no medio.

Segundo o "Proxecto de xestión de Residuos Sólidos Urbanos de Galicia" preténdese introducir unha serie de medidas correctoras e de ordenación da activiade de residuos, constituíndo un conxunto de instrumentos que permitan controla-la orde, a secuenciqa e a forma mediante a cal ser realiza o proceso de eliminación racional dos R.S.U.



EQUIPAMENTO SANITARIO

Nos últimos anos o Concello experimentou unha notable mellora no que respecta á cobertura sanitaria.

Segundo o Mapa Sanitario de Galicia Avión englobase dentro da Area Sanitaria de Ourense. De feito o Concello dispón de un Centro de Saúde no núcleo de Avión e un Consultorio Médico parroquial no lugar de Amiudal para consultas e atención primaria. Para a atención médica especializada os doentes derivanse ó Complexo Hospitalario de Ourense:

COMPLEXO HOSPITALARIO DE OURENSE

DERMATOLOXIA-FONSECA MORETON , ARISTIDES

DIXESTIVO-GOMEZ GESTO , CELESTINO JOSE XINECOLOXIA-S.X.

HEMATOLOXIA CLINICA-S.X.

NEUMOLOXIA-S.X.

OFTALMOLOXIA-S.X.

TRAUMATOLOXIA-S.X

C.SANIDADE E S.SOCIAIS PSIQUIATRIA-S.X.

HOSPITAL NOSA SRA. DO CRISTAL

CARDIOLOXIA-S.X

CIRURXIA XERAL E DIXESTIVA-S.X.

ENDOCRINOLOXIA-S.X. MEDICINA INTERNA-S.X NEFROLOXIA-S.X.

NEUROLOXIA-S.X.

OBSTETRICIA-S.X.

PEDIATRIA-S.

RADIODIAGNOSTICO-S.X.

REUMATOLOXIA-S.X.

UROLOXIA-S.X.



HOSPITAL SANTA MARIA NAI ALERGOLOXIA-S.X. UNIDADE SAUDE MENTAL II PSIQUIATRIA-S.X.

O centro de saúde permite a asistencia de medicina xeral, para o que conta con dous médicos de medicina xeral, un ATS/DUE e un responsable de administración. Conta con sala de extraccións.

E en caso de urgencias a poboación do concello pode acercarse o Punto de Atención Continua de Rivadavia.

CENTRO SAUDE AVION

CAMPO DA FEIRA S/N AVION; 32520 OURENSE

Dep. pat.: MUNICIPAL

Ano de construción: 1992

CONSULTORIO AMIUDAL – pechado na actualidade.

ESTRADA DE AMIUDAL 4; 32436 OURENSE

Dep. pat.: MUNICIPAL

Ano de construción: 1956

O consultorio parroquial conta cun médico de medicina xeral, o can en caso necesario deribará ó paciente o Complexo Hospitalario de Ourense.

Conta ademais cun servizo de ambulancia atendido polo personal da Cruz Vermella.

A ambulancia denominada alpha 343 está situada 24 horas do día os 365 días do ano no posto de socorro de Avión, atendendo os servizos urgentes coordinados pola central do 061 de Galicia.

A Cruz Vermella do Ribeiro dispón dun parque móbil composto en total por dúas ambulancias asistenciais e medicalizadas e un vehículo de primeira intervención.

CRUZ VERMELLA

988486282 -112-061

SERVICIOS EDUCATIVOS E SOCIAIS



A oferta educativa inclúe o ensino primario queda representado no C.E.I.P. de Avión.

CENTRO	ALUMNOS	PROFESORES	ALUM/PROF
A.E.I.P Avión	34	4	8

Elaboración propia

Conta o concello cos servizos oficiais do

-Xulgado de Paz

-Oficina de correos

-Servizos sociais, a cobertura social presta atención a tódolos colectivos, entre os que destacan a atención a vellez (conta cun centro de día, servizo de lavandería e comidas) é a muller.

-GES Avión, que realizan servizos de ambulancia, emerxencias, prevención e extinción de incendios, entre outras actuacións.

- Asociacións veciñais e culturais.

SERVICIOS DE LECER E ESPARCIMENTO

Contan os veciños de Avión coa posibilidade de esparcemento nas instalacións de:

- Área recreativa con praia fluvial
- Mirador da Fervenza da Feixa
- Piscina municipal
- 2 pistas privadas de tenis
- 1 pavillón municipal polideportivo
- 1 campo de fútbol

OUTRAS INFRAESTRUCTURAS BÁSICAS

As restantes redes de infraestruturas básicas dependentes de empresas concesionarias e subministradoras.



REDE ELÉCTRICA

En Avión había unha empresa eléctrica particular, que foi comprada por FENOSA.

Os maiores problemas derivados de cortes de enerxía eléctrica son da baixa potencia; en media tensión leváronse a cabo varias accións, o problema é dos soportes, paos, e da medida das liñas de reparto. Contan co alumeadado público en tódolos núcleos. Os maiores problemas débense ata fai pouco tempo en Cernadas (a tensión non chegaba a) [REDE TELEFÓNICA](#)

No que respecta ó servizo de telefonía non existen no termo municipal centrais telefónicas.

Por outra banda, a liberalización en materia de servizo de telecomunicacións fai que outros operadores establezan a súa nova rede infraestructural.

Recentemente o concello puxo en marcha as telecomunicacións sen fíos vía satélite. Que entraou en marcha o 5 de xuño do 2007 e que fai chegar ata o último rincón deste Municipio a rede de Internet, cunha banda ancha moi similar, e incluso superior, a ADSL, pero ademáis coa ventaxa que da a tecnoloxía Wifi, polo que calquer veciño ten cobertura de Internet dentro da casa e, si dispon dun ordenador portátil, poderá moverse libremente polo concello mentras navega pola rede.

AVIÓN – WIFI ten ó ser comunicación vía satélite chega a todos os rincons. Aínda que nalgúns localidades aínda teñan os famosos TRAC como teléfonos. Poderán disfrutar de Internet de banda ancha sen importar esto. Ata o punto de que si bien ata agora non podían enviar ni recibir faxes porque a liña telefónica non o permitía, a partir de agora podrán enviar e recibir por correo electrónico toda a información que queiran.

Cos actuais teléfonos as comunicacións co extranxeiro (e ven sabemos que en Avión o número de emigrantes é numeroso, especialmente en terras mexicanas) fanse as veces moi difíciles polo que a partir de agora poderán facerse millor, incluso, con videoconferencias por Internet.



AVIÓN – WIFI, pon en marcha un servicio moi novedoso, como é a venta de tarxetas prepago de Internet. Tarjetas, que adquieren nos comercios de Avión. Deste xeito o concello é pioneiro nesta materia.

OUTRAS INFRAESTRUCTURAS

Nos límites naturais do concello, localízase un encoro de Albarelos, en augas do río Avia, dedicado a produción de enerxía eléctrica., por parte da compañía UNION FENOSA.

O encoro de Albarelos ten categoría A, polo que debe dispor dun Plan de emerxencias por avenidas en caso de rotura .No caso de que se producira este suceso afectaría o sur do concello, aínda que a orografía non favorece unha circunstancia deste tipo.



2.2 ANÁLISE DE RISCOS

Ve-los Anexos correspondentes, onde se recolle información ampliada sobre o exposto neste apartado e se resumen as medidas de autoprotección e as consecuencias.

2.2.0.IDENTIFICACIÓN DOS RISCOS NO CONCELLO DE AVIÓN

2.2.1. RISCOS NATURAIS

Os riscos naturais son aqueles riscos debidos a factores xeográficos e climatolóxicos. En ocasións son riscos predecibles en función da situación climatolóxica e xeográfica das zonas. Adoitan manterse nun nivel constante ó longo do tempo con períodos de retorno mais o menos largos.

Os Riscos naturais identificados no Concello de Avión a partir do estudio das situacións vividas no derradeiros anos son:

- Vagas de frío
- Secas

XEADAS, NEVADAS E VAGAS DE FRÍO

As nevadas rexistradas no concello acostuman a ser de pouca importancia nas zonas habitadas e non persistentes. Os maiores problemas rexistrados nestes eventos son os derivados da conxelación de conductos, estradas e conduccións. En contadas ocasións foi necesario suspender as clases, mais que nada polos posibles problemas no transporte escolar.

As xeadas, sobre todo as persistentes, solen producir danos na agricultura, accidentes de tráfico e outros danos de diversa consideración, aínda que non son moi frecuentes.



Este risco ten unha relativa importancia xa que é un Concello interior cunha clara vocación gandeira e este fenómeno prexudica a vida diaria da maior parte da poboación.

As vagas de frío son ocasionais e moi relacionadas cos ventos anticiclónicas do norte.

As temperaturas son frescas no inverno e moderadas no verán.

Zonificación: Todo o concello.

Estacionalidade: meses de NOVIEMBRE A MARZO

Ponderación do Risco: (MEDIO)

SECA

A seca, polo contrario, é producida pola falta de chuvias durante un tempo prolongado e pode chegar a producir problemas de saúde pública e perdas na agricultura e gandería, incrementando o risco de incendios forestais.

O subministro de auga en Avión é, maioritariamente, autónomo o que implica que en situacións de seca sexa máis difícil dar solucións a par que existe un menor control sobre a calidade do subministro.

Polo dito anteriormente, é previsible, como xa sucedeu nalgunha ocasión, rexistrar problemas de subministro de auga durante a época estival.

Zonificación: TODO O CONCELLO

Estacionalidade: meses de VERÁN

Ponderación do Risco: (MEDIO)

RISCO SÍSMICO

O modelo sismotectónico da zona oriental de Galicia, correspóndese con unha falla inversa de empurre con orientación NE-SO na que a súa parte norte ten forma de arco, e vaise dobrando ata acadar na parte mais ó sur, unha dirección NO-SE,



seguindo unha traza mais ou menos paralela á falla de Viveiro. Esta falla transcorre case baixo o manto de Mondoñedo, situado a 15 Km de profundidade, sen manifestacións na superficie que permitan o seu cartografado.

O resultado da inestabilidade das placas manifestase a través de tremores (movementos sísmicos). Estes fenómenos son os fenómenos naturais con maior capacidade para producir consecuencias catastróficas sobre áreas concretas de territorio, podendo dar lugar a cuantiosos danos en edificacións, infraestructuras e outros bens materiais, interromper gravemente o funcionamento de servicios esenciais e ocasionar vítimas entre a poboación afectada.

Considerase como zona xeográfica con risco de sufrir terremotos de intensidade igual ou superior a VI, a aqueles Concellos incluídos no Anexo do Real Decreto 997/2002, de 27 de setembro, polo que se aproba a Norma de Construcción Sismoresistente, Parte Xeral e de Edificación (NCSE-02), publicada no BOE nº 244 de 11 de outubro de 2002, que relaciona os Concellos cunha aceleración sísmica básica igual ou maior de 0.4 g. As intensidades sísmicas iguais ou superiores a VII son esperables, nos concellos incluídos na NCSE-02, para períodos de retorno de 100 e 500 anos.

No Consello de Ministros do 16 de xullo de 2004, aprobouse a modificación da Directriz básica de Planificación de Protección Civil ante o risco sísmico, (BOE nº 238 de 2 de outubro de 2004) **o que supón a inclusión das catro provincias galegas nas áreas con risco de sufrir sismos de intensidade igual ou maior a VI (161 concellos).**

Por outro lado, a Comunidade Autónoma de Galicia, a partires do terremoto de Becerreá de intensidade VII e magnitude 5.1, elaborou un plan de actuación específico para a provincia de Lugo, pois aínda que non o esixía a normativa, a experiencia demostrou que era necesario ter planificadas as actuacións necesarias para minimiza-los danos e restablecer a normalidade no menor tempo posible en caso de producirse unha emerxencia deste tipo.

O Plan de Actuación en emerxencias Sísmicas en diversas comarcas da provincia de Ourense ante o risco sísmico establece a organización e o procedemento de



actuación dos medios e recursos de titularidade pública e privada, co obxecto de facer fronte ás emerxencias por sismos ocorridos neste ámbito territorial, permitindo o eficaz desenvolvemento funcións específicas.

O Concello de Avión está incluído nesta relación e é de obrigado cumprimento o establecido neste Plan Especial de Protección Civil.

En consecuencia ten elaborado un PAM específico para este risco.

Zonificación: TODO O CONCELLO

Estacionalidade: TODO O ANO

Ponderación do Risco: (ALTO)

CHOIVAS INTENSAS E INUNDACIÓNS

As zonas inundables son as próximas os ríos que drenan o concello. Os problemas asociados a este tipo de eventos son danos en estradas (derrumbes de ribazoa, caída de vexetación e anegamentos localizados) que poden ser perigosos para os usuarios das mesmas.

Unha inundación prodúcese cando a capacidade de desaugamento do territorio é insuficiente ou nula fronte a unhas precipitación importantes sobre a bacía de drenaxe.

Esta menor capacidade de desaugamento pode ter motivos naturais, ou ser causada por accidentes con orixe independente da actividade antrópica, ou estar inducida polo home mediante a ocupación parcial ou total do leito fluvial.

Para efectos da planificación ante este tipo de sucesos, hai que considerar como áreas de perigo de inundacións aquelas zonas que ó longo do rexistro histórico se viron afectadas por este fenómeno.

Sen entrar en detalle pódese asegurar que toda a precipitación que se rexistra en Avión é de tipo ciclónico e a maior parte ocorre ó paso dos sistemas frontais asociados ás borrascas que ó longo de case todo o ano cruzan Galicia, sobre todo os meses de outubro a marzo.



Os riscos menores que se solen producir por fortes choivas en Avión van dende acumulación de auga de escorrentía nas estradas (bolsas de auga), ata levantamento de tapas de residuais.

Zonificación: Preto dos leitos dos ríos

Estacionalidade: meses de Novembro a Febreiro

Ponderación do Risco: (Baixo) Non existen núcleos importantes afectados.

2.2.2.RISCOS INDUCIDOS POLO HOME

RISCOS TECNOLÓXICOS

Os riscos tecnolóxicos débense á existencia de actividades de carácter tecnolóxico e de estruturas fixas ou móbiles, deseñadas e construídas polo home. Os efectos son planificables coñecendo o sector ó que pertencen, as materias que empregan, e a cantidade que almacenan, pero non se poden definir "a priori" en qué momento se vai a materializar o risco.

A prevención e o que pode reducir de forma importante o risco. Basicamente, ó tratarse de empresas detallistas, almacéns, curtidos, comunicacións, etc, o risco asociado é o de incendio polas materias que utilizan ou almacenan.

Zonificación: PARROQUIAS de, Avión, Abelenda

Estacionalidade: TODO O ANO

Ponderación do Risco: (BAIXO)

TRANSPORTES DE MERCADORÍAS PERIGOSAS

As circunstancias que poden concorrer nos accidentes producidos durante os transportes de mercaderías perigosas fan que deban ser considerados como factores desencadeantes de situacións de grave risco colectivo, catástrofe ou



calamidade pública, ás que se refire a Lei 2/1985, do 21 de xaneiro, sobre Protección Civil, coa conseguinte necesidade para a protección de persoas e bens, do emprego coordinado de medios e recursos pertencentes ás distintas Administracións Públicas, e incluso ós particulares.

Estas características configuran o transporte de mercadorías perigosas como unha actividade de risco que deberá ser materia de planificación de Protección Civil. Así foi considerado na Norma Básica de Protección Civil (R.D. 407/1992, do 24 de abril), que no seu punto 6 determina que este risco será obxecto de plans especiais naqueles ámbitos territoriais que o requiran. A mesma norma básica sinala, no seu punto 7.2, que os plans especiais se elaborarán de acordo coas directrices básicas relativas a cada risco.

Zonificación: NÚCLEOS Ó REDOR DA C-212

Estacionalidade: TODO O ANO

Ponderación do Risco: (BAIXO)

INCENDIOS FORESTAIS

Os incendios forestais constitúen un grave problema, non só polos danos causados de forma inmediata ás persoas e bens, especialmente ós forestais, senón tamén polas consecuencias que derivan dunha situación de deforestación que comporta unha grave deterioración do ambiente.

As circunstancias que concorren nos incendios forestais, como factores capaces de orixinar situacións de grave risco, catástrofe ou calamidade pública a que se refire a Lei 2/1985, do 21 de xaneiro, sobre Protección Civil, fan necesario o emprego coordinado dos recursos e medios pertencentes ás distintas administracións públicas e a outras entidades públicas e privadas.

A organización e estrutura do Plan de Actuación Municipal por Incendios Forestais (PAM Incendios Forestais) que se inclúe como Anexo, realizouse, de acordo co establecido no Platerga (Plan Territorial de Protección Civil de Galicia) xa que é o



Plan Marco da Comunidade Autónoma de Galicia, así como o disposto na Directriz Básica de Protección Civil ante o risco de incendios forestais.

A dirección do plan no Nivel 0 correspóndelle a un representante da Dirección Xeral da Consellería do Medio Rural con competencias na extinción de incendios que é o órgano competente da xestión da emerxencia. Nos niveis superiores, o Alcalde do Concello de Avión ou a persoa que o substitúa, forma parte do comité de dirección do Plan.

Por outro lado o Decreto 21/2005, do 20 de xaneiro, de prevención de incendios e regulación de aproveitamentos forestais, ten por obxecto compatibilizar e regular os aproveitamentos do monte, coa finalidade de previr os incendios forestais e as súas consecuencias, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

Como consecuencia deste Decreto desenvolveuse a Orde do 12 de xullo de 2005 pola que se declaran as zonas de especial risco de incendios forestais.

No Concello de Avión está incluída nesta Orde. A distribución de lumes e superficie afectada por anos é a seguinte:

Ve-lo Plan Anexo correspondente.

Zonificación: Todo o Concello, en especial as parroquias de:

Abelenda, Amiudal, Barroso, Cortegazas, Couso e Nieva.

Estacionalidade: meses de PRIMAVERA E VERÁN

Ponderación do Risco: (ALTO)

INCENDIOS URBANOS E INDUSTRIAIS

Os incendios urbanos poden constituír un perigo grave para a poboación e bens dos cidadáns do noso Municipio.



Ó existir algúns núcleos urbanos máis poboados, como no caso da capital, é posible, como xa sucedeu estatisticamente, que se produzan incendios nos que poden ocorrer desgracias persoais ou que afecten a comercios deste Concello.

O casco urbano de Avión é o que presenta un maior porcentaxe destes incidentes, xunto con outros pequenos núcleos, aínda que o hábitat é disperso.

Zonificación:

- Avión
- Abelenda
- Amiudal
- Baíste

Estacionalidade: TODO O ANO

Ponderación do Risco: (BAIXO)

OUTROS RISCOS INDUCIDOS POLO HOME

CONCENTRACIONES HUMANAS

Os riscos antrópicos son aqueles riscos, *non tecnolóxicos*, que están debidos a actividades humanas ou aglomeracións de persoas en momentos e lugares determinados.

Segundo a situación xeográfica e particularidades específicas da zona de concentración de persoas poden ter consecuencias e magnitudes ben diferentes.

Dentro de estes eventos poderíase incluír as feiras e festas, ademais de outras gastronómicas de lecer. Nos seguintes cadros indícanse outros eventos periódicos que pola súa estacionalidade e as características específicas, poden causar algún incidente.

Zonificación: Eventos e actividades culturais nos que se forman aglomeración de persoas son:

Lugar	Época
Alameda de Avión	2 veces por mes



Beresmo	Domingo de Pascua
Pascals	Último domingo de xuño (tamén se celebran honras religiosas o 13 de xuño)
Liñares	2xullo
Barroso	2º domingo de xullo
Nieva	11 de xullo
Abelenda	18 xullo
Espiñeiro	21 xullo
Amiudal	25 xullo
Sto. Estevo	31 xullo
Avión	1º domingo agosto 2º Venres agosto(Festa Mexicana)
Vilariño	11 agosto
Couso	2º domingo agosto
Caseiro	3º domingo agosto
Abelenda	24 agosto
Rubillón	31 agosto

**Estacionalidade: TODO O ANO CON ESPECIAL INCIDENCIA NA
PRIMAVERA E VERÁN**

Ponderación do Risco: (BAIXO)

ACCIDENTABILIDADE VIARIA.-PUNTOS NEGROS

As travesías dos núcleos de poboación, e casco urbano presentan a característica de ser puntos de accidentes, saídas de vía e esporádicos atropelos a peóns, moitos deles con resultados tráxicos.

Zonificación: C-212

Estacionalidade: TODO O ANO

Ponderación do Risco: (BAIXO)



NIVEIS DE RISCO (RESUMO)		
Nº DE ORDEN	DENOMINACIÓN DO RISCO	NIVEL
1	Incendios urbanos e industriais	BAIXO
2	Chuvias e inundacións	BAIXO
3	Tecnolóxicos BAIXO	BAIXO
4	Concentracións humanas	BAIXO
5	Seca	MEDIO
6	Xeadas, Nevadas e Vagas de frío	MEDIO
7	Accidentabilidade viaria	BAIXO
8	Sísmico	ALTO
9	Incendios Forestais	ALTO
10	Transporte de MM.PP	BAIXO



2.2.3. ANÁLISE DE CONSECUENCIAS

Neste apartado faise un análise de consecuencias e o seu ámbito de aplicación segundo o tipo de evento derivado das fontes de risco.

De xeito xeral, os riscos de orixe natural, sempre ten consecuencias variadas, segundo o fenómeno que se produza e as consecuencias (asociadas) poden ser moi diversas.

Para diminuír estes efectos daráselle a poboación información sobre as medidas a tomar en caso de producirse estes fenómenos, teléfonos de contacto en caso de emerxencia, ademais de publicita-lo 112, e faranse actuacións preventivas sobre os puntos localizados con anterioridade.

XEADAS, NEVADAS E VAGAS DE FRÍO

A combinación de auga e frío poden producir dende danos na agricultura ata cortes de estradas, accidentes e incomunicacións dos pobos.

Aínda así, os efectos sufridos no concello non son especialmente intensos e só producen xeadas ou nevadas de forma puntual que non acostuman a durar máis de tres ou catro días.

As zonas previsiblemente máis afectadas son practicamente todo o concello Como medida precautoria, a demais do correspondente aviso a poboación, serán as de dar indicacións das medidas de autoprotección que se poden adoptar e consellos sobre conducción en circunstancias meteorolóxicas adversas.

CHOIVAS INTENSAS E INUNDACIÓNS

Os temporais de choivas, non representan un risco especialmente importante para a poboación. Ademais dos puntos nos que se localizan anegamentos e desbordamentos que se indicaron en puntos anteriores, non existen puntos de



inundación que fagan necesario unha evacuación masiva da poboación, a orografía de cursos fluviais encaixados non o permiten.

O punto máis importante relacionado con este risco son os riscos viarios da inundación de estradas. Nunca foi necesario evacuar a xente.

Como medida precautoria cumpre segui-las instrucións das autoridades de protección civil e estar atento ás previsións meteorolóxicas.

Tamén cumpre a axeitada limpeza dos leitos dos regatos no outono e inverno.

SECA

As situacións de seca, que a finais da década dos anos oitenta e no derradeiro ano 2005 nos afectaron, crean situacións de emerxencia que precisan unha coordinación eficaz de actuacións dos grupos sociais e das administracións públicas competentes para evitar ou, alomenos, limita-los seus efectos sobre a poboación.

As consecuencias dunha situación de seca prolongada, que cambie ou transforme o medio, concréntanse fundamentalmente na redución das reservas de auga e o aumento de riscos sanitarios. Isto obriga a poñer en marcha programas, accións preventivas e outras medidas de actuación e de intervención.

Pola gravidade da situación causada pola seca, establécense tres tipos de "alerta":

- Alerta de primeiro grao ou alerta verde.
- Alerta de segundo grao ou alerta azul.
- Alerta máxima ou alerta vermella: emerxencia.

Declárase en relación co número de días que se calcule duren as reservas de auga na localidade de que se trate e a redución do consumo total no abastecemento de auga.

- Declárase alerta verde (primeiro grao) cando as reservas de auga para a poboación sexan suficientes para corenta días (40 días), cunha redución do consumo total estimado nun 10%.



- Declárase *alerta azul* (segundo grao) cando as reservas diminúan ata posibilitalo abastecemento durante quince días (15 días), cunha redución do consumo total estimado nun 35%.
- Declárase alerta vermella (alerta máxima) ou emerxencia cando as reservas de auga soamente sexan suficientes para cinco días (5 días), cunha redución do consumo total estimada nun 75%.

Esta clasificación anterior deberase entender sempre como informativa e orientativa, sen prexuízo de que o responsable do servizo de abastecemento (España e Delfín) poida propoñer xustificadamente a declaración de calquera dos tres tipos de alerta, en escenarios distintos dos indicados anteriormente.

Baixo a dirección e coordinación das autoridades de Protección Civil da Xunta de Galicia, as actuacións prioritarias que deben levarse a cabo nesta situación, sen prexuízo doutras específicas e singulares que se realicen, resúmense en:

- Disponibilidade de auga para a poboación afectada, sexa:
- Embotellada.
- En cisternas.
- Realización de obras de infraestrutura hidráulica de emerxencias que permita dispoñer de auga para abastecemento público.
- Priorización do recurso hídrico para abastece-la poboación.

RISCO SÍSMICO

Nun terremoto, a liberación de enerxía en forma de ondas sísmicas, rara vez é a causa directa de mortos e feridos.

A maior parte das vítimas son o resultado de desprendementos de obxectos, derrubes parciais ou totais de estruturas, rotura de cristais e xanelas, caída de armarios, mobles ou outros obxectos, incendios orixinados por roturas de conduccións de gas e electricidade, e tamén por actos humanos marcados pola imprudencia e o pánico que se poden evitar facilmente estando ben informado e preparado.



Estes eventos son impredecibles polo que cumpre mante-la calma e seguir sinxelas medidas de autoprotección como:

- Resgárdese baixo estruturas que protexan de obxectos que podan desprenderse,
- Non saír do edificio se este é un lugar seguro.
- Non usa-lo ascensor
- Manterse apartado de xanelas, espellos, cadros e chemineas
- Apagar todo tipo de lume, e sobre todo non acender ningún tipo de chama (misto, chisqueiro, vela, etc.)
- Manterse informado
- Seguilas instrucións das Autoridades de Protección Civil

RISCOS TECNOLÓXICOS

Estes riscos van asociados ó desenvolto tecnolóxico e ó almacenamento e emprego de substancias perigosas ou potencialmente perigosas no caso de incendio, contaminación (por fugas ou vertidos) ou mesmo de explosión.

Dos posibles riscos, ó de incendio é o que ten maior probabilidade de producirse, complicado, se é o caso, polos produtos que utilizan ou que se encontran dentro da infraestrutura productiva.

No concello non existen industrias importantes.

TRANSPORTE DE MERCADORÍAS PERIGOSAS

O establecemento de risco baixo para este suposto determinase do tránsito por estrada de transportes de mercadorías perigosas que pode revestir unha relativa perigosidade e efectos colaterais. Os aprovisionamentos realízanse a gasolinera, abastecemento de establecementos e vivendas. As condicións meteorolóxicas desfavorables poden reforzar a intensidade e os efectos secundarios intrínsecos ó risco, aínda que o tipo de distribución de mercadorías perigosas e de tipo capilar; é dicir, a demanda dos usuarios e en pequenas cantidades.



Na totalidade destes incidentes non é preciso altera-la estrutura organizativa ordinaria ante situacións de emerxencia.

Nembargantes faise necesario activar os mecanismos que deriven funcións de dirección e coordinación en accidentes con produtos perigosos, que activen novos protocolos de actuación e que non colapsen os servicios ordinarios nunha situación de emerxencia de grandes dimensións.

As consecuencias dun incidente estarán en función da natureza da materia implicada, a cantidade, condicións de presión, temperatura, estanquidade, na vulnerabilidade do entorno e condicións meteorolóxicas que podan producir:

- Perda de vidas humanas.
- Afectacións en función do lugar do sinistro: perdas materiais, bloqueo de comunicacións na rede viaria, efectos colaterais.
- Danos no medio ambiente por contaminación, lume e toxicidade.
- Repercusións económicas directas ou indirectas por bloqueo de comunicacións ou paralización de actividades asociadas.

Como ferramentas de consulta empregaranse a información proporcionada pola Centro de Emergencia 112 Galicia, ademais doutras guías publicadas e relacionadas coas mercadorías perigosas.

INCENDIOS FORESTAIS

O risco establecido neste Pemu para os incendios forestais establececese como ALTO tanto polo Índice de Probabilidade (IP) como polo Índice de Gravidade (IG) que implica o alto risco para as persoas de zonas rurais con masas arbóreas na súa proximidade, núcleos de vivendas, infraestructuras asociadas a servicios básicos, centros escolares no rural ou interrupción de comunicacións viarias.

As zonas máis vulnerables por incendios son todo o Concello, en especial: Abelenda, Amiudal, Barroso, Cortegazas, Couso, Nieva.

Como medidas preventivas, podemos cita-las seguintes:



- Queimas controladas. Realizadas para o control de combustible vexetal levadas a cabo con criterios de idoneidade técnica.
- Débense realizar coa preceptiva autorización da Consellería de Medio Rural a través do SDCIF e contando cos medios de seguridade necesarios.
- Puntos de auga distribuídos polo Concello de Avión, especialmente naquelas zonas con maior índice de risco forestal ou con menor reserva de mananciais.
- Devasas naqueles lugares no que sexa preciso preservar algunha zona específica.

No Catálogo de Medios e Recursos relaciónanse os puntos de abastecemento dos Servicios de extinción de incendios.

As actuacións que corresponde ó Concello de Avión son:

- A organización local de apoio na loita contra incendios forestais, coa asignación das funcións que desenvolverán os distintos compoñentes dela, incluído o posible persoal voluntario do Concello de Avión, para funcións de apoio loxístico, recollida no PAM de incendios forestais e o PPDCIF de Avión
- Os procedementos operativos de organización en relación coa alarma sobre incendios, as actuacións previas á constitución do Posto de Mando Avanzado e as posteriores a estas, se fose o caso.

En tódolos casos é de aplicación o exposto no preceptivo PAM de Incendios

INCENDIOS URBANOS

Entran dentro desta consideración os que afectan a vivendas ou edificios con uso residencial, administrativo, ou locais en xeral localizados no termo municipal, así como empresas de pequena envergadura. Contemplase así mesmo a posibilidade de explosión ou deflagración as que van asociados estes riscos.

Como consecuencia directa hai perdas de bens materiais (edificios, infraestructuras civís e de servicios, perda de patrimonio histórico artístico), danos ó medio ambiente (por afectación directa a ecosistemas limítrofes e emisións de fumes ou gases tóxicos) e perda de vidas humanas, nalgúns casos.



Nos danos a persoas terase en conta a maior incidencia na mortalidade por intoxicación ou asfixia derivada dos gases tóxicos da combustión (monóxido de carbono fundamentalmente) ou a falta de osíxeno, mais que os danos pola calor ou pola acción directa polo lume.

Segundo datos estatísticos da NFPA son maiores os falecementos por inhalación de gases e aire quente que os producidos polas demais causas combinadas que se puideran dar nun incendio.

Os lugares onde se producen maior cantidade de incidentes que poderían clasificarse como incendios urbanos (conatos, incendios de orixe eléctrico, etc.) están relacionados cos puntos de maior concentración humana (nun hábitat disperso).

As zonas máis propensas ou onde xa ocorreron incidentes deste tipo son:

- Avión
- Abelenda

Como resultado débense mellora-las condicións de seguridade contra o incendio urbano ordinario nas edificacións e nas actividades destes, co fin de reduci-las posibilidades da súa iniciación, tratar de evitala perda de vidas humanas, de reducir as perdas materiais e de facilitar as operacións de extinción, así como as salvamento e socorro.

Como previsión:

- Extremaranse as medidas de prevención e control nos recintos ou edificios con grandes concentracións de persoas ou limitacións de accesos para intervencións externas.
- Considerárase a posibilidade de propagación do lume polo "efecto domino" sobre outros combustibles (instalación de gas, automóbiles estacionados exteriormente ou en sotos, aparcadoiros, etc.) e as fugas ou sustancias perigosas sen almacenamento declarado que puideran orixinar reaccións inmediatas ou diferidas (almacéns de establecementos comerciais de mediana ou gran superficie localizados no casco urbano).
- Farase cumprir de xeito especial as disposicións e recomendacións do Apéndice 2, da NBE CPI/96, no relativo a accesibilidade e entorno dos edificios,



tanto no planeamento urbanístico, como nas condicións de deseño e construción dos edificios, de xeito particular o entorno inmediato dos mesmos, os seus accesos, ocos nas fachadas e redes de subministro de auga, facilitando a intervención dos servizos de extinción de incendios.

- Establecese a necesidade de elaborar Plans de Autoprotección en certos edificios como centros escolares, locais comerciais, etc., co fin de establecer medidas de autoprotección mínimas para todos, ademais de cumprir-la lexislación vixente neste tema.
- Esixir a tódolos proxectos de obras de nova edificación, acondicionamento, reestructuración, cambio de uso e a todas aquelas actividades de nova implantación, as normas de seguridade mínimas, segundo a clasificación establecida para as obras de edificación.
- Mellorarase o acceso a diversos puntos do casco urbano onde se detectou problemas de accesibilidade dos medios técnicos de extinción.

OUTROS RISCOS INDUCIDOS POLO HOME

RISCOS ASOCIADOS A FESTAS E CONCENTRACIÓNS HUMANAS

Con carácter fixo celébranse no Concello acontecementos que congregan á poboación do Concello e a visitantes (feiras famosas). A maior partes destas concentracións teñen unha convocatoria anual e case puntual en cada mes, como xa se indicou no apartado de temporalización.

As consecuencias dun sinistro nun evento deste tipo dependerá principalmente da natureza do evento, da cantidade de persoas asistentes, do emprazamento (recinto pechado ou parcialmente aberto con control de entrada ou celebración no exterior sen control de aforo) e das circunstancias desencadeantes da emerxencia.

A materialización da siniestralidade nestes casos implican danos a persoas, fundamentalmente, feridos de diversas consideración, esmagamento, etc.

Tamén, son frecuentes os danos materiais ó mobiliario urbano afectación a patrimonio artístico e cultural e colateralmente xeración de residuos e danos ó medio ambiente (parques e alamedas).



Como circunstancias que elevan o risco nestes casos están o colapso circulatorio de determinadas zonas que impiden a resposta externa rápida a calquera emerxencia ou evacuación de feridos que se produza nese punto.

Para minimiza-la repercusión destes riscos deberase elaborar plans de emerxencia e/ou protocolos de actuación naqueles casos que pola natureza do evento se prevexan dificultades para atender con garantías a un número importante de afectados.

Estes plans de actuación puntuais implantarán como medidas preventivas:

- A canalización dos fluxos de persoas e automóviles establecendo zonas de aparcamento seguras, sinalizadas e fluídas para estes últimos.
- estudo das localizacións para os espectáculos, actividades, postos da feira, área pirotécnica, etc

Previsión de:

- Vías de evacuación e saídas de emerxencia.
- Medidas extraordinarias de seguridade, limpeza (dotación de servicios higiénicos públicos, servicio de recollida de lixo previa á celebración do evento, prohibición de vasos e recipientes de cristais no exterior dos locais, etc.), sanitarias, loxísticas e reforzos do persoal.
- A acotación de zonas perigosas ou restrinxidas.
- Establecemento do Organigrama do evento coa asignación de responsabilidades e funcións: Concellería con competencias en Seguridade Cidadá, Garda Civil, Protección Civil, Servicios Técnicos do Concello, etc.

Os requisitos previos ás actividades e/ou empresas que operen nestas festas ou actos deben pasar por:

- Solicitudes de participación e asignación de espacios
- Medidas de seguridade adoptadas • Seguros de Responsabilidade Civil
- Horarios, niveis de ruído, etc.



ACCIDENTES NA REDE VIARIA

Este é un problema moi complexo de resolver no termo municipal de Avión.

A principal vía e na que se produce unha maior cantidade de accidentes e, sen dúbida, a C-212.

A orixe dos accidentes é diverso e vai dende distraccións, irrupción de animais na estrada, saídas de vía ata colisións e atropelos.

Como medidas precautorias débese afondar na concienciación colectiva sobre este risco, acompañada de medidas disuasorias como o emprego de vallas ó redor de puntos conflictivo, emprego de cinemómetros, vixilancia policial, etc, ademais de melloras nas infraestructuras viarias que van desde:

- Ampliación da superficie da calzada
- Construcción de beirarrúas
- Creación de marxes de seguridade entre as beirarrúas e a calzada
- Mellora da iluminación nocturna e da sinalización.

3.- ESTRUCTURA, ORGANIZACIÓN E FUNCIÓNS

3.1. ESQUEMA XERAL DA ESTRUCTURA ORGANIZATIVA

A estrutura do PEMU-Avión enfocase como una estrutura ascendente, isto é, que aumentan os efectivos designados para actuar en función da magnitude da emerxencia.

Encádrase dentro do nivel operativo (Nivel 0) do PLATERGA "NIVEL 0: Local".


A primeira actuación, no caso de emerxencia, tanto no tempo de resposta como medios mobilizados correspóndelle ó Concello de Avión. O cambio ó Nivel 1 implica a transferencia da dirección ó nivel superior.



A estrutura do mando a nivel local do Concello de Avión, desenvolvidas no presente PEMUAvión inclúe as características propias do Concello de Avión, axustándose as súas propias peculiaridades e adopta o seguinte esquema xeral da estrutura organizativa:

ESTRUCTURA ORGANIZATIVA DO PEMU DE AVIÓN





CRITERIOS EMPREGADOS PARA A DISTRIBUCIÓN DO PERSOAL EN ACTUACIÓNS OPERATIVAS.

1. Os servicios, unidades, entidades ou particulares incluídos no PEMU de Avión que deban intervenir en cada emerxencia, realizarán as misións e actividades que se



correspondan coa especialización funcional que teñan atribuídas, polas súas normas constitutivas ou polas regulamentarias e estatutarias que sexan de aplicación, e que están recollidas no correspondente Anexo.

2. De xeito xeral as actuacións básicas de cada un dos servizos son:

A) Servizos contra incendios e salvamento: o ataque do sinistro, así como o rescate e salvamento das vítimas.

B) Servizos sanitarios: a adopción das medidas necesarias para asegurar a recepción, no lugar asignado da zona do sinistro, as vítimas rescatadas; a prestación de primeiros auxilios; a clasificación de feridos e o seu traslado a centros hospitalarios idóneos, e cantas medidas sexan necesarias de acordo coa situación que se atenda.

C) Servizos sociais: o socorro asistencial ós damnificados e o seu traslado a centros de albergue ocasional.

D) Servizos de seguridade: o pechamento da zona sinistrada; a ordenación da mesma en función das misións correspondentes a cada servizo; o control e ordenación de accesos e saídas; o mantemento da orde e da seguridade interior; a vixilancia e ordenación do tráfico nas vías de comunicación adxacentes para facilitar a accesibilidade dos medios de intervención e de socorro; a evacuación de persoas, de bens en perigo ou de vítimas.

E) Servizos técnicos: a aplicación das técnicas correspondentes para a mellor operatividade das accións e para a rehabilitación inmediata dos servizos públicos esenciais.

F) Entidades colaboradoras ou particulares: as actividades previstas no PEMU e as correspondentes á profesión dos particulares que se correspondan coas previsións do Plan.

3. Canto antecede entendese sen perxurio das tarefas que as autoridades competentes consideren necesario encomendar ós servizos, unidades, entidades ou particulares por o existir circunstancias extraordinarias.

4. Cada servizo, unidade, entidade ou conxunto de medios para fins determinados, de natureza pública ou privada, será responsábel da execución dos



cometidos que se lle asignan no presente PEMU, debendo incorporarse á acción no tempo e lugar que se determine nas correspondentes instrucións.

5. En todo caso, o persoal dos servicios, unidades, entidades ou os particulares incorporados, serán informados sobre as misións e tarefas que deberán asumir; e, así mesmo, serán formados sobre os procedementos adecuados para a realización das mesmas a través dos correspondentes exercicios e simulacros que con carácter anual se celebrarán.

6. Tódolos titulares de medios materiais externos ou persoas alleas ó Concello que sexan mobilizados para actuar nunha emerxencia, terán as compensacións indemnizadoras que lle corresponda.

7. A entidade maiormente implicada na consecución dos obxectivos deste PEMU é o **Grupo de Emerxencias Supramunicipal de Avión (GES Avión)** con 3 anos de efectividade

3.1.1. DIRECCIÓN

O Director do Plan (Mando Único) é o Alcalde Presidente deste Concello (Xefe Local de Protección Civil) ou persoa que o substitúa ou en que delegue.

O Director do Plan de Emerxencia Municipal do Concello de Avión nestes intres é *D. Antonio Montero Fernández*. O suplente, por delegación, é o 1º Tenente de Alcalde deste Concello, que nestes intres é D. Manuel Vázquez Raña.

O mando único permanecerá en relación directa cos organismos, centros e dependencias que podan facilitar información e asesoramento sobre a emerxencia en curso e manterá informado da evolución da mesma ó centro de coordinación operativa correspondente (Centro de Emerxencias 112 Galicia).



A instancias do Director do PEMU, poderase constituír, si se considera necesario en función da gravidade da emerxencia, un Comité de Dirección no que estará presente un representante de Administración Autónoma de Galicia

FUNCIÓNS:

- Declara-las situacións de emerxencia.
- Activar e aplicar formalmente o PEMU-Avión, determinando a estratexia xeral das operacións.
- Activa-la estrutura organizativa que o Comité Asesor e a Dirección Técnica do PEMU Avión determinen, así como os grupos de acción que se precisen en cada unha das situacións.
- Dirixir e coordina-lo PEMU-Avión.
- Determinar e coordina-la información á poboación.
- Garanti-lo enlace co Nivel 1 do PLATERGA ou no seu caso cos Plans Especiais ou Específicos previstos no PLATERGA.
- Establecer un Centro de Coordinación Operativo local (CECOPAL) e sistemas de comunicación.
- Garanti-la asistencia e atención ós damnificados, e promover as medidas de rehabilitación.
- Declara-lo fin da emerxencia e a volta á normalidade, coa conseguinte desmobilización de medios e recursos desprazados durante a emerxencia, unha vez cumpridos os seus obxectivos.

3.1.2. COMITÉ ASESOR

É o órgano que asesorará e colaborará coa Dirección do Plan de Emerxencia Municipal.

COMPOSICIÓN:

O Coordinador do Comité será o Secretario do Concello de Avión, Don Alejandro De Diego Gómez.

Que actuará en colaboración cos compoñentes da Xunta Local de Protección Civil.



FUNCIÓNS:

- Asesorar e colaborar coa Dirección do Plan no momento da activación.
- Propoñe-la elaboración doutros Plans de Actuación Municipais que se considere necesarios, de acordo coa normativa vixente e cos riscos do concello, ademais dos xa elaborados e que se inclúen como anexos. 6 Recollidas no artigo 10 do Decreto 56/2000, do 3 de marzo. (DOG n.º 62 do 29/03/2000).
- Emitir informes sobre os Plans elaborados e propoñer modificacións.
- Supervisa-lo desenvolvemento, implantación, revisión, realización de simulacros e actualización dos Plans.
- Promover e supervisa-lo cumprimento das medidas de prevención establecidas no PEMU-Avión.
- Promove-las campañas de formación e información cidadán, así como o adestramento daqueles sectores da poboación que se considere necesario, segundo a problemática do risco que lles afecte.
- Analizar e avalialo desenvolvemento do PEMU-Avión unha vez concluída a situación de emerxencia, e propoñer correccións necesarias nel.
- Promover e impulsalas medidas que considere necesarias no ámbito de Protección Civil.
- Informar e propoñe-las previsións económicas e de infraestrutura que sexan necesarias, para o desenvolvemento das súas competencias.

O Comité Asesor está formado por:

- * Alcalde
- * Concelleiro delegafo de Protección Civil
- * Xefe local de Sanidade
- * 1º Tenente de Alcalde
- * Asistente social do concello
- * Presidente da Asamblea local de GES Avión
- * Directores dos colexios e EIS do concello
- * Comandante do posto da Garda Civil
- * Xefe da área da Garda Civil
- * Xefe da agrupación de Voluntarios
- * Veterinario da oficina de Extensión Agraria



- * Representante de Protección Civil da Xunta de Galicia

3.1.3. XUNTA LOCAL DE PROTECCIÓN CIVIL.

A composición da Xunta Local de Protección Civil do Concello de Avión debe cumprir co disposto no artigo 11º, do Decreto 56/2000, do 3 de marzo (DOG n º 62 do 29/03/2000) pola que se regula a planificación, as medidas de coordinación e outras materias de protección civil.

A Xunta Local de Protección Civil do Concello de Avión foi constituída o 18 de marzo de 2001.

Está formada por:

- * Alcalde do Concello
- * Concelleiro Delegado de Protección Civil
- * Xefe Local de Sanidade
- * Asistente Social
- * Presidenta da Asemblea da GES Avión
- * Director do Colexio de Avión
- * Xefe da policía local de Avión
- * Xefe de Área da Garda Civil
- * Xefe da Agrupación de Voluntarios
- * Veterinario da Oficina de Extensión Agraria
- * Representante de Protección Civil da Xunta de Galicia

3.1.4. DIRECTOR TÉCNICO DA EMERXENCIA.

No primeiro momento da emerxencia o Director Técnico da mesma será o máximo responsable dos Bombeiros, da Policía Local ou da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil que chegue o lugar da emerxencia e posteriormente será o *Don Manuel Vázquez Raña* e encargado de Obras, asesorado polo Arquitecto Municipal, quen se faga cargo da dirección dos traballos.

O Director Técnico terá como funcións:



- Velar para que se dispoñan os medios e recursos solicitados polo CECOPAL, e que se cumpran as instrucións que emanan da Dirección do PEMU-Avión
- Coordinar tódolos medios e recursos que interveñen na emerxencia.
- Responsabilizarse do Posto de Mando Avanzado (PMA), no caso de establecerse.
- Avalia-los danos producidos, baseándose na información recibida dos grupos de acción, e previsión de riscos.

3.1.5. GRUPOS DE ACCIÓN.

Son os grupos encargados dos servizos operativos ordinarios na fase de emerxencia, que están deseñados para traballar coordinadamente baixo unha dirección única.

No PEMU-Avión forman parte os grupos de acción indicados a continuación:

- Grupo de Intervención
- Grupo Sanitario.
- Grupo de Transmisións.
- Grupo de Seguridade.
- Grupo Loxístico.
- Grupo de Rehabilitación de Servizos Públicos.

3.1.5.1. GRUPO DE INTERVENCIÓN.

Este grupo executará as medidas de intervención necesarias para reducir e controlalos efectos da emerxencia, actuando naqueles puntos nos que se dan circunstancias que requiran unha acción inmediata.



O Xefe deste grupo será o concelleiro responsable de Protección Civil *Don. Severino Fernández Rosendo*, que contará coa axuda do

Responsable da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil.

*Persoal do Concello

*Bombeiros de Garda do Parque de Ribadavia.

*GES de Ribadavia

*Persoal da AVPC de Avión

*persoal do GES de Avión

FUNCIÓNS:

- Valorar e informar ó Director do Plan ou ó Director Técnico da Emerxencia, en tempo real, da situación da emerxencia.
- Determinala área de intervención.
- Delimitar e acordoa-la zona de intervención.
- Controlar, reducir ou neutralizar os efectos do sinistro.
- Busca, rescate e salvamento de persoas e bens.
- Recoñecemento e avaliación de riscos asociados.
- Socorro de persoas sepultadas baixo ruínas, illadas ou desaparecidas.
- Impedi-lo colapso de estruturas.
- Aqueloutras que considere necesario o Director do PEMU

MEDIOS:

Os medios cos que conta este grupo son.

-Medios materiais:

© Material e equipos do Parque de Bombeiros den Ribadavia © Material e quipo das AVPCs de Avión.

-Outros equipos e materiais.

3.1.5.2.GRUPO SANITARIO:

O obxecto deste grupo é garanti-la actuación coordinada e eficaz de tódolos recursos sanitarios existentes no Concello ou que vindo de outros colaboren na Emerxencia.

O Xefe deste grupo serán o Médico do Centro de Saúde de Avión, D.



Óscar Rivera Rojo

E os membros que compoñen este grupo son:

- *os tres médicos que desenvolven a súa actividade nos centros médicos do concello
- *as dúas ATS/DUE do concello
- * O personal do GES do concello
- * Personal da AVPC con formación sanitaria

FUNCIÓNS:

- Asistencia sanitaria in situ.
- Traslado e evacuación sanitaria.
- Identificación de cadáveres, en colaboración cos servicios correspondentes.
- Control de brotes epidemiolóxicos
- Cobertura de necesidades farmacéuticas.
- Vixilancia e control da potabilidade da auga e hixiene dos alimentos.
- Colaborar co grupo de intervención, prestando primeiros auxilios ás persoas sepultadas baixo ruínas o illadas.
- Aqueloutras que considere necesario o Director do PEMU

MEDIOS:

-Medios materiais que mobilizan:

- Material e medios propios dos Centros de Saúde.
- Unidades medicalizadas de Urgencias Médicas 061 ③ Servicios de asistencia sanitaria dependentes do Sergas.
- Servicios hospitalarios dependentes do Sergas.
- Medios dependentes da Consellería de Sanidade

-Medios especiais:

- Material sanitario da AVPC.
- Ambulancia
- Botiquíns e mochilas.
- Férulas, collarins, fonendos e tensiómetros.
- Padiolas, fixas, despregables e de inmovilización.
- Material cirúrxico básico.



- Redes privadas de transporte sanitario.

3.1.5.3.GRUPO DE TRANSMISIÓNS:

A súa misión é proporcionar e garanti-la comunicación continua e ininterrompida en tempo real entre a Dirección do PEMU-Avión e o resto dos grupos de acción, co obxecto de coñecer e dispoñer de información sobre a situación exacta da emerxencia, así como da súa evolución.

O Xefe deste grupo será Dna. Ana M^a Cañizo Cerdeira.

E os membros que compoñen este grupo son:

- * Membros das AVPCs
- * Persoal de apoio do Concello

FUNCIÓNS:

- Proporcionar e operar os medios e sistemas de comunicación necesarios
- Manter as comunicacións entre ós diferentes grupos de acción,
- Director do PEMU, Director da Emerxencia e CECOPAL
- Proporcionar información rápida e fiable sobre o que está a acontecer
- Transmíti-las ordes e confirma-la súa recepción
- Aqueloutras que considere necesario o Director do PEMU

MEDIOS:

-Medios de Comunicación:

- Equipos de comunicación convencionais
- Telefonía móbil
- Equipos de megafonía
- Equipos móbiles e fixos, propios dos servicios integrantes do grupo, así como dos asignados ós diferentes grupos de acción.

-Medios Especiais:

- Equipos de radio trunking
- Equipos de radioaficionados
- Empresas privadas de comunicacións.
- Equipos cedidos ou arrendados



- Calquera outro de tipo persoal
- Membros das AVPCs
- Persoal de apoio do Concello

3.1.5.4.GRUPO DE SEGURIDADE:

A Policía Local de Avión e o GES de Avión intervirán nas emerxencias dentro do seu ámbito territorial.

A requirimento da autoridade competente ou da persoa que asuma o mando único das operacións, coordinarán as súas actuacións e as doutras Forzas e Corpos de Seguridade do Estado que participen no PEMU, de acordo co establecido nas directrices que para a intervención se dicten polos órganos competentes.

Este grupo é o responsable de garanti-la seguridade cidadán e a orde nas situacións de emerxencia producidas como consecuencia dos riscos previstos no PEMU-Avión. A composición, funcións e cometidos deste grupo atense a Lexislación vixente en materia Corpos e Forzas de Seguridade do Estado (CFSE)

O Coordinador deste grupo será o Encargado do GES de Avión. *Diego Borges*

E os membros que compoñen este grupo son os pertencentes a:

- * Membros da Policía Local de Avión.
- * Membros do corpo da Guarda Civil de Rivadavia e concellos limítrofes
- * Membros da Policía Nacional de Ribadavia.
- * Membros do Policía Autónoma de Ourense

FUNCIÓNS:

- Garanti-la seguridade cidadá.
- Ordenación do tráfico para a evacuación.
- Aseguramento e balizamento da zona de intervención.



- Control de accesos ás zonas de emerxencia.
- Facilita a evacuación urxente de persoas en perigo.
- Recoller información sobre o estado das estradas. • Sinalización dos tramos de estradas deterioradas.
- Establecer rutas alternativas para os itinerarios inhabilitados.
 - Membros da Garda Civil con destino nos concellos próximos a Avión.
 - Membros do Policía Autonómica de Ourense.
 - Mantemento de redes viarias en condicións expeditas para o uso durante unha emerxencia.
- Apoio ó grupo de intervención para rescate de persoas.
- Protección de bens e persoas e prevención de posibles actos delictuosos.
- Control de grupos "antisociais".
- Aquelas outras que lle solicite o Director do PEMU

MEDIOS:

Medios materiais que se mobilizan:

- Os propios destes Corpos

3.1.5.5.GRUPO LOXÍSTICO:

A súa misión consiste na provisión de equipamento, abastecementos e materiais necesarios para os diferentes grupos de acción, así como todo o relacionado coa área loxística.

O Xefe deste grupo é o asistente social *Dña. Sonia Nogueira Estévez*.

E os membros que compoñen este grupo son:

- * Persoal dos Servicios Sociais do Concello * Persoal das AVPCs.
- * Persoal de Cáritas.
- * Persoal Colaborador de Asociacións e Agrupacións veciñais de Avión

FUNCIÓNS:

- Recepción de solicitudes de axuda.
- Establece-los procedementos de evacuación.



- Habilitar locais susceptibles de albergar a poboación afectada.
- Resolve-los problemas de abastecemento de auga potable e alimentos.
- Establece-la zona de operacións e os centros de distribución que sexan necesarios.
- Organiza-los puntos de reunión de evacuados para o seu posterior traslado.
- Abastecemento de iluminación para traballos nocturnos.
- Proporcionar ós demais grupos de acción todo o apoio loxístico necesario, subministrándolles aqueles produtos ou equipos necesarios para poder levar a cabo o seu cometido.
- Proporcionar asistencia social ás persoas afectadas.
- Aqueloutras que considere necesario o Director do PEMU

MEDIOS:

-Medios Materiais:

- Medios propios do Concello
- Colexio público de Avión
- Centros de Albergue.
- Pavillón de deportes
- Igrexas e outros centros provisionais de albergue

-Medios Especiais:

- Recursos de infraestructuras existentes.
- Hostais, hoteis e casas rurais
- Medios privados de intendencia e albergue.
- Centros de Restauración colectiva.
- Empresas de Servicios privadas.
- Centros de alimentación.
- Transportes Públicos e Privados.

3.1.5.6. GRUPO DE REHABILITACIÓN DE SERVICIOS PÚBLICOS:

A súa misión consiste na rehabilitación dos servicios públicos esenciais, nun mínimo período de tempo, buscando ata a súa rehabilitación, solucións alternativas.



O Xefe deste grupo será o Concelleiro obras, que nestes intres é *Don Darío Vázquez Boullosa*.

E os membros que compoñen este grupo son:

- *Persoal da Brigada de Obras do Concello.
- *Persoal de Servicios Técnicos do Concello.
- *Persoal de Brigada de Prevención e Extinción de Incendios municipal
- * Persoal da empresa Iberdrola
- *Persoal da empresa Telefónica.

FUNCIÓNS:

- Avalia-las medidas necesarias para a rehabilitación dos servizos públicos.
- Restablece-los servizos públicos esenciais como son: auga, luz, teléfono, gas, combustibles.
- Proporcionar solucións alternativas de carácter temporal.
- Aqueloutras que considere necesario o director do PEMU

MEDIOS:

-Medios Materiais:

- Xeradores eléctricos
- Equipos de iluminación
- Maquinaria pesada
- Cisternas
- Medios de estradas da Deputación Provincial
- Medios Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes
- Medios Consellería de Medio Rural
- Medios Ministerio de Fomento
- Persoal da Brigada de Obras do Concello.
- Persoal de Servicios Técnicos do Concello.
- Persoal das empresas Eléctricas
- Persoal das empresas de Telefonía

-Medios Especiais:



- Empresas de servicios de auga, luz, teléfono, combustibles, gas, etc.
- Empresas privadas de construción e obras públicas.
- Equipos específicos das empresas subministradoras

3.1.6. SERVICIOS DE EMERXENCIA MUNICIPAIS

GES AVIÓN

O Concello de Avión conta con GES de Avión, subsede do GES Avión-Ribadavia
 BRIGADA DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS
 AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL
 PARQUE DE BOMBEIROS MANCOMUNIDADE DO RIBEIRO

3.1.7. INTERRELACIÓN CO NIVEL SUPERIOR.

A conexión entre o PEMU -Avión e o Nivel 1 do PLATERGA, garántese polo procedemento seguinte que é o interfase común entre ámbolos dous Plans. As condicións necesarias para o paso de Nivel local (Nivel 0) a un nivel superior son:

-Imposibilidade de actuar diante dun suceso a Nivel local por:

- Zona de planificación demasiado ampla.
- Insuficiencia de medios e recursos para actuar en dito nivel.
- Emerxencia non planificada no PEMU

-Emerxencia incluída dentro dun sistema de planificación especial. -Estar activados diante dunha mesma emerxencia diversos PEMU na mesma provincia.

Nestes casos, procédese á integración deste Plan Municipal no PLATERGA.

-Unha vez declarado o Nivel provincial e/ou autonómico de emerxencia, as actuacións son as seguintes:

- Director do PEMU-Aviión pasa a formar parte do Comité Asesor do Director do PLATERGA.



- Os distintos grupos de acción a Nivel municipal pasan a formar parte dos correspondentes grupos de acción do PLATERGA.
- CECOPAL pasa a integrarse no PLATERGA coma CECOPI

O paso dun Nivel 0 ó nivel superior (Nivel 1) farase, por orde do Director do PEMU, se é o caso, a través do representante de Administración Autonómica presente no Comité Asesor.

4.- PROCEDEMENTOS DE COORDINACIÓN OPERATIVA

A resposta ante unha situación de emerxencia recollida neste PEMU, estrutúrase en diferentes etapas que se activarán en función da gravidade da situación. Como norma xeral, estas son:

- Recepción da solicitude e categoría do incidente.
- Activación do Plan (PEMU ou PAM).
- Seguimento e análise da evolución do incidente ata a súa resolución, por parte dos organismos intervinientes.
- Coordinación e determinación das actuacións que deben levarse a cabo no caso de que o incidente supere os límites dun sector específico.
- Coordinación e supervisión diante sucesos de alta perigosidade, ben de carácter específico, ben de carácter global.
- Información á poboación.

4.1.CECOPAL

MISIÓN

A misión do Centro de Coordinación Operativo Municipal (CECOPAL) é proporcionar ós cidadáns un sistema permanente de atención no caso da activación do Plan de Emerxencias Municipal activando, de modo coordinado, a prestación de auxilio máis adecuada en cada caso a través dos Grupos Operativos.

FUNCIÓNS

As función encomendada a este Centro son:



- Dirección das emerxencias Municipais.
- Supervisión e coordinación das actuacións dos Grupos de Acción.
- Atención e despacho das chamadas relacionadas coa emerxencia Municipal.
- Aviso e información a poboación.

As emerxencias de Nivel 0 do concello de Avión serán coordinadas e xestionadas dende o CECOPAL (Centro de Coordinación Operativo Municipal), contando este cos medios e recursos que se indican neste documento.

O CECOPAL constitúese desta forma, no centro onde se realiza o seguimento do incidente e dende o que a dirección do PEMU-Avión da as ordes oportunas ós distintos mandos dos grupos de acción. É, polo tanto, o centro receptor da información facilitada polo Posto de Mando Avanzado (PMA), centro de toma de decisións e coordinador dos diferente grupos de acción.

O CECOPAL pertencente o PEMU-Avión aséntase na:

Rúa: Praza do Concello.nº1

Edificio: Concello

Andar: 2º

Local propiedade do Concello de Avión.

E conta cos seguintes medios de comunicación cotián:

- Teléfono/s: 988 486000
- Fax: 988 490705
- Correo electrónico: concello@concelloavión.org.

O CECOPAL do Concello de Avión seguindo o especificado no capítulo 4.- Coordinación Operativa e Medios de Comunicaci3ns do PLATERGA, est3 formado por:

CETRA: Centro de Transmisi3ns.

Dirixido por: Funcionario do Concello con funci3ns de atenci3n telef3nica. E operado por:

- Persoal administrativo do Concello con funci3ns de atenci3n telef3nica.
- Voluntario da AVPC
- Voluntario de Cruz Vermella



SACOP: Sala de Coordinación Operativa.

Coordinado por: Capataz do grupo de voluntarios de protección civil.

Está formado por:

- Representante da Garda Civil
- Representante da Policía Autonómica, se é o caso.
- Representante do Servicio de Obras do Concello.
- Representantes da AVPC
- Representante Cruz Vermella
- Representantes das empresas implicadas

CIN: Centro de Información.

Coordinado pola Presidenta da Asemblea Local da GES AVIÓN.

- Persoal Administrativo do Concello
- Persoal de GES AVIÓN

4.2 POSTO DE MANDO AVANZADO (PMA)

No caso de consideralo necesario, o Director Técnico da Emerxencia en coordinación co Director do PEMU, establecerá un Posto de Mando Avanzado (PMA), que actuará como prolongación do CECOPAL dende o que se coordinará e dirixirá as accións dos diferentes grupos de acción que interveñan na emerxencia.

Estará situado no lugar onde se produce a emerxencia ou punto máis preto dela.

DIRECCIÓN TÉCNICA DO POSTO DE MANDO AVANZADO (P.M.A.)

A creación e dirección técnica do PMA será asumida por lo Xefe do Grupo de Intervención, A persoa designada é *Don Manuel Vázquez Raña, TT de Alcalde.*

Ó producirse unha situación de emerxencia, nun primeiro momento, a dirección do posto de mando avanzado será asumida pola autoridade municipal que primeiro chegue ó lugar da emerxencia.



FUNCIÓNS:

- Executiva: encargándose de transforma-las directrices emanadas da dirección do PEMU-Avión en accións concretas que desenvolverán os grupos de acción.
- Coordinadora: encargándose de evita-la duplicidade das funcións desenvoltas de forma autónoma polos grupos de acción.
- Directiva: Como máximo representante da dirección do PEMUAvión na zona da emerxencia, será o responsable da seguridade das persoas e bens das mesmas e especialmente dos asignados ó PMA.
-

4.3. AUTORIDADES ÁS QUE É NECESARIO COMUNICA-LA EMERXENCIA

Será responsabilidade do director do PEMU-Avión informar ós órganos e autoridades que se indiquen en cada caso, determinando o modo e momento de levalo a cabo.

Como norma xeral informarase sempre O Centro de Emerxencias (112 Galicia) quen, a súa vez, informará as autoridades que se considere necesario en cada caso.

O Director do PEMU-Avión unha vez active o Plan, deberá de alertar o Nivel 1 do PLATERGA, así como a tódolos compoñentes do Comité Asesor, Xefes dos Grupos de Acción e calquera outra persoa implicada no Plan indicados neste documento empregando, se fose necesario, a Centro de Emerxencias (112 Galicia) para tal aviso.

4.4.MECANISMOS DE INFORMACIÓN Á POBOACIÓN

Unha vez analizada e avaliada a emerxencia, o Director do PEMUAvión.estimará a necesidade e modo de comunica-la situación á poboación afectada en particular e ó resto da poboación en xeral.

Os mecanismos a empregar baséanse nos medios de comunicación social habituais na zona, promovendo, se fose necesario para cumprir este obxectivo, protocolos,



convenios ou acordos co fin de garantir durante a situación de emerxencia unha boa difusión das mensaxes dirixidas á poboación de forma permanente.

Forma que deben cumprir as informacións:

As informacións a poboación e medios de comunicación en xeral, serán feitas unicamente polo Director do PEMU ou persoa que se designe (Director do CIN).

- Ningunha outra persoa estará autorizada para realizar esta función.
- As informacións proporcionadas serán sinxelas, contrastadas e realizadas ante o maior número de representantes de medios de comunicación. Preferiblemente o Director do PEMU fixará de antemán o horario de comparecencias públicas.
- No caso de ser varios os organismos intervinientes na Emerxencia empregárase, preferiblemente, a rolda de prensa e as informacións serán consensuadas con anterioridade.
- É necesario evita-la desinformación ou as informacións contradictorias que danarían gravemente a evolución da emerxencia, podendo producir incluso alarma social inxustificada ou situacións de pánico.

Os avisos á poboación serán:

- Exactas: Indicarán exactamente as medidas que se deben adoptar.
- Claras: Empregarán linguaxe sinxelo e claro, que todos comprendan.
- Concisas: Empregarán o mínimo de palabras.

E ademais:

-Só se realizarán avisos á poboación que esta realmente afectada, sen provocar alarmas neutros

-Empregaranse preferiblemente os medios locais de RADIO e TELEVISIÓN dispoñibles para estas comunicacións.

Si fose necesario empregáranse medios de radio e televisión públicos da Comunidade Autónoma Galega (Radio Galega, TVG, TVE Galicia). -Este Plan contempla, para casos puntuais ou zonas afectadas moi concretas, nas que por necesidade ou operatividade aconsellarán utilizalo e sempre a criterio do Director



do PEMU, o uso de sistemas de megafonía móbil ou vehículos dando consignas, sopesando en todo momento o impacto que xeraría estas formas de información.

Directorio telefónico específico:

Telemiño: Teléf: 988384556

Fax: 988384559

Cablevisión do Carballino: Teléf: 988275081

Fax: 988275081

TVG Orense: Teléf: 988374252

Fax: 988373709

TVEG-Ourense: Teléf: 988372577

Fax: 988372290

RTVG: Teléf: 981540940

Fax: 981540949

TVEG: Teléf: 981542000

Fax: 981542036

La Región (Ourense): Teléf: 988600110

Fax: 988256633

(Rivadavia): Teléf: 988472411

Fax: 988472411



5. OPERATIVIDADE

A operatividade constitúe un conxunto de procedementos previamente planificados e aprobados, que permiten a posta en marcha do PEMUAvión e asegura a consecución dos seus obxectivos nun caso de emerxencia.

Como regra xeral, o activarse ó Nivel 0 de Emerxencia, ponse en situación de Alerta ó Nivel seguinte (Nivel 1).

Se a situación é de Alerta no Nivel 0, alertarase ós integrantes do Plan co fin de que podan actuar axiña no Nivel 0 de actuación, cando se lles de a orde.

A activación da totalidade dos grupos de acción para unha situación de emerxencia recollida neste documento, dependerá do criterio do Director do PEMU e do Comité Asesor, e ditos grupos poderán ser activados parcialmente, en función da gravidade da emerxencia.

5.1. OPERATIVIDADE

A operatividade é garantida polo conxunto de procedementos previamente planificados e probados, reflectidos no Anexo A.9 deste documento, que permiten a posta en marcha do plan, e aseguran a consecución dos seus obxectivos.

A planificación dos procedementos do PEMU-Aviión contempla:

- Situación de alerta: Alerta 0 (cero).
- Nivel de actuación: Nivel 0.
- Procedemento operativo específico para cada risco
- Implantación do PEMU-Aviión

-As medidas adoptadas refírense a:

- Protección a poboación.
- Protección ós bens.
- Socorro e rescate.
- Intervencións na zona.
- Medidas reparadoras.



5.2. SITUACIÓN DE ALERTA

Unha alerta é o aumento de atención o vixilancia sobre un feito O Plan de Emerxencias Municipal -Avión iníciase cunha "situación de alerta", relativa a un risco recollido neste documento.

Desta situación informase ó Nivel 1 do PLATERGA para asegurar que no momento de producirse a emerxencia sempre se encontra un nivel superior en condicións de actuar, dado que están informados da situación.

5.3. ALERTA 0 (CERO)

Pasos a seguir na activación/desactivación do PEMU –Avión.

5.3.1 Detección, predicción ou aviso dunha situación que pode dar lugar a activación do PEMU-Avión. en relación cos riscos recollidos neste Plan tal como se indica no Anexo A.6 deste documento.

5. 3.2 Activación do Nivel 0 do PEMU- Avión.

1º) Fase de Alerta no Nivel 0.

- Informase ó Director do PEMU e séguense as súas indicacións.
- Faise un seguimento continuo da situación.

- Alértanse os Grupos de acción e persoal involucrado no Plan
- Alertase o Centro de Emerxencias (112 Galicia)

2º) Fase de Emerxencia no Nivel 0

- Actívase o PEMU e execútanse as accións previstas no Nivel 0 de emergencia

5.3. 3. Notifícase a alerta e/ou activación ó Nivel 1 do PLATERGA (dependendo da velocidade de desenrolo da emerxencia)

5.3.4. Infórmase da evolución da situación ó Nivel 1 do PLATERGA Unha vez rematada a emergencia.



5.3.5. Desactívase os Grupos e persoal interveniente.

5.3.6. Declarase o fin da Emerxencia que se comunica ó Nivel 1 do PLATERGA e ó 112 Galicia

5.4. EMERXENCIA DE NIVEL 0 (CERO)

Considérase unha emerxencia de Nivel 0, no PEMU-Avión a que abrangue exclusivamente ó territorio do Concello de Avión, e que corresponde ás situacións de riscos identificados no apartado 5.3.1. A emerxencia neste nivel pode ser controlada cos medios propios do Nivel 0 do PEMU-Avión.

A declaración do Nivel 0 correspóndelle ó Director do PEMU ou persoa en quen delegue.

Na activación do Nivel 0 de emerxencia e por orde do Director do PEMU:

- Actívanse ós grupos de acción, Comité Asesor e resto do persoal necesario, conforme ó indicado neste documento.
- Ponse en Situación de alerta ó Nivel 1 do Platerga
- Comunícaselle ó Centro de Emerxencias (112 Galicia) e Autoridades competentes na materia, a situación.
- Unha vez rematada a emerxencia declararase o fin desta, desactivándose o grupos operativos e comunicándolle-lo ó Centro de Emerxencias 112 Galicia.

5.4. INTEGRACIÓN E INTERFASE COS NIVEIS SUPERIORES

Unha vez se declare o Nivel 0 de Emerxencia ó Nivel 1 do PLATERGA, e no seu caso ó representante da Comunidade Autónoma no Comité de Dirección do PEMU ou no



Comité Asesor do PEMU, realizará funcións de seguimento e avaliación, garantindo, no seu caso, a prestación do apoio correspondente.

A integración do PEMU-Avión no PLATERGA, realizarase de acordo co previsto na NORMA BÁSICA DE PROTECCIÓN CIVIL, que no apartado K) das DIRECTRICES PARA A SÚA ELABORACIÓN, onde se establece a “Articulación dos plans dos distintos niveis territoriais con homoxeneidade de deseños, terminoloxía e contidos”.

Cando se trate dunha emerxencia prevista no PEMU-Avión e poda ser controlada cos medios do Concello de Avión, seguirase o procedemento indicado neste Plan.

Aínda así si o Director do PEMU o considera necesario, o representante da Comunidade Autónoma poderá realizar funcións de seguimento e asesoramento.

Cando a natureza, a extensión da emerxencia ou os recursos a mobilizar son tales que desbordan a capacidade de resposta do Concello, procédese a integración do PEMU -Avión no PLATERGA. Neste caso seguirase ó procedemento indicado no apartado 3.1.7 deste documento.

5.5. PROCEDEMENTOS OPERATIVOS

Unha alerta implica a detección ou notificacións dunha situación de emerxencia recollida no PEMU –Avión, e sirve de base ó seu director para a activación do Plan.

A alerta ten por obxecto inducir a un estado de maior atención e vixilancia sobre os feitos e circunstancias que a provocan, e pretende diminuír os tempos de resposta dos grupos de acción para que a intervención sexa o máis axiña posible.

A alerta predispón a dirección do Plan para a activación do mesmo e serve para avalia -lo suceso e as súas consecuencias dende o primeiro momento, e para face-las notificacións ós integrantes do Plan e a poboación afecta da se fose necesario.

Cando a emerxencia se presenta de forma repentina é importantísimo, para acadar a máxima operatividade, activa-lo PEMU-Avión de forma inmediata para que as intervencións dos diferentes grupos operativos de acción sexan tamén o máis axiña posible, tendentes a minimiza-los efectos.



Si a evolución da emerxencia non se axusta as primeiras prediccións, o PEMU-Avión, pódese activar total ou parcialmente, e a intervención dos diferentes grupos operativos de acción tamén pode ser total ou parcial.

O procedemento xeral de activación deste PEMU será:

1. Detección ou predicción dunha situación que pode dar lugar a activación do PEMU-Avión.

- Comunicación ó Director do PEMU, e seguindo as súas ordes, despois de valorar a situación:
- Constitución do CECOPAL
- Alerta ó Director Técnico da Emerxencia
- Convocatoria dos membros do Comité Asesor

2. Activación do Plan no Nivel 0 a través do CECOPAL.

1º) Alerta no Nivel 0

- Comunicación ós Xefes de Grupo Operativo e Comité Asesor
- Comunicación o Director Técnico da Emerxencia
- Información ó Centro de Emerxencias (112 Galicia)
- Información ó Delegado Provincial da Consellería con competencias en materia de Protección Civil.
- Determinación do punto de reunión e dos medios necesarios
- Convocatoria e información ós membros dos Grupos Operativos que se activen

2º) Activación Nivel 0 de emerxencia

- Envío de efectivos
- Valoración "in situ" da situación por parte do Director Técnico da Emerxencia
- Constitución do Posto de Mando Avanzado, se é o caso
- Información o Director do PEMU e Comité Asesor
- Primeiros traballos

3º) Ó darse á situación anterior ponse en Situación de alerta ó Nivel 0. O Director do PEMU avalía os resultados obtidos e determina se o Plan pasa a un nivel superior ou se resolve cos medios dispoñibles *No caso primeiro pásase o punto seguinte e no*



segundo desactivase o Plan e desmobilízanse os efectivos, unha vez rematados os traballos.

3. Notificación do suceso ó Nivel 1 do PLATERGA

- Se fose necesario e segundo os casos recollidos neste Plan, pasaríase o nivel superior.
- Comunicaselle ó Centro de Emerxencias 112 Galicia e ó Director do Nivel 1: Delegado Provincial da Consellería con competencias en materia de Protección Civil, que asumiría a dirección da emerxencia.

Dende ó Concello:

4. Manterase a información sobre a evolución do suceso ó Nivel 1 do PLATERGA

5. Resolverase a emerxencia e finalizaranse os traballos.

6. Unha vez rematada a emerxencia

- Desactívase os Grupos e persoal interviniente, incluídos os extraordinarios enviados polo Nivel 1
- Declárase o fin da Emerxencia que se comunica ó Centro de Emerxencias 112 Galicia e Medios de Comunicación social.

A composición e os procedementos específicos de actuación de cada grupo de acción, recóllense no anexo A.4 deste documento

5.6.1 MEDIDAS DE PROTECCIÓN E ACTUACIÓN

Considéranse como medidas de protección as accións que tenden a impedir ou diminuír os danos a persoas e bens materiais que puideran producirse, ou que se producen, en calquera tipo de emerxencia.

A definición das medidas e actuacións de socorro, considerando as situacións que representan unha ameaza para a vida poden agruparse en:



- Persoas desaparecidas. ○ Persoas sepultadas baixo ruínas ou illadas. ○ Persoas feridas ou contaminadas.
- Persoas enfermas debido ás condicións do medio ambiente e de hixiene.

As medidas a definir son, entre outras:

- Busca, rescate e salvamento.
- Primeiros auxilios.
- Evacuación (transporte).
- Clasificación, control e evacuación de afectados e asistencia sanitaria e social.
- Asistencia sanitaria primaria. ○ Albergue de emerxencia.
- Subministracións.

MEDIDAS OPERATIVAS

-Medidas de protección á poboación. Que comprende:

- Avisos a poboación afectada
- Evacuación
- Asistencia sanitaria
- Confinamento en lugares de seguridade, se é o caso
- Control de estradas e seguridade.
- Abastecemento (auga, alimentos, roupa).

-Medidas de protección dos bens • Prevención das consecuencias dos riscos.

- Prevención doutros riscos asociados.

-Medidas de socorro e rescate

- Busca, rescate e salvamento de persoas.
- Primeiros auxilios.
- Triaxe sanitario, se fose necesario
- Transporte sanitario.
- Albergue de emerxencia.

-Medidas de intervención:

- Accións tendentes a combater-los sucesos.



- Habilitación de accesos.
- Regulación do tráfico na zona da emerxencia.
- Seguridade na zona de intervención.

-Medidas reparadoras:

- Establecemento de sistemas alternativos de: electricidade, auga e comunicación.
- Restablecemento dos servizos públicos afectados.
- Accións específicas para a volta á normalidade.

5.6.2. PROCEDIMENTOS OPERATIVOS PARA A POBOACIÓN

As medidas de protección están dirixidas a salvaguardar as persoas estableceranse con carácter prioritario a través dos procedementos operativos que racionalmente se poidan utilizar, en función dos medios disponibles e que mellor se adecúen ás circunstancias de cada emerxencia (tipo, localización, extensión, etc.) recollidas neste PEMU.

Entre as máis importantes, ademais da propia intervención, están:

5.6.2.1. CONTROL DE ACCESOS.

Realizárase o control de accesos ás zonas sinistradas ou ameazadas, tanto de persoas como de vehículos, de xeito que non se entorpezan os traballos dos Grupos de Acción que interveñen na zona afectadas ou naquelas consideradas de risco potencial.

Será necesario, ou cando menos previsible, o control e reordenación do tráfico nas zonas adxacentes, co obxecto de facilitar a chegada de novos medios de apoio mentres se manteña a situación de emerxencia.

Con carácter xeral, este control faino a Policía Local, asignados o PEMU podendo encomendarse algunhas funcións a membros de agrupación de voluntarios de Protección Civil, como auxiliares dos axentes da autoridade.



5.6.2.2. AVISOS Á POBOACIÓN.

Nas distintas fases das emerxencias que se contemplan neste PEMU daranse os mensaxes a poboación polos seguintes sistemas:

- a) Avisos a través dos medios de comunicación municipal ou con cobertura no Concello (Telemiño, Cablevisión do Carballiño) ou outros, e Autonómicos (RTVG, TVE Galicia).
- b) Información a través doutros organismos e institucións (Centro de Emerxencias 112 Galicia).
- c) Avisos directos a través de megafonía móbil ou fixa dos compoñentes dos Grupos de Seguridade. Estes avisos realizaranse con precaución e solo nos casos en que non se poda utilizar outros medios ou que o risco sexa inminente.

5.6.3. MEDIDAS DE SOCORRO E RESCATE

5.6.3.1. ASISTENCIA DE VÍCTIMAS.

As prioridades da asistencia inmediata no lugar do suceso comprende:

- a. Busca e salvamento dos superviventes.
- b. Tratamento inicial dos feridos.
- c. Organización da evacuación ós Centros útiles de atención definitiva.

As prioridades da asistencia inmediata no lugar do suceso son:

- a. Impedir a difusión do suceso.
- b. Control do escenario inicial.



- c. Balizamento da área do suceso e control do mesmo
- d. Asistencia inicial ás vítimas.
- e. Establece-lo posto de mando recollida no PEMU.
- f. Establecemento de comunicacións internas dos grupos.
- g. Evacuación ordenada das vítimas.
- h. Identificar e neutralizar outros riscos engadidos ou colaterais.
- i. Optimiza-los procesos de actuación na área de traballo.
- j. Identifica-los afectados.
- k. Control dos afectados, estado no que se encontran e lugar ónde foron evacuados.
- l. Control e resolución do suceso.

5.6.3.2.ESTABLECEMENTO DA ÁREA DE AUXILIO

No caso en que o número de afectados feridos sexa elevado o Grupo Sanitario montará un dispositivo de triaxe e evacuación axeitada para o traslado de afectados ós Centros Asistenciais.

Este dispositivo incluirá:

- a.Establecemento do área de triaxe e de estabilización das vítimas:
 - Espacio físico seguro e próximo o lugar do sinistro.
 - Fácil acceso con ambulancias.
- b. Establecemento do Área de carga
- c. Determinación operativa para as evacuacións.
 - Control do transporte sanitario
 - Uso das etiquetas normalizadas.
- d. Establecemento dos sistemas de comunicacións interna do Grupo.
- e. Auxilio e traslado de vítimas.

5.6.3.4.RESCATE

O rescate é fundamental que sexa efectuado por persoal formado nestas técnicas para non agravar as súas lesións.



A primeira asistencia e estabilización do lesionado farase na área de socorro hasta a chegada de equipos especializados de evacuación.

5.6.3.5. NORMAS RELATIVAS ÓS FALECIDOS.

No caso en que algunha das emerxencias recollidas neste PEMU produciran vítimas mortais, os Grupos Operativos deste Plan actuaran da seguinte forma, para facilitar a labor policial:

O Grupo de Seguridade protexerá e balizará as áreas onde se atopen mortos ata a chegada da Autoridade Xudicial, non permitindo o paso a mais persoal que o estrictamente necesario.

Se as operacións obrigarán a retirar ou desprazar algúns dos restos, a posición dos mesmos deberá fotografarse dende catro ángulos diferentes, marcando o lugar exacto e dispoñendo sobre os restos unha etiqueta de identificación que faga referencia o punto onde se atoparon e de onde se fixeron ás fotografías.

Outro tanto debe facerse cos efectos persoais que se atopen nas proximidades.

O control destas operacións correrá a cargo da persoa con mais alta graduación dos Corpos de Seguridade presentes no sinistro.

Unha vez presentada a autoridade Xudicial farase entrega de tódolos datos, fotografías e pertenzas custodiadas no lugar do suceso.

Cando o determine a Autoridade Xudicial e unha vez etiquetados e rexistrados os restos dos falecidos, procederase á retirada e traslado ó Instituto Anatómico Forense que se indique.

Na recollida utilizaranse guantes desbotables e outros elementos de protección persoal que impidan a contaminación propia e a dos restos.



5.6.4 LUGARES DE REFUXIO OU ILLAMENTO

Ante os riscos de inundacións, incendios, ou situacións perigosas para a poboación, que ameacen a súa integridade física ou saúde, poderá dispoñerse o seu traslado a lugares de seguridade; Polideportivos, Colexios, Campos de fútbol nos que permanecerán ata que se restituían as condicións normais. Estes lugares disporán con mínimo de camas, duchas, cociña, etc.

Preferentemente os afectados manteranse nas súas casas, se se consideran seguras cumprindo normas apropiadas ou adoptando medidas específicas que se transmitiran no momento oportuno.

En calquera caso, manteríase un sistema de vixilancia que permitise o seguimento da evolución da súa situación e a prestación dos apoios que se necesiten.

Ver Anexo –XIII. LUGARES DE REFUXIO

5.6.5 EVACUACIÓN

A evacuación é a acción fundamental, como medida de protección eficaz antes de que se manifieste un risco potencial, ou ben para minora-las consecuencias a persoas despois de producirse unha catástrofe que lles afecte, en determinados casos.

A evacuación considerase como o traslado, logo de desaloxo, dun grupo de persoas a lugares considerados seguros, realizado dun xeito ordenado e controlado.

É imposible prever tódalas variantes que se po dan producir e, en consecuencia facer unha previsión detallada das circunstancias que se poden presentar, para ter solucións previamente dispostas.

Pero previamente o desenvolvemento desta acción, é necesario facer unha valoración baseada no coñecemento dos feitos que poidan desencadearse ou que xa se produciron e proceder despois a activación dos medios e recursos dispoñibles, na proporción que se coide adecuada.



Para o desenvolvemento da acción, se fose necesaria, habilitaranse unha ou máis vías para uso exclusivo dos medios que intervén na evacuación; disporanse os medios de transporte axeitados para persoas e en xeral de primeira necesidade, feridos, inválidos, etc., e designarase ó persoal encargado do movemento das persoas (Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil, Persoal Sanitario, Forzas de Seguridade do Estado, entre outros.)

Tamén poderá ser necesario dispoñer ou habilitar dependencias médicas e administrativas para o control das persoas que son desprazadas a outros lugares.

5.6.6 NORMAS RELATIVAS A EVACUACIÓN.

No Concello de Avión nunca foi necesario facer evacuacións. Aínda así non é desbotable que por causa dun accidente con mercadorías perigosas ou outra causa fixera falta facela.

No caso dunha emerxencia se o confinamento non é a alternativa máis segura, procederase a evacuar ás persoas afectadas.

A persoa encargada de coordinar a evacuación, parcial ou total, será o xefe do Grupo Loxístico e que contará co apoio dos Grupos de Seguridade e o apoio ó persoal das Agrupacións de Voluntarios que participan no PEMU.

A evacuación farase afastándose do incidente e sempre en contra do vento.

A comunicación será permanente entre os equipos co Xefe do Grupo Loxístico e o CECOPAL que informará das vías a seguir, saídas/entradas alternativas de vehículos asistenciais, medidas a ter en conta, etc.

No Punto de Encontro designado farase un control para verificar a integridade do grupo evacuado e farase un informe final ó CECOPAL e o Grupo de Seguridade que pasará a te-lo control da área evacuada.



5.6.7 PROTECCIÓN DE BENS

De modo simultáneo, se é posible, tomaranse as medidas protectoras de bens que poidan ser afectados pola catástrofe.

Evidentemente a primeira preocupación dirixirase á protección das persoas.

Trátase de rescatar ou salvagarda-los bens de maior valor ou importancia, tanto material como cultural:

- Bibliotecas.
- Arquivos.
- Outros bens de carácter público, histórico.

En todo caso como medida principal recomendase situar os obxectos e legados en lugares altos e protexidos.

Noutros casos, será necesario aplicar medidas protectoras a bens que non teñan un interese especial, pero que se deteriorenen poden ser orixe de novos riscos que contribúan a aumenta-los danos xa producidos.

Para a determinación de medidas reparadoras que sexa necesario aplicar en cada emerxencia, procederase, previamente, á valoración dos danos producidos ata ese momento e a previsión da evolución do suceso.

A valoración destes danos levarase a cabo por parte dos técnicos correspondentes dos distintos grupos operativos ou de acción intervinientes na emerxencia, que emitirán un informe ó director do PEMU, despois de recoñecemento da zona de operacións.

Nos informes reflectiranse os distintos danos producidos ou os que se puideran producir de continua-la emerxencia, especificando dunha banda, os danos humanos, e outra os bens materiais afectados.



A análise dos informes dos grupos de acción permitirá, ademais avalia -los outros riscos asociados. Esta valoración, determinará o nivel de gravidade, e polo tanto, fixará os medios necesarios.

Con esta valoración, tense en conta o principio de proporcionalidade entre a necesidade que se pretende atender e os medios que se consideran axeitados para iso.

5.6.8 DETERMINACIÓN DE MEDIDAS REPARADORAS

Da análise por parte do director do PEMU dos informes técnicos realizados polos distintos grupos de acción, determinaranse as medidas de enxeñería civil necesarias par facer fronte á rehabilitación dos servicios esenciais afectados, tales como: auga, electricidade, teléfonos, transporte, sanidade.

Outorgaráselle prioridade ós recursos de titularidade pública fronte ós de titularidade privada. Tódalas acción que se indican a continuación coordinaranse a través do CECOPAL. Os datos dos subministradores atópanse no Catálogo de Medios e Recursos do PEMU.

Os servicios e subministracións esenciais ou básicos a considerar son:

SUBMINISTRACIONES

- Auga
- Alimentos
- Enerxía
- Electricidade
- Combustible

SERVICIOS

- Salvamento
- Asistencia e albergue
- Sanitarios asistenciais
- Saneamento



INFORMACIÓN

Dada a interrelación existente entre algunha das subministracións e servicios é necesario establecer prioridades. A información a poboación é primordial.

SUBMINISTRACIÓN DE AUGA

As autoridades competentes, tanto municipais como da administración Autonómica, garantirán a subministración e potabilidade da auga para o seu consumo.

En caso necesario e si se ven seriamente danadas as infraestructuras de subministro do Concello, ben sexa por danos nas conduccións o pola contaminación da auga, procederase á subministración de auga potable mediante vehículos cisterna, ou outros diversos medios.

Subministraránselle á poboación por parte das autoridades sanitarias (Grupo Sanitario) aquelas normas de hixiénicas necesarias para evitalas enfermidades.

Se fose necesario pediríase a colaboración do Centro de Emerxencias 112 Galicia.

SUBMINISTRACIÓN DE ALIMENTOS

En situacións de emerxencia de curta duración, a interrupción da subministración de alimentos é difícil que se corte pero si a situación se prolonga pode supoñer un problema, polo que se procederá a avalíala situación, determinando a zona de poboación afectada, tendo en conta o número de persoas, idade, e outros parámetros.

Se fose necesario a AVPC (Agrupación de Voluntarios de Protección Civil) e o Grupo Loxístico sería a encargada de realizar estas tarefas.

SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA

No caso en que se danen as infraestructuras de subministro e ata que as operacións de reparación no rematen, procederase á utilización de xeradores, grupos electrógenos e calquera outro sistema que permita subministrar enerxía, sobre todo a centros sanitarios, equipos de rescate, albergues, centros operativos, etc.



As empresas subministradoras de fluído eléctrico e combustible e os servizos municipais encargaranse mediante os seus equipos técnicos de restablece-la normalidade.

Estes traballos serán coordinados polo Grupo de Rehabilitación e puntualmente proporcionarían xeradores para os puntos máis urxentes. (Catálogo de Medios e Recursos)

SERVICIOS DE SALVAMENTO

Os equipos de salvamento son os primeiros en aparecer na zona sinistrada xunto cos servizos sanitarios, contribuíndo á rehabilitación doutros servizos públicos esenciais afectados por sinistros.

Xeralmente, os integrantes destes equipos serán os membros das Unidades de Protección Civil, pola súa preparación e medios de que dispoñen.

Tamén se poderá contar con outras Forzas de Seguridade, e grupos especializados de montañismo, espeleosocorro, acuáticos da Garda Civil, ou outros específicos dependendo do ámbito de actuación, ademais dos xa existentes no Concello.

Se fose necesario, este grupos adicionais solicitaranse a través do Centro de Emerxencias 112 Galicia.

Se estes equipos fosen afectados pola catástrofe, tardaran en chegar á zona sinistrada ou fosen insuficientes polo tamaño da demanda, o Grupo de Intervención coordinaría coa Central de Emerxencias 112 o percorrido, punto de encontro e demanda de efectivos.

SERVICIO DE SANIDADE

Encargaranse os servizos sanitarios de asegurar, no dispoñible, a boa condición sanitaria das persoas, garantindo o abastecemento de medicinas, servizos mínimos e hixiene, e selección de afectados pola súa gravidade.



Este servicio encargarse de informar á dirección do plan sobre o uso da auga e medidas a tomar no caso de que estea contaminada, e outros alimentos de primeira necesidade.

SERVICIO DE ASISTENCIA E ALBERGUE

Nas emerxencias que poden supor a evacuación da poboación dos seus lugares de residencia, os servicios de asistencia do Concello, integradas no Grupo Loxístico, encargaranse de proporciona-los aloxamentos alternativos necesarios en hoteis, residencias, albergues, escolas, recintos deportivos, igrexas e naves industriais entre outros.

Esta situación de provisionalidade en lugares de emerxencia prolongarase o menos posible, e unha vez restablecida a normalidade pasarán ós seus domicilios.

A principal consigna é a de mante-los grupos familiares unidos.

SERVICIOS DE TRANSPORTE

Os servicios de transporte encargaranse de proporciona-los sistemas necesarios de locomoción e transporte, tanto para os afectados, utilizando vehículos de emerxencia, como para o transporte de materiais de socorro e abastecementos á poboación.

Terase presente:

- Mobilizar só os vehículos necesarios
- Elixir unha vía de entrada e outra de saída á zona de emerxencia
- Establecer unha vía de comunicación entre vehículos de transporte de feridos e centros de recepción.

En caso de graves dificultades de circulación determinaranse zonas de aterraxe de helicópteros. Como medios alternativos de transporte e tamén se contarán cos medios das empresas privadas de transporte por estrada que operan no Concello.



SERVICIOS DE COMUNICACIÓN E INFORMACIÓN

Estes servicios danados restableceranse coa maior brevidade posible polos servicios de avarías das respectivas empresas públicas e privadas ós que se lles prestará o máximo apoio desde a dirección do PEMU para cumpri-lo cometido o antes posible.

Na medida en que as circunstancias o permitan estableceranse sistemas de comunicación alternativos para a poboación a través da Rede Trunking da Xunta de Galicia ou das Redes de Comunicación de Radioaficionados, nun primeiro momento.



6.MANTEMENTO DA OPERATIVIDADE

Por mantemento da operatividade enténdese un conxunto de accións encamiñadas a garantir tanto que os procedementos de actuación previstos no PEMU-Avión sexan plenamente operativos, como a súa actualización e adecuación a modificacións futuras.

Para que este Plan sexa operativo considérase necesario que tanto o persoal que está involucrado nel como a poboación en xeral, exerciten unha serie de actitudes encamiñadas a minimiza-los riscos deste Concello.

Para conseguir isto planificarase e executarase de forma periódica, unha serie de exercicios e simulacros nos que se intentará que participen o maior número posible de persoas.

6.1.PROGRAMA DE FORMACIÓN DOS GRUPOS DE ACCIÓN

Co obxecto de manter a operatividade do Plan e o adestramento do persoal que intervén nel, é necesario facer unha serie de exercicios e simulacros repartidos o longo do ano.

O exercicio enténdese como unha actividade tendente a familiariza-los diferentes grupos de acción cos equipos específicos que deberían empregar no caso de activación do PEMU e diferénciase do simulacro en que neste trata de comproba-la eficacia do Plan no seu conxunto.

O Director do PEMU e o Comité Asesor, xunto co Director Técnico da emerxencia, aprobarán o Plan de formación e adestramento dos diferentes grupos intervinientes nel.

A programación para este ano recóllese no Anexo A.8 e como norma xeral tódolos grupos debe efectuar un exercicio de forma individual, unha vez ó ano.



6.2.PROGRAMA DE SIMULACROS

Un simulacro consiste na activación simulada do PEMU-Avión na súa totalidade, con obxecto de comprobar e avaliar o funcionamento do Plan, e ademais:

- O funcionamento e efectividade dos sistemas de avisos á poboación e transmisións.
- A rapidez de resposta dos grupos de acción e a aplicación das medidas de protección.
- O funcionamento (en condicións ficticias) dos grupos de acción e unha primeira avaliación da súa eficacia.

A preparación e desenvolvemento do simulacro constará dunha proposta detallada da situación de emerxencia e a realización dunha lista de comprobación co obxectivo da posterior avaliación dos resultados.

Nos simulacros que se realicen deberán participar tódolos grupos de acción e como norma xeral realizarase un ó ano, no que se procurará que participe a maior cantidade posible de persoas estean ou non relacionadas co PEMU

Os simulacros efectuaranse segundo a planificación que se recolle no Anexo A.VIII deste documento.

6.3.PROGRAMA DE INFORMACIÓN Á POBOACIÓN

As medidas de protección persoal (autoprotección) da poboación constitúen un complemento indispensable das medidas adoptadas por calquera plan.

Por esta razón, e co fin de familiarizarse con elas e facilita-la aplicación doutras medidas de protección máis amplas, é fundamental que a poboación afectada por riscos específicos teña un coñecemento suficiente do contido do PEMU-Avión e das actitudes que deben adoptar ante os avisos de emerxencia.

Con este fin levaranse a cabo, entre outras, as seguintes accións:



- Campañas de sensibilización entre a poboación en xeral e actitudes que deben adoptar no caso de aviso dunha emerxencia
- Folletos descriptivos das medidas de autoprotección.
- Charlas e conferencias sobre os obxectivos e medios do PEMU
 - Avión. Con especial atención no relativo a poboación
- Demostracións de accións de protección persoal.
- Participación en exercicios e simulacros
- Información cada vez que se produza unha activación do PEMU-Avión, sexa real ou simulada.

Será o Director do PEMU, xunto coa Xunta Local de Protección Civil quen executará as accións antes mencionadas ou outras que se aproben con cargo ós presupostos do Concello.

De acordo coa lexislación vixente o PEMU Avión será público e poderá ser consultado por calquera persoa física ou xurídica que o solicite, podéndose incluír dentro das campañas de divulgación e sensibilización a distribución resumida do contido do Plan.

O PEMU do Concello de Avión estará dispoñible para a súa consulta, como mínimo, nos seguintes lugares:

- Concello de Avión
- Páxina web do Concello (versión reducida)
- Páxina web da Central de Emerxencias 112 Galicia (versión reducida)
- Páxina web da Dirección Xeral de Protección Civil, da Xunta de Galicia

6.4.PROGRAMA DE REVISIÓN E ACTUALIZACIÓN DO PLAN

A revisión consiste no repaso ós riscos do Concello e das medidas para contrarrestalos efectos destes. Con periodicidade anual os medios propios do Nivel 0 serán actualizados polas autoridades municipais co fin de mante-la operatividade dos mesmos, actualizando o Catálogo de Medios e Recursos.



O persoal usuario destes medios será o responsable de realiza-la verificación operativa dos mesmos, facendo constar no rexistro de mantemento as comprobacións efectuadas e as incidencias que se presenten.

A Xunta Local de Protección Civil comunicarlle ó Director do PEMU Avión os cambios que se produzan e que teñan influencia sobre o Catálogo de Medios e Recursos de protección civil recollidos neste Plan e, ata ese momento, serán os propios Servicios Municipais os que fagan estas comprobacións.

Por outra banda acordarán as medidas necesarias para adecuar os medios e recursos dispoñibles as necesidades do Plan.

O rexistro, antes mencionado, figura no Anexo A.11 deste documento e cumprimentarase coa periodicidade coa que se faga a revisión. Será a Xunta Local de Protección Civil ou persoa que se designe, quen actualizará o documento PEMU con tódalas modificacións que se produzan e entregará copia actualizada do Documento a:

- Director do PEMU
- Director Técnico da Emerxencia
- Compoñentes do Comité Asesor
- Xefes dos grupos operativos
- Centro de Emerxencias (112 Galicia)
- Dirección Xeral da Xunta de Galicia con competencias en materia de Protección Civil.
- Compoñentes do CECOPAL
- Empresas de maior importancia no concello
- Calquera outra persoa implicada directa ou indirectamente no Plan



7.CATÁLOGO DE MEDIOS E RECURSOS

A magnitude e transcendencia dos valores que están en xogo en situacións de emerxencia esixe pór a disposición dos Servicios de Protección Civil os recursos humanos e materiais pertencentes a calquera das Administracións Públicas, organizacións, empresas, e mesmo de particulares, de acordo con artigo 30.4 da Constitución.

A relación e características destes elementos que poden facer falla para atender unha emerxencia determinada, recóllese no Catálogo de Medios e Recursos de Protección Civil do PEMU de Avión que a súa vez está integrado no Catálogo Autonómico e este a súa vez, no Catálogo Nacional.

A obrigatoriedade, modo de catalogación e contido do mesmo está regulado no Plan Territorial de Protección Civil de Galicia (PLATERGA), Capítulo IV, e refundido con outras disposicións no Decreto 56/2000, do 3 de marzo.

Con carácter xeral, para a utilización de medios ou recursos alleos ós do Concello seguiranse as seguintes pautas:

- a) Para a prevención e o control das situacións de emerxencia que se produzan no Concello de Avión, utilizaranse os medios públicos e, no seu caso, privados, que as circunstancias requiran en cada caso, segundo as previsións establecidas neste PEMU, que sexan de aplicación e, no seu defecto, os que se determinen polo órgano ou a autoridade competente en cada momento.
- b) Estableceranse convenios e acordos de utilización dos medios e recursos necesarios para as emerxencias en concreto cos titulares da propiedade onde se reflectirán os procedementos de mobilización e indemnizacións ou contraprestacións, se é o caso.



- c) O uso temporal de todo tipo de bens, así como a intervención e ocupación transitoria dos que sexan necesarios para actuar na emerxencia, levarase a cabo de conformidade co disposto na lexislación vixente na materia.
- d) A utilización dos recursos mobilizábeis en emerxencias comprende dende a prestación persoal á prestación dos medios materiais que se precisen.
- e) Para o emprego de bens privados terase en conta, en todo caso, o principio de proporcionalidade entre a necesidade que se pretende atender e o medio que se considere adecuado para iso.
- f) O emprego dos recursos aludidos farase, outorgando prioridade sempre ós dispoñíbeis no ámbito territorial afectado e así mesmo outorgarase prioridade ós recursos públicos respecto dos privados.
- g) No caso de non ter establecido convenio de colaboración co titular do recurso e que como consecuencia destas actuacións, estes sufran perxurios nos seus bens terán dereito a ser indemnizados de acordo co disposto nas leis.

7.1.DEFINICIÓN

O Catálogo de Medios e Recursos de Protección Civil son arquivos de datos descritivos, numéricos e gráficos onde se recolle a información relativa ós medios e recursos pertencentes as distintas Administracións Públicas, organizacións, agrupacións, asociacións, empresas e cidadáns, que se poden mobilizar para facer fronte as emerxencias municipais de Protección Civil, recollidas no PEMU.



Son MEDIOS, tódolos elementos humanos e materiais, de carácter esencialmente móbil, que se incorporan ós grupos de actuación fronte a emerxencias, para cumpri-las tarefas propias de Protección Civil.

Son RECURSOS, tódolos elementos naturais e artificiais, de carácter esencialmente estático, nos que a súa dispoñibilidade fai posible a mellora das tarefas desenroladas por Protección Civil fronte as emerxencias.

Os Catálogos de Medios e Recursos mobilizables fronte a emerxencias son instrumentos informativos o servizo de Protección Civil nos seus distintos niveis de intervención e tanto a súa estrutura como o seu contido poderase integrar en calquera Plan de ámbito superior.

O catálogo de medios e recursos deste Plan recóllese no Anexo V.

A actualización deste catálogo será a mesma que a do PEMU.

Por outra banda, co fin de que a información dispoñible sexa máis operativa, en función dos riscos deste Concello, é necesario incorporar un catálogo específico de medios e recursos a cada un dos manuais operativos de actuación referente ó risco concreto ó que se fai referencia no punto 5.3.1 deste documento.

Cada un destes manuais (incluído o catálogo correspondente) figura no Anexo A.9

7.2.PROCEDIMIENTO DE ACTUACIÓN PARA A CATALOGACIÓN

O procedemento que se describe a continuación foi utilizado para a realización do proceso de inventario e catalogación de medios e recursos deste Concello.

Este proceso, xunto co de actualización, permite que se vaian introducindo ó longo do tempo as modificacións que suxiran as Administracións Públicas interesadas para, a mellora do procedemento.

As tarefas desenvolvidas a nivel municipal foron:

a) A de CATALOGAR, que consiste en inventariar tódolos medios e recursos de propiedade ou titularidade do Concello de Avión e que podan ser utilizados no caso dunha emergencia recollida neste Plan.



b) A de IDENTIFICAR, que consiste en identifica-los medios e recursos que pertencendo ou estando baixo a responsabilidade doutro organismo, están situados fisicamente na demarcación territorial do Concello de Avión. Recolle, en todo caso, o procedemento de activación no caso en que fose necesario.

c) A de INTEGRAR, que consiste en empregar terminoloxía idéntica para cada un dos elementos catalogados co fin de que podan ser mobilizados por calquera nivel de Protección Civil cando as condicións da emerxencia o requiran

A) TAREFA DE CATALOGACIÓN.

No presente Plan inclúense medios e recursos:

- Do Concello de Avión.
- De empresas municipalizadas.
- De empresas públicas e privadas asentadas neste Concello
- De cidadáns privados residentes no Concello que, polas súas especiais características técnicas, podan colaborar en emerxencias.
- Doutras Administracións Públicas que se atopan no ámbito territorial do Concello de Avión

7.4.SISTEMA DE CODIFICACIÓN

Dada a heteroxeneidade dos Medios e Recursos de que se precisa dispoñer en situacións de emerxencia faise necesario establecer entre eles unha codificación que permita a súa rápida identificación.

Determinouse pola Comisión Nacional de Protección Civil como máis idónea unha codificación orgánica, asinando a cada Medio ou Recurso, un código numérico e agrupándoos en función do tipo de recurso e medio, a súa finalidade, os seus caracteres, etc.

O código utilizado consta de sete cifras e unha letra co seguinte significado:



- a) A primeira cifra indica o tipo de medio ou recurso.
- b) A segunda e terceira cifra sinalan a familia do medio ou recurso en base a súa finalidade.
- c) A cuarta, quinta e sexta cifra, identifican os medios e recursos de características semellantes.
- d) A última cifra, identifica o medio ou recurso dentro do grupo.



CATALOGACIÓN DE MEDIOS E RECURSOS

DESCRIPCIÓN DO CÓDIGO			
X	XX	XXX	X
TIPO DE RECURSOS	FAMILIA DO RECURSO	GRUPO	SUBGRUPO
1.- Medios humanos 2.- Medios materiais 3.- Recursos de infraestructura	Identifica o recurso pola súa finalidade	Corresponde ós elementos de semellantes características	Identifica o elemento dentro de grupo

Os datos recollidos no Anexo A.5 (Catálogo de Medios e Recursos) seguiron este procedemento co obxecto de incluílos no catálogo de Plans superiores.

7.5.DICCIONARIO DE TERMOS

Pode darse a posibilidade dunha incorrecta codificación polo feito de que medios ou recursos chámense de distinta forma polos diferentes responsables de catalogación ou que nunha mesma denominación desígnense diferentes cousas.

Por elo considerouse necesario complementa -lo listado de códigos cun diccionario dos termos utilizados na codificación, definindo estes dunha forma clara e concisa de forma que este quede inequívocamente determinado.

Este diccionario é o aprobado pola Comisión Nacional de Protección Civil e adoptado pola Comisión Galega de Protección Civil par tódolos Plans.

Dito diccionario de termos, normas específicas de catalogación e outras informacións relativas a este traballo están recollidas no Anexo X. Procedemento de Catalogación empregados.

7.6.CATALOGACIÓN E ACTUALIZACIÓN

A Xunta Local de Protección Civil será a que leve a cabo a catalogación e actualización dos medios e recursos do Concello de Avión ademais dos que se contemplan no presente PEMU-Aviión.



A Xunta Local de Protección Civil designará un Comité de Catalogación para a execución material e o seguimento puntual do Catálogo.

8.NOTIFICACIÓNS

Para acada-la adecuada operatividade en situacións de emerxencia no Concello de Avión, faise necesario que tódalas persoas relacionadas con este Plan, de forma directa ou indirecta, coñezan os termos, contidos e regulamentacións polas que se rexe este Plan.

Para conseguir isto, unha vez homologado pola Comisión Galega de Protección Civil, e seguindo as oportunas indicacións do Director do PEMU deste Concello, notificáraselle por escrito a tódalas persoas físicas ou xurídicas relacionadas, a súa inclusión no devandito Plan.



Así mesmo entregaráselle unha copia completa, e tódalas informacións que se consideren pertinentes ós integrantes principais deste Plan.

Por outra banda, e de forma paralela, convocarase unha reunión informativa na que o Director do PEMU aclarará as dúbidas que puideran xurdir na aplicación do Plan.

As modificacións, cambios de persoas designadas, cambio de datos e aqueloutras que se considere oportuno facer, incluíranse no Anexo XI. deste documento e constituirán a primeira modificación do PEMU-Avión coa que se inicia o rexistro de actualizacións do Plan.



9. ANEXOS

A.I.DIRECTORIO TELEFÓNICO

A.II.PLAN DE TRANSMISIONS

A.III.CARTOGRAFÍA

A.IV.MANUAIS OPERATIVOS DOS GRUPOS DE ACCIÓN

A.V.CATÁLOGO DE MEDIOS E RECURSOS

A.VI.DETERMINACIÓN DE RISCOS

A.VII.RISCOS IDENTIFICADOS NO CONCELLO

A.VIII.PROGRAMA DE EJERCICIOS E SIMULACROS

A.IX.MANUAIS ESPECÍFICOS DE USO PARA CADA UN DOS RISCOS

RECOLLIDOS NESTE PEMU E PLANS DE ACTUACIÓN MUNICIPAL

A.X.PROCEDEMENTOS DE CATALOGACIÓN EMPREGADOS

A. XI.NOTIFICACIÓN, MODIFICACIÓN E ACTUALIZACIÓN DO PLAN

A.XII. PLANS DE ACTUACIÓN MUNICIPAL

A. XIII.LUGARES DE REFUXIO NO CONCELLO

A.XIV.RELACIÓN DAS ENTIDADES DE POBOACIÓN

A.XV. PLAN DE ACTUACIÓN POR INCENDIOS FORESTAIS

A.XVI.PLAN DE ACTUACIÓN POLO RISCO SÍSMICO

